



**Facultade de Xeografía e Historia**

**O preito da capitalidade de Galicia nos procesos estatutarios:  
da II República á Lei de Sedes**

Alejandro Rodríguez Barbeito

Titor: Xosé M. Núñez Seixas

**Máster Interuniversitario en Historia Contemporánea**

Curso 2024-2025

## Resumo

Galicia viviu dous procesos constituíntes para a súa autonomía política: o Estatuto republicano de 1936 e o vixente, de 1981. Esas oportunidades abriron a porta a unha necesaria concreción, que non se deducía tan doadamente coma noutros territorios: a capitalidade. Preténdese abordar o tratamento que se lle deu á cuestión: dende os axentes políticos encargados da redacción estatutaria; os debates e discusións mantidos nos órganos representativos oficiais; mais tamén as reaccións municipais, mediáticas e populares que se xeraron nas dúas cidades que disputaban o título: A Coruña e Santiago de Compostela. Farase fincapé nos discursos e argumentos para determinar o que se mantén no tempo e o que non; que perfís os usan e con que intereses; que diferenzas e semellanzas entre lugares e cronoloxías se poden determinar. Entender, en definitiva, como unha cuestión en aparencia menor -e que moitas veces se omite ou relata como simple anécdota- deveu o punto máis polémico e crítico dos dous textos, mesmo ameazando a súa propia consecución; un preito que se resolveu oficialmente coa Lei de Sedes de 1982.

**Palabras chave:** Capitalidade, Estatuto de Autonomía, localismo, A Coruña, Santiago de Compostela.

## Resumen

Galicia vivió dos procesos constituyentes para su autonomía política: el Estatuto republicano de 1936 y el vigente, de 1981. Esas oportunidades abrieron la puerta a una necesaria concreción, que no se deducía tan fácilmente como en otros territorios: la capitalidad. Se pretende abordar el tratamiento que se le dio a la cuestión: desde los agentes políticos encargados de la redacción; los debates y discusiones mantenidos en los órganos representativos oficiales; pero también las reacciones municipales, mediáticas y populares de las dos ciudades que se disputaban el título: A Coruña y Santiago de Compostela. Se hará hincapié en los discursos y argumentos para determinar qué se mantiene en el tiempo y qué no; qué perfiles los usan y con qué intereses; que diferencias y semejanzas se pueden determinar entre lugares y cronologías. Entender, en definitiva, cómo una cuestión en apariencia menor se convirtió en el punto más polémico y crítico de los dos textos, amenazando incluso su propia consecución; un pleito que se resolvió oficialmente con la Ley de Sedes de 1982.

**Palabras clave:** Capitalidad, Estatuto de Autonomía, localismo, A Coruña, Santiago de Compostela.

## Abstract:

Galicia experienced two constituent processes to achieve political autonomy: the Republican Statute of 1936 and the current one from 1981. These opportunities led to a necessary clarification that was not as easily deduced as in other territories: the designation of the capital. This study aims to address how this issue was handled: from the political agents responsible for drafting the projects, the debates and discussions held in official representative institutions, to the municipal, media, and popular reactions of the two cities vying for the title: A Coruña and Santiago de Compostela. Emphasis will be placed on the discourses and arguments to determine what has persisted over time and what has not; which profiles used them and with what interests; and what differences and similarities can be identified between locations and chronologies. Ultimately, the goal is to understand how an apparently minor issue became the most controversial and critical point of both texts, even threatening their very realization; a dispute that was officially resolved with the Seat of Government Law of 1982.

**Key words:** Capital status, Statute of Autonomy, Localism, A Coruña, Santiago de Compostela.

## INDICE

|  |           |
|--|-----------|
| <b>1. Introducción.....</b>                                    | <b>5</b>  |
| <b>2. Estado da cuestión e metodoloxía.....</b>                | <b>6</b>  |
| <b>3. Antecedentes.....</b>                                    | <b>8</b>  |
| <b>4. Proceso estatutario da II República.....</b>             | <b>12</b> |
| 4.1. Proxectos e textos presentados.....                       | 14        |
| 4.1.1. Fase coruñesa.....                                      | 14        |
| 4.1.2. Fase compostelá.....                                    | 18        |
| 4.1.2.1. Asemblea Preparatoria e anteproxecto de Estatuto..... | 18        |
| 4.1.2.2. Emendas ao anteproxecto e texto final.....            | 21        |
| 4.2. Discusións e debates.....                                 | 25        |
| 4.2.1. Sesión do 17 de decembro.....                           | 27        |
| 4.2.2. Sesión do 18 de decembro.....                           | 27        |
| 4.2.3. Sesión do 19 de decembro.....                           | 29        |
| 4.3. Rol compostelán.....                                      | 30        |
| 4.3.1. 1931.....   | 30        |
| 4.3.2. Organización das asembleas.....                         | 33        |
| 4.3.3. 1933-1936.....  | 36        |
| 4.4. Reacción coruñesista.....                                 | 38        |
| 4.4.1. Actuación municipal.....                                | 38        |
| 4.4.1.1. 1932.....   | 40        |
| 4.4.1.2. 1933-1936.....  | 42        |
| 4.4.2. Opinión pública e mobilización.....                     | 45        |
| <b>5. O proceso estatutario da Transición.....</b>             | <b>52</b> |
| 5.1. Proceso de elaboración.....                               | 53        |
| 5.1.1. Estatuto dos dezaseis.....                              | 54        |
| 5.1.2. Estatuto da Asemblea de Parlamentarios.....             | 57        |
| 5.1.3. Tramitación en Cortes.....                              | 59        |
| 5.2. Reacción coruñesista.....                                 | 60        |
| 5.2.1. Actuación municipal.....                                | 60        |
| 5.2.2. Opinión pública e mobilización cidadá.....              | 66        |
| <b>6. Etapa autonómica: Lei de Sedes.....</b>                  | <b>70</b> |
| 6.1. Redacción.....  | 71        |
| 6.2. Discusión e aprobación.....                               | 76        |
| 6.3. Reacción coruñesista.....                                 | 82        |
| 6.3.1. Actuación municipal.....                                | 82        |
| 6.3.2. Opinión pública e mobilización cidadá.....              | 86        |
| <b>7. Conclusións.....</b>                                     | <b>89</b> |
| <b>Fontes bibliográficas e hemerográficas.....</b>             | <b>93</b> |
| <b>Fontes de arquivo.....</b>                                  | <b>96</b> |

## **ABREVIATURAS**

AHUS-AMS: Arquivo Histórico Universitario. Arquivo Municipal de Santiago.

AMC: Arquivo Municipal da Coruña.

AMPG-FMB: Arquivo do Museo do Pobo Galego. Fondo Manuel Beiras.

APG: Arquivo do Parlamento de Galicia.

BOCG: Boletín Oficial das Cortes Xerais.

BOPG: Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

BOXG: Boletín Oficial da Xunta de Galicia

DSPG: Diario de Sesións do Parlamento de Galicia.

IEGPS-EST: Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento. Fondo Estatuto.

LVG: La Voz de Galicia.

## 1. Introducción

A cuestión da capitalidade agromou de xeito máis ou menos evidente cada vez que se presentou unha oportunidade de artellar Galicia en tanto que unidade política autónoma. Partindo de que a capital non é só entendida coma o centro administrativo e/ou de poder -con tódolos intereses que carrea-, senón tamén coma o reflexo simbólico da identidade e síntese da comunidade política que compete, o que agochaba era tamén a propia concepción de Galicia. E é que o papel das cidades na construción de identidades adoita subestimarse cando estes centros eríxense como o celme da vida política da colectividade<sup>1</sup>.

Aínda que houbo momentos anteriores en que o tema se puña de manifesto -e que se comentarán-, este traballo centrarase nos que tiñan un carácter vinculante, é dicir, naqueles que contaban cun amparo legal e un carácter oficial como para que as propostas que se suscitasen ao redor do asunto tivesen unha oportunidade real de se materializaren. Isto é, consecuentemente, o proceso estatutario da II República e o da Transición, coa proxección, neste último caso, na Lei de Sedes de 1982. En ámbolos dous contextos, a dicotomía produciuse ao redor da opción da cidade da Coruña e de Santiago de Compostela, con cadanseus argumentos, símbolos e imaxinarios para decantarse por unha ou outra.

Malia que se adoita referir a isto de xeito espontáneo como algo superficial ou burocrático, o certo é que chegou a ser, se non o principal punto de desencontro, si un dos principais obstáculos habidos para a consecución dun proxecto político acordado polo conxunto de actores implicados. Polo que non é nin foi unha cuestión banal ou frívola e merece, pois, unha atención de seu, aínda que no relato do pasado ficase un tanto esquecida ou reducida a anécdota ou pé de páxina, supeditada ao propio contexto en que se inseriu, reducida a presenza que realmente tivo no seu momento: a imposibilidade de levalo a termo no primeiro caso, por mor do golpe de Estado de 1936; e o proceso accidentado e as múltiples idas e vindas que o Estatuto como tal experimentou na súa tramitación e aprobación durante a Transición.

Por isto, o obxectivo non é nada máis nin nada menos que aproximarse, reconstruír e pór en balanza as dinámicas que se xeraron e o alcance que tiveron, e farase isto a través dunha estruturación de contidos que se desenvolve e argumenta no seguinte punto. Preténdese, deste

---

<sup>1</sup> Ucelay-Da Cal, E. (2001): “Llegar a capital: Rango urbano, rivalidades interurbanas y la imaginación nacionalista en la España del siglo XX”, en Morales Moya, A. (coord.): *Las claves de la España del siglo XX, vol. 4: Ideologías y movimientos políticos*. Madrid: España Nuevo Milenio, p. 221. Fala este autor da mesma presenza do urbano no léxico concreto (“cívico”, “civil”, “burgués” ou “ciudadán”).

xeito, entender cales son as condicións que se deron para que un tema coma este xerese un movemento e división que non se deron con esa intensidade noutros puntos do Estado cando experimentaron os seus respectivos procesos autonómicos; mais tamén os ecos que aínda resoan hoxe, non do preito da capitalidade en si, senón o que revela e entraña este en canto á propia concepción de Galicia, a súa organización, vertebración e cohesión interna -tanto física como simbólica- da cidadanía e as elites políticas do país.

## 2. Estado da cuestión e metodoloxía

O certo é que non existen traballos concretos a respecto do tema da capitalidade de Galicia. As aportacións bibliográficas que serviron para un primeiro achegamento ao obxecto de estudo -e que aparecen referenciadas por completo nos pés de páxina e no apartado “Fontes bibliográficas e hemerográficas” correspóndense con obras chave da historia política galega, como pode ser a obra de Beramendi *De provincia a nación. Historia do galeguismo político* ou a conxunta deste autor con Núñez Seixas *-O Nacionalismo galego-*. En relación á cidade da Coruña, tanto para situar os antecedentes dunha identidade localista ao redor das elites políticas urbanas, e tamén as organizacións e nomes esenciais das mesmas, foron de gran proveito os traballos recollidos na edición do concello coruñés *El republicanismo coruñés en la historia*, así como o coordinado por Rodero e Grandío Seoane sobre a figura de Casares Quiroga.

En canto á historiografía cuxa temática de estudo fosen os procesos estatutarios botouse man da obra de Vilas Nogueira ou Alfonso Bozzo, ámbalas dúas dos anos 70, mais cun percorrido exhaustivo pola traxectoria autonomista. En relación con isto, moitas das fontes secundarias remitíanse aos dous procesos estatutantes, de relevancia neste caso pois se trata do escenario que dá pé ao preito da capitalidade. Neste senso, antes de acceder aos arquivos, recorreuse, coas precaucións debidas<sup>2</sup>, as dúas publicacións de Baldomero Cores Trasmonte sobre os dous textos estatutarios.

Para entender mellor os procesos burocráticos e legais en que se enmarcaron boa parte dos trámites que se describirán acúdiuse a bibliografía especializada do dereito constitucional

---

<sup>2</sup> Non se está tanto ante unha obra historiográfica senón do dereito, que non menciona a procedencia dos documentos que emprega -se ben, por exemplo no caso do estatuto republicano, explicaba que tiña no seu poder o arquivo de Rajoy Leloup-. Ademais, concretamente para o tema desta investigación, o autor adoptou dende un primeiro momento unha clara posición pro Compostela, manifestada na publicación do libro *La sociedad incompleta. el drama de la capitalidad de Galicia*, escrito antes da propia solución do preito, en 1981.

e autonómico, como a monografía de Fernández-Miranda *El Estado de las Autonomías y la consagración de la sede de las instituciones autonómicas. Significado y régimen jurídico*. Para encher eses baleiros e abordalos dende outra perspectiva resultaron de especial utilidade as memorias escritas polos protagonistas políticos que participaron dos acontecementos expostos, como poden ser as de José Luis Meilán Gil ou Manuel Reimóndez Portela, escritas ademais nos propios anos da Transición.

En xeral, o balance despois do baleirado desta bibliografía, que podería ser máis completa, é que o preito da capitalidade non apareceu, nin moito menos, coma obxecto de análise específico. Abórdase de xeito lateral, con notas ao pé ou en pequenos comentarios. De feito, a única obra consultada que contiña un capítulo de seu -se ben só de catro páxinas- sobre a cuestión é a obra de Bozzo.

En consecuencia, a base principal deste traballo representárona as fontes de arquivo. Intentouse estruturar a procura das mesmas en base á organización de contidos do traballo. Pretendíase dende o comezo enfocar o proceso republicano como o da transición seguindo os mesmos puntos, aínda que, evidentemente, as diverxencias no desenvolvemento de cada experiencia non permite un tratamento exacto. Estes puntos serían unha revisión dos textos que serviron como proxectos, así como as distintas fórmulas que se foron aprobando ou rectificando por parte dos órganos competentes en cada momento. Isto aportaría, primeiro, a idea de quen participa e quen non; con que intencións o fai ou non; que propoñen ou como se compara as redaccións propostas coas outras -anteriores e posteriores-.

Outro elemento conformaríanos os debates mantidos nestes espazos e organismos oficiais de discusión e elaboración dos proxectos; tanto dende unha perspectiva propiamente galega como local. Que discursos se dan, que din e quen os dá; como evolucionan, ou non, as posicións individuais ou partidistas; que diverxencias hai entre esa retórica a nivel local e a nivel galego ou que argumentos se repiten e cales non na República e na Transición. Por último, facerse eco da cobertura mediática para encher os baleiros que en ocasións as fontes oficiais e institucionais non cobren e que devían relevantes á hora de reconstruír as mobilizacións e iniciativas populares que suscitou o preito.

Deste xeito, recompilouse a documentación correspondente á tramitación dos Estatutos. No caso republicano, as actas das reunións das comisións e das asembleas, os proxectos e propostas previas extraéronse do arquivo do IEGPS, na práctica totalidade; e do FMB do Museo do Pobo Galego, sobre todo no relativo ao ano 33 e o Comité Central da Autonomía.

Para o segundo proceso, resultou indispensable dúas caixas do arquivo do Parlamento: unha sobre a redacción do Estatuto nos distintos grupos de traballo e as actas dos mesmos durante a Preautonomía; e outra, sen catalogar, que contiña todo o referido á redacción, elaboración e discusión da Lei de Sedes de 1982. No concreto do Estatuto vixente, empregáronse tamén os distintos boletíns oficiais autonómicos e estatais -da Xunta, do Parlamento, das Cortes,...- para facer un seguimento das modificacións e publicacións dos distintos modelos. Así mesmo, para o conxunto, procedeuse a unha consulta completa, pleno a pleno, das actas plenarias entre os anos 1931-1936 e 1977-1982 nos arquivos municipais da Coruña e Santiago.

En canto ao último punto, escolleuse baleirar a hemeroteca, nos anos referidos de *La Voz de Galicia*, a través dunha estratexia de busca de termos clave como *capitalidade* ou *sede*. A selección deste xornal obedeceu ao relativamente doado manexo dos seus fondos hemerográficos na rede, mais tendo consciencia dun claro punto de partida en canto ao nesgo ideolóxico e a liña editorial que comportaba esta fonte. Cómpre non esquecer que malia ser unha cabeceira rexional -que era o que se pretendía-, localízase na Coruña e sempre adoptou unha posición nada disimulada cara teses coruñesistas; por non dicir que o vencello directo da familia Fernández-Latorre con grupos políticos, como AP, cuxa cabeza de lista provincial, María Victoria Fernández España, era neta do fundador. Por iso, nun traballo cunha maior ambición habería de completarse con periódicos locais, nomeadamente composteláns. Dito isto, procurouse que a selección documental obedecese a cuestións de natureza máis aséptica, como a reprodución de comunicados de organizacións e individuos ou a comunicación e información de convocatoria de actos e mitins.

### **3. Antecedentes**

En Galicia, a diferenza do que sucede noutros lugares, o modo de asentamento no territorio non estivo tradicionalmente concentrado en vilas perfectamente definidas e separadas unhas das outras; a densidade de poboación é relativamente máis elevada porque se producira unha dispersión xeneralizada que deu lugar a unha especie de *continuum* en toda a rexión. En consecuencia, non xurdira un centro urbano preponderante, senón que ao século XX chegárase con sete “ciudades” que non acadaban á condición de metrópole ou grande urbe -A Coruña non superaba os 50.000 habitantes-, e que mesmo os seus límites eran difusos e se confundían coa

enorme influencia que o rural exercía<sup>3</sup>. No ano 1980, o sector primeira aínda se erguía como principal actividade económica e, do máximo demográfico histórico de 2.753.000 galegos de 1981 -no medio do preito pola capitalidade-, só 33% residía a tal hora nalgún deses sete núcleos<sup>4</sup>. En suma, non había unha Barcelona ou Madrid que se erguese, xa non so pragmática, senón simbólica e referencialmente como a capital no esquema galego.

Este fenómeno non pasou desapercibido. Xa Antolín Faraldo nos anos 40 do século XIX denunciaba que a causa dos males de Galicia era a distribución da poboación, con ningunha cidade de máis de 30.000 habitantes.

Galicia solo puede esperar su resurrección moral i política de la destrucción de su aislamiento social, creando una capital cuya población pudiera alcanzar á cien mil almas, que fuese la segunda Lisboa, ó la Barcelona del oceano: ella seria la base mas firme de la unidad nacional, i el centro del movimiento universal de la gran familia gallega.<sup>5</sup>

Nun senso parecido se expresaría Manuel Murguía medio século despois ao falar das bases estruturais do dominio caciquil e o centralismo alleos aos intereses de Galicia:

Permite y sostiene tan fatal predominio la falta de una ciudad más populosa que las que hoy contamos, la falta de grandes centros fabriles y los intereses que éstos engendran, sobre todo el descreimiento que llevó la política al corazón de la juventud.<sup>6</sup>

Deste xeito, se xustamente os provincialistas se concentraran ao redor dos círculos universitarios composteláns, a partir dos anos 60 os núcleos galeguistas vanse desprazando cara A Coruña, o mesmo que as cabeceiras de prensa, tamén cara Vigo, o que para Beramendi é unha mostra do propio devalo de Santiago entre as urbes e do carácter politicamente avanzado das elites coruñesas -cunha presenza relativa moito maior de empresarios- e dos galeguistas, vencellados á esquerda liberal<sup>7</sup>. A partir de entón, tanto o republicanismo e o galeguismo, que serían os impulsores do proceso estatutario republicano, ían desenvolverse principalmente - sobre todo o primeiro-, na Coruña.

---

<sup>3</sup> De feito, a tal hora a cidade con máis galegos era Bos Aires. (150.000 de primeira xeración). Recollido en Núñez Seixas, X. M.(2006): “Las paradojas de la cuestión gallega durante la Segunda República”, en Egidio León, A. (coord.) *Memoria de la Segunda República: mito y realidad*. Madrid: CIERE, p. 334.

Neste sentido Ucelay-Da Cal (2001), op. cit., p. 236 sinala o caso particular galego polo que os continxentes migratorios do campo non se dirixían ás concentracións urbanas de Galicia, senón a América.

<sup>4</sup> Blanco Valdés, R. (2021). “A construción política da autonomía galega” en Villares, Ramón: *Un balance da Galicia autonómica*. Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia, p. 20.

<sup>5</sup> *El Recreo Compostelano*, nº 24, 26-XII-1842.

<sup>6</sup> *La Patria Gallega*, 15-VI-1891, nº6, p. 3.

<sup>7</sup> Beramendi, J. (2007). *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Xerais, pp. 142-143.

E é que na Coruña xurdira no Sexenio o único grupo republicano forte, que constituiría unha excepción durante a Restauración ao teren sempre maioría na corporación, aínda que case nunca conseguiron ostentar a alcaldía. Con todo, fóra da urbe non tiña case relevancia, tamén polo carácter esencialmente coruñés que se forxaran moitos dos seus membros, como afirmara o médico Rodríguez: “para gran número de republicanos coruñeses, la labor republicana terminaba en el puente de Monelos”<sup>8</sup>. Isto creou unha identidade de seu asociada á propia cidade, que había influír no que se tratará neste traballo.

No caso do galeguismo, se ben non existiu un “monopolio” local, as principais accións e entidades rexionalistas entre o século XIX e XX xurdirían na cidade herculina, e, en épocas de atonía, serían a única permanencia destas correntes: a Liga Gallega da Coruña e a Cova Céltica ou a Real Academia Galega. No seo das propias Irmandades da Fala os coruñeses manterían unha actitude máis continuadora da facción liberal e progresista do galeguismo, o que levaría á escisión co resto do nacionalismo en 1922. Isto respondía precisamente a unha traxectoria de converxencia -con cadansúas diferenzas e reticencias- co republicanismo coruñés, que viña de lonxe e había de preconfigurar o ocorrido en 1931.

Xa en 1893, a decisión do Goberno central reformar a organización territorial do Exército coa eliminación da Capitanía Xeral da Coruña xerou unha intensa mobilización cidadá<sup>9</sup>. Os republicanos e rexionalistas coruñeses crean unha Junta de Defensa e fan chamamentos ao conxunto de Galicia para defender os intereses da cidade e da rexión, co que finalmente conseguen reverter a decisión, e que gardaría paralelismo co posterior preito da capitalidade. Tamén se intentaría en 1907 co movemento solidario, aínda que con resultados non tan propicios, se ben foron asentando precedentes de colaboración das incipientes redes casaristas e o galeguismo<sup>10</sup>. Sexa como for, cadraban nunha democratización descentralización política e transformación económica progresiva que os arrexuntou no obxectivo común que significaba a República e que se materializou na ORGA<sup>11</sup>.

---

<sup>8</sup> Cabo Villaverde, M. (2001): “Republicanism coruñés e agrarismo” en Concello da Coruña: *El republicanismo coruñés en la historia*. A Coruña: Concello da Coruña, p. 179.

<sup>9</sup> Houbo dimisión da corporación, peches de comercio, rebelións fiscais e un mítin de 20.000 persoas na praza de Touros o día 9 de xuño -case o mesmo día da gran manifestación pola capitalidade en 1982-.

<sup>10</sup> A propia fundación desta plataforma revela a complexidade do artellamento das identidades políticas galegas, pois tivo lugar en dúas datas diferentes e, precisamente, nas cidades da Coruña e Santiago. Sinalado por Grandío Seoane, E. (2011): “El casarismo: de la ORGA a Izquierda Republicana”, en Grandío Seoane, E. e Rodero, J. (coords.): *Santiago Casares Quiroga: la forja de un líder*. Madrid: Eneida, p. 72.

<sup>11</sup> Tanto é así que o concello coruñés sería o primeiro en reclamar do Goberno a autonomía integral para Galicia. En Ares Botana, Óscar (2001): “Santiago Casares Quiroga: Las claves del ascenso al poder local (1884-1829)”,

O único proxecto onde se expuxo -e resolveu- explicitamente, aínda que non de xeito definitivo, a cuestión da capitalidade antes de 1931 fora no *Proxecto de Constitución para o futuro Estado galego*, redactado polo Partido Republicano Federal en 1883 e aprobado en Lugo en 1887. Non tiña posibilidades reais de aplicación, mais non deixa de resultar proveitoso. O derradeiro artigo expuña:

Queda declarada interinamente capital do Estado a cidade da Coruña. O primeiro deber da Constituínte será resolver e decidir acerca deste extremo; quer declarando que a capitalidade residente e por vez nas capitais actuais provinciais, quer designando para o efecto un territorio neutral; quer, en fin, como mellor estime en xustiza.<sup>12</sup>

Nas actas de 1887 redáctase que “tamén se deixa á resolución desa Asemblea declarar cal será a capital do Estado, punto de máis doado acordo e que provisionalmente está resolto, considerando como capital a cidade da Coruña”<sup>13</sup>. De ser isto así, habería un consenso moito maior do que na República á Transición, cando a definición sobre o tema adíuse até o derradeiro intre. Nisto puido influír, precisamente, o carácter republicano da Coruña, en liña cos posicionamentos dos autores do texto. Cómpre non esquecer que a corrente republicana maioritaria na urbe correspondíase co pimargallianismo, aparecendo expoñentes deste como Moreno Barcia ou Casares Paz como redactores do proxecto<sup>14</sup>.

Pero, a pesar de todo, estes antecedentes non implicaban irremediabilmente que A Coruña fose considerada como capital por toda Galicia; pois non existía un poder galego autónomo e soberano como tal, do que derivasen unhas institucións propias; nin tampouco unha conciencia simbólica ao redor. Efectivamente, no imaxinario galego figuraba como *a* cidade porque era a única que daquela se podía achegar ao termo, mais non necesariamente estaba presente unha noción simbólica unánime de que isto se correspondese coa capitalidade de Galicia.

---

en Grandío Seoane, E. e Rodero, J. (coords.): *Santiago Casares Quiroga: la forja de un líder*. Madrid: Eneida, p. 54.

<sup>12</sup> Museo do Pobo Galego (2000): *Proxecto de Constitución para o futuro Estado galego*. Santiago de Compostela: MPG, p. 33.

<sup>13</sup> *Ibid.*, p. 38.

<sup>14</sup> Ares Botana, Óscar (2001), *op. cit.*, p. 27.

#### 4. O proceso estatutario da II República

A proclamación da II República supón a oportunidade de materializar as arelas de reconfiguración territorial do Estado español. As tendencias que pulaban por unha vía alternativa ao centralismo abranguían un amplo -que non completo- espectro do republicanismo, con referentes nacionais non sempre coincidentes e que, consecuentemente, manifestaban as súas diverxencias a respecto das implicacións deste proceso, que ben podía ir dende unha simple descentralización administrativa até un modelo federal ou mesmo posturas separatistas. Entre as forzas que se comprometeran en San Sebastián en 1930 atopábanse organizacións, nomeadamente as catalanistas, que expuñan claramente que a folla a seguir supuña abrir a cuestión da redefinición do modelo vixente. É así que nos primeiros días do novo réxime, Cataluña comeza a súa andaina cara un Estatuto de seu.

No caso galego, na coalición da Federación Republicana Galega que concorrera ás eleccións do 12 de abril, tiña unha forza preponderante a ORGA, que verdadeiramente permanecería coma o partido da República en Galicia<sup>15</sup>. Os resultados das mesmas permitíronlle controlar boa parte dos resortes do recién instaurado poder e a presenza do seu líder, Casares Quiroga, no aparello gobernativo central aumentaba a súa influencia e a axenda a seguir. Esta dualidade, a madrileña e a galega -e, máis concretamente, coruñesa- encaixaba ben coa adopción, inda que fose con maior ou menor convencemento, dun discurso autonomista como unha das distincións e puntos chave do seu programa. Ademais, cómpre non esquecer os efectivos nacionalistas que nesta primeira fase figuraban nas súas filas e que, loxicamente, contemplaban a cuestión territorial coma o eixo prioritario. No primeiro ano da República a andanza autonomista vén por parte deste sector, aproveitando, xustamente, a influencia e relativa autonomía que lles ficaba por estar o líder en Madrid. Esta fase inicial vén marcada pola inconcreción do marco legal dun sistema aínda en fase constituínte. As primeiras propostas, que se comentarán polo miúdo ao longo deste capítulo, acollen unhas aspiracións maiores -até federalistas- das que logo a Constitución de decembro de 1931 delimitaría como un Estado “integral” aberto á concesión de Estatutos de Autonomía. Isto reflíctese nas aportacións da Asemblea do 4 de xuño de 1931 na Coruña, da que sae un proxecto da FRG que se verá rebaixado por outro dos parlamentarios galegos nese mesmo outubro.

---

<sup>15</sup> Grandío Seoane, E. (2001): “O republicanismo coruñés na II República. O Poder local e urnas”, en Concello da Coruña, *op. cit.*, p. 138.

Porén, a inacción das autoridades que terían que impulsalo e as novas regras de xogo marcadas pola Carta Magna deixan o asunto detido. O artigo 12 especificaba tres condicións a cumprir para a consecución do Estatuto da rexión autónoma: a primeira, a iniciativa tiña que xurdir e ser apoiada polos propios concellos, tendo que representar a unha maioría de cando menos dous terzos do censo electoral; a segunda, unha vez cumprida a anterior, debía someterse a plebiscito popular ese texto, cun apoio afirmativo por parte de, novamente, dous terzos do censo, habendo de agardar cinco anos para retomar outra consulta se o resultado for negativo ou insuficiente; a terceira xa atinxía o Estado central, condicionando a aprobación das Cortes na adecuación constitucional do Estatuto ás competencias dos distintos poderes.

Deste xeito, en abril de 1932 o concello de Santiago de Compostela, acolléndose ao devandito artigo, iniciou unha campaña para alentar o resto de municipios a secundaren o pulo autonómico. En xullo de 1932 reúnense no Paraninfo da Universidade representantes políticos e institucionais, acordándose formar unha Comisión redactora que redacte un anteproxecto co obxectivo de que sexa presentado nunha Asemblea Rexional de Municipios. Esta ten lugar en tres xornadas consecutivas de decembro do mesmo ano na Facultade de Medicina, en que a maior parte dos delegados consensúan un proxecto definitivo. Créase daquela un Comité Central da Autonomía a fin de organizar un referendo de acordo ao segundo dos requirimentos.

Porén, nos trámites co Goberno axiña apareceron manifestacións inequívocas dunha actitude, se non contraria, polo menos indiferente ao proceso, nos sectores republicanos radicais e mesmo casaristas, con entrevistas e reunións necesarias que non se daban producido. O 27 de maio de 1933 a República publica o decreto que autoriza e delega no Comité Central todo o concernente á votación popular. Ao longo do verán, no seo do devandito organismo, esas tendencias pouco firmes dificultan a tarefa ante a falta de compromiso e tamén de financiación por parte dos concellos e institucións galegas. Tal é así que o panorama político que se vai debuxando na segunda metade do ano vai facendo callar o convencemento de que cumpriría agardar por se, mesmo no caso de que se conseguise levar a termo a consulta, o resultado fose adverso.

Tralas eleccións de novembro de 1933 e a mudanza no poder, a cuestión autonomista fica en suspenso. Así e todo, no propio período de rectificación, nomeadamente a partir de outubro de 1934, fóronse polarizando as posicións de tódalas forzas arredor da defensa mesma da República e as liberdades democráticas. Os nacionalismos precisaban das forzas verdadeiramente republicanas, e viceversa, polo que as reivindicacións dos primeiros

comezaron a ser asumidas, for por necesidade ou convicción, polas segundas coma elemento necesario para o asentamento e consolidación do réxime. A materialización deste fenómeno na Fronte Popular e a vitoria desta en febreiro de 1936 voltou relanzar o proceso autonómico galego a iniciativa, desta volta, do concello da Coruña, en abril. Ao mes seguinte reactivábase o Comité Central e conséguese a convocatoria do plebiscito para o día 28 de xuño, nunha breve campaña onde se implican, agora si, multitude de actores. Os resultados do escrutinio -que, como era común entón, non estaban exentos de manipulación e fraudes- amosaban unha participación do 75% e máis dun 99% de voto afirmativo. O paso que restaba era a tramitación en Cortes, que se produciu coa entrega do Estatuto ao Presidente da Cámara o 15 de xullo e ao xefe do Estado o 17, xusto cando o golpe militar se puña en marcha, frustrando así unha aplicación real do mesmo.

#### **4.1. Proxectos e textos presentados**

Tras este breve percorrido xeral sobre o proceso en que se centra a investigación, cómpre deterse nos documentos que foron marcando esa andaina e que, xa sexa polo seu tratamento ou a súa omisión, se erixiron como as bases sobre as que sacar ao debate a cuestión da capitalidade. E é que a indefinición e a ambigüidade van xogar un rol tan ou mesmo máis decisivo cas posturas explícitas á hora de elevar ese punto, en principio concreto e ordinario, ao máis polémico de todo o Estatuto.

Os que se expoñen aquí son os estudos e proxectos que foron recollidos -e, polo tanto, empregados- nas actas das asembleas e na prensa, cinguíndose unicamente ao referido á capitalidade de Galicia e/ou ao enclave das institucións de poder. Isto inclúe tanto os textos que serían aprobados como aqueles dos que se serviron os ponentes como base ou orientación para tal fin, así como as emendas, rectificacións e concesións que ficaron por escrito no proceso de elaboración do que acabaría sendo o texto final. Para facilitar o seu seguimento, dadas as numerosas iniciativas que se deron, dividíranse nas dúas fases separadas que propiciaron a xénese destas fontes: a Asemblea coruñesa de 1931 e as asembleas compostelás de 1932.

##### **4.1.1. A fase coruñesa**

Segundo as crónicas desta primeira Asemblea -dende logo, moito menos coñecida e determinante que a de decembro de 1932- e á propia síntese que se recollerá na Asemblea preparatoria de xullo de 1932, nesta reunión preséntanse até seis redaccións diferentes. Só hai

dúas que pertencen a unha organización política -a da FRG e Labor Galega de Pontevedra- mentres que o resto proceden de diversas institucións ou representacións sociais e culturais. Todas serían presentadas ao longo do mes de maio de 1931, no breve prazo que transcorreu dende a convocatoria aberta.

O Secretariado de Galicia en Madrid publica as súas *Bases para un proyecto de Estatuto gallego*<sup>16</sup>. Nos seis primeiros artigos artella Galicia en base aos concellos rurais, comarcas e as catro provincias, sen mencionar en ningún momento unha capital. No título sétimo define os órganos de poder: dúas cámaras lexislativas que formarían a Asemblea e un Consello da Rexión (arts. 21-24). Máis concretamente, no artigo 22 especifica que na primeira sesión da Asemblea “definiría los cargos y departamentos integrantes del Consejo del Jefe de la Región”, mais non se especifica nin o lugar de reunión para acometer tal fin.

Outro texto foi o *Proyecto de Bases* do Instituto de Estudios Gallegos<sup>17</sup>. Esta institución coruñesa de corte rexionalista fora promovida en 1918 por Manuel Casás Fernández ante a viraxe máis política das Irmandades da Fala, na mesma cidade. Foi precisamente el, a canda Fernando Martínez Morás -ámbolos dous, coruñeses- quen asinan este breve documento de tan só unha folla de 18 artigos. Así se entende que tampouco apareza un desenvolvemento exhaustivo da hipotética organización da Galicia autónoma. Si que se coincide na división provincial (art. 3), mais de novo non se declara unha capitalidade alén da que se presupón que emana da propia entidade territorial da provincia, xa existente. O artigo 6 consagra as funcións de Goberno de Galicia a unha “Diputación Regional Gallega”, sen máis especificación. Sen embargo, o que resulta máis interesante para o obxecto de estudo é o artigo 12, que di: “La organización judicial se establecerá a base de la Audiencia Territorial de Galicia, que será Supremo Tribunal (...)”. É a primeira mención, se ben non directa, que non deixa lugar a dúbidas, pois a Audiencia está radicada na urbe herculina.

De novo unha institución, neste caso santiaguesa<sup>18</sup>, presenta a súa proposta -a única que o fai en galego- de 41 artigos baixo o título *Anteproyecto de Estatuto da Galiza. Elaborado pola Sección de Ciencias Sociales, Jurídicas I-Económicas do Seminario de Estudos Galegos, para presentar na Asamblea galeguista da Cruña*<sup>19</sup>. Non difire no mantemento da base provincial

---

<sup>16</sup> IEGPS-EST, C-8/52/9.

<sup>17</sup> IEGPS-EST, C-8/50/98.

<sup>18</sup> Con participación na redacción de Manuel Lugrís Freire, coruñés galeguista que logo formará parte da Comisión redactora de 1932.

<sup>19</sup> Aínda que representen unha colectividade, ao igual ca no caso do IEG, aparecen como asinantes Paz Andrade, Lois Tobío, Carballo Calero e Vicente Risco.

(art. 4) e no Título II -“Dos poderes do Estado Galego”- consagra os depositarios da soberanía no “Corpo elitoral, a Asambreira e o Consello da Galiza”, ocupando os artigos 12 ao 16 unha exposición bastante polo miúdo da súa conformación, renovación, funcións, prazos e frecuencia de actividade, etc., pero nada se di do lugar onde todo isto se acomete.

Unhas aportacións máis modestas foron as feitas pola Asociación Profesional de Estudiantes de Derecho<sup>20</sup> e por Labor Galega de Pontevedra<sup>21</sup>. A primeira, simplemente se centraba nun relatorio de propostas para galeguizar o ensino universitario, polo que carece de relevancia no tema a tratar. Pola súa parte, a segunda non era tanto un proxecto de Estatuto senón máis ben un conxunto de ideas para a futura Constitución española no relativo ás relacións coas rexións autónomas, cun marcado corte federal.

En último lugar está o *Estatuto de Galicia. Proyecto de la Asamblea de La Coruña*, elaborado pola FRG -concretamente, pola ORGA coruñesa<sup>22</sup>-, e que foi o texto aprobado polo comentado peso da organización na escena política galega e na propia convocatoria da xuntanza. Trátase do máis extenso, e artella un poder legislativo unicameral (art. 13), cos seus respectivos períodos de reunión e funcionamento (art. 16) e como aspecto diferente establece unhas disposicións transitorias á hora da eventual provisionalidade. Por iso, no artigo 34 expón que unha vez entre en vigor o Estatuto os deputados galegos nas Cortes nomearán un Goberno provisional formado polo Presidente e catro membros -“uno por cada una de las cuatro provincias actuales”- ata que se constituía o primeiro Parlamento galego. Sen embargo, en ningunha das disquisicións e detalles se entra e ditaminar onde se vai constituír a Cámara ou reunir o Executivo.

Con todo, como xa se expuxo, o documento axiña ficou obsoleto segundo os debates nas Cortes Constituíntes ían despexando o panorama do futuro Estado. Esta razón explica que se considere necesaria unha rectificación do proxecto da FRG. Pouco trascende destes trámites; do que hai constancia polos comunicados na prensa é que os parlamentarios galegos reúnen a finais de setembro<sup>23</sup> e a comezos de outubro nomean unha ponencia<sup>24</sup> para redactar un

---

<sup>20</sup> LVG, 9-V-1931.

<sup>21</sup> IEGPS-EST, C-6/45.

<sup>22</sup> ANT, 1-IX-1931.

<sup>23</sup> LVG, 27-IX-1931.

<sup>24</sup> A composición da ponencia, segundo recolle Bozzo, A. (1976): *Los partidos políticos y la autonomía en Galicia, 1931-1936*. Madrid: Akal, p. 285; sería: Villar Ponte [presidente, da FRG]; Castela (nacionalista), García Becerra (radical socialista), Portela Valladares (independente), Martínez Risco (Acción Republicana), Recasens Siches (Derecha Liberal Republicana), Gómez Jiménez [vogais]; e Osorio-Tafall [secretario].

Estatuto que se presentaría nunha Asemblea na Coruña. O evento convócase para o día 25 e uns días antes aparece nos xornais o anteproxecto da ponencia, de 18 artigos e dúas disposicións transitorias<sup>25</sup>, sen que se referencie a capitalidade ou sede, nin sequera nas dúas engádegas finais en que se aborda a constitución dunha Asemblea provisional por parte dos parlamentarios. O que é rechamante deste proxecto é que o mesmo día que chegan os parlamentarios, publícase un novo texto onde si que aparece un único engadido ao anterior - que, en teoría, sería aprobado tal cal, pois a reunión pensábase máis ben coma unha cerimonia simbólica de entrega ao Concello-. Formúlase como “Artículo adicional” mais non incluído a canda os demais artigos, nin tampouco como unha nova disposición transitoria, senón como un único e derradeiro apéndice ao final, separado do resto do corpo, que di: “La Asamblea provisional, constituida por los actuales Diputados, se reunirá en La Coruña. Las primeras sesiones de la Asamblea definitiva serán también en La Coruña, y esta Asamblea designará la Capitalidad de la Región”<sup>26</sup>.

Atendendo soamente á plasmación escrita nos proxectos, pódense extraer algunhas consideracións de relevancia. A diferenza dos discursos públicos ou artigos de opinión, estas fontes responden, *a priori*, a unha xénese máis meditada, fría e desenvolvida. Porén, se temos en conta que a convocatoria da Asemblea de xuño se produciu a principios de maio, e que os distintos grupos comezaron a remitir ao público as súas propostas entre unha e dúas semanas despois, o certo é que o afondamento non podía ser moi exhaustivo -isto, sen ter en conta a propia indefinición constitucional-. Por iso, son textos breves, que non artellan polo miúdo o aparello administrativo autonómico, pero, ao mesmo tempo, esa premura obrigaba a plasmar o esencial, o máis relevante. Daquela, o que aparece constitúe realmente o que estaba considerado naquel momento prioritario.

Dos sete documentos analizados, en cinco non hai mención algunha. Non tería por que estrañar no caso da asociación estudantil, da Labor Galega -de Pontevedra- ou do Secretariado de Madrid, mais o feito de que non se manifeste o mínimo nin no SEG compostelán nin, sobre todo, ou na ORGA parece amosar que a tal hora a capitalidade non se esgrimía nin sequera como punto na axenda, máis se cabe cando este último proxecto foi o aprobado. Dito isto, tampouco se pode asegurar que esta actitude responda a unha indiferenza ou irrelevancia; e é

---

<sup>25</sup> LVG, 20-X-1931.

<sup>26</sup> LVG, 24-XI-1931.

que sempre que xorda esta polémica un dos argumentos que se empregarán é o da non necesidade de debater sobre unha realidade asumida. É dicir, non hai que tipificar algo que xa se dá por feito; ergo, a capital de Galicia é a cidade da Coruña. Con esta postura coruñesista se identificarían unha boa parte dos integrantes da FRG, a encargada de organizar e presidir a Asemblea.

Hai, polo tanto, dúas alusións, e só unha directa -a dos parlamentarios-. A segunda -do IEG-, non se refire á capitalidade senón á sé do poder xudicial, e faino sen mencionar, aínda que se sobreentenda, que é A Coruña -por non dicir que os redactores son coruñeses-. Tampouco semella isto vir por unha reivindicación localista como as que se producirán despois, senón da pouca concreción posible que naquel momento si se podía visualizar e defender: existía xa un entramado xudicial cunha sede, coruñesa, cuxo ámbito de actuación era a rexión. Pola contra, o legislativo e executivo supuñan, primeiro, algo máis indefinido ca un tribunal -non estaba claro o número de cámaras, a relación co Goberno, a propia denominación deste..-; e, segundo, eran dúas ramas creadas *ex novo* en Galicia, que carecían de base algunha, polo que se non se afondaba no seu propio funcionamento, tampouco había a necesidade de especificar a súa residencia.

Por último, que a única referencia explícita se incluíse no derradeiro intre na reunión de outubro, e non no propio proceso de redacción do texto da ponencia que fora publicado nun inicio, apoia a tese sostida. Que se engadise ao final só se explica por algo que sucedese nas discusións da Asemblea -da que non constan actas-, mais, como se verá ao longo do traballo, a esas alturas xa comezaba unha campaña na prensa que puña enriba da mesa a necesidade dunha maior contundencia ao respecto<sup>27</sup>. Con todo e con iso, que se aprobase sen obxeccións nin polémica algunha indica que non xeraba unha división ou polarización de posturas nos parlamentarios, sen dúbida se se compara con 1932, e que mesmo os deputados galeguistas accederon sen maior complicación á modificación do proxecto.

#### **4.1.2. A fase compostelá**

##### **4.1.2.1. Asemblea preparatoria e anteproxecto de Estatuto**

Unha vez o concelleiro Rajoy Leloup consegue a aquiescencia da Corporación municipal compostelá a finais de abril, créase en maio unha comisión organizadora que convoca unha Asemblea preparatoria previa á de municipios. Vai comprometendo asistencias

---

<sup>27</sup> Inda que isto puidese ser, como se verá, unha escusa para agochar unha posición anti autonomista.

para o acto, que ten como escenario o Paraninfo da Universidade, o día 3 de xullo. Tal e como consta na acta<sup>28</sup>, a reunión está presidida por unha Mesa formada por aclamación polos alcaldes das sete cidades -sendo Presidente Jaime Quintanilla-, máis un concello rural de cada provincia -Noia, O Carballiño, Lalín e Sarria- e Rajoy Leloup como secretario. Nesa breve xornada acórdase, por voto unánime de confianza, que a Comisión Municipal do Concello de Santiago sexa tamén a Organizadora, de Propaganda e Financiamento da seguinte Asemblea.

No Regulamento da Asemblea de Municipios<sup>29</sup> -recollido nun documento aparte incluído nesta acta pero publicado oficialmente o primeiro de novembro- redactado por Rajoy Leloup figuran estes puntos:

Artículo 1.

Los Ayuntamientos de Galicia, por iniciativa de Santiago, promueven la celebración de una Asamblea regional, cuyas reuniones tendrán lugar en dicha ciudad los días 17, 18 y 19 de Diciembre de 1932.

(...)

Artículo 4.

La Comisión de Organización, conforme a lo acordado en la Asamblea preparatoria celebrada el 3 de julio último, será la misma que designó el Excmo. Ayuntamiento de Santiago, y sus oficinas centrales seguirán instaladas en el Palacio Municipal de Compostela

Está asinado polos membros da Mesa da reunión, incluído o alcalde da Coruña, Manuel Iglesias Corral. Se ben é certo que estes artigos non prexulgaban ningún tipo de decisión posterior, non se recolleu ningunha oposición nin voz discordante que avogase polo liderado e emprazamento da iniciativa autonomista noutra cidade -e tampouco a prensa o fará-.

Polo que verdadeiramente sería transcendente a xuntanza, que en si non tiña orientación nin potestade deliberante, foi pola creación, sen discusión, dunha Comisión Redactora do anteproxecto de Estatuto. Este organismo integrábanos dez persoas e, atendendo á súa filiación política, hai un equilibrio entre os dous pulos do movemento, o PG e o PRG, que se traduce nun autonomismo moderado<sup>30</sup>. Se se ollas a súa procedencia ou desempeño profesional si que se observa unha inclinación cara a cidade de Santiago ou, alomenos, unha moito menor da Coruña, sobre todo en relación ao que foran até entón as iniciativas autonomistas<sup>31</sup>. Realmente,

---

<sup>28</sup> IEGPS-EST, C-1/13.

<sup>29</sup> IEGPS-EST, C-1/19/88.

<sup>30</sup> Beramendi, J. (2007): *op. cit.*, p. 950.

<sup>31</sup> A acta de Constitución da Comisión (IEGPS-EST, C-8/51/1) proporciona a listaxe:

- Presidente: Salvador Cabeza de León (Decano da Facultade de Dereito e presidente do SEG).
- Secretario: Enrique Rajoy Leloup (concelleiro compostelán e decano do Colexio de Abogados de Santiago).
- Vogais: Eladio Rodríguez González (presidente da Real Academia Galega), Manuel Lugo Freire (conselleiro do PRG), Manuel Iglesias Corral (alcalde da Coruña), Rodrigo Sanz López (presidente do Secretariado de Galicia en Madrid), Jacobo Arias Villar (enxeñeiro xefe do Servizo forestal da

as únicas persoas podían manter unha postura coruñesista eran Iglesias Corral e Eladio Rodríguez González<sup>32</sup>. Porén, cómpre teimar no feito de que este nesgo está feito dende o presente coñecendo o percorrido que distintas personalidades terían no preito da capitalidade, mais neste momento este criterio non significou nada á hora de elixir a composición do grupo.

A Comisión Redactora reúne ao longo dese verán no Pazo de Raxoi. As reunións presumiblemente foron semanais neses dous meses, mais ata nós só hai constancia dun borrador<sup>33</sup> en que xa aparece formulado o artigo da capitalidade tal e como ficaría publicado; unha acta de sesión dos días 31 de xullo<sup>34</sup>, que simplemente recolle as asistencias e ausencias; e unhas notas manuscritas dos encontros dos días 9, 10, 16, 17 e 24 do referido mes<sup>35</sup>. Por desgraza, os temas abordados nelas correspóndense coa primeira metade do articulado do Estatuto, correspondente sobre todo ás cuestións xerais, o idioma, o ensino ou as competencias. Cabe supor que a formulación do artigo 34 -o que inicialmente aludiu á cuestión- foi feita en agosto. Sexa como for, o anteproxecto publícase o 4 de setembro<sup>36</sup>; en canto ao poder político rexional, despositábo nunha Asemblea de Deputados e un Consello (art. 5) e, xa si, no derradeiro Título -o VI, de Réxime Transitorio- aparece a regulación desas primeiras institucións, e que serán a base sobre as que comece a discusión:

#### Artículo 32.

Dentro de quince días, a partir de la promulgación de este Estatuto, los Diputados de Galicia en las Cortes de la República acordarán y publicarán la convocatoria de una Asamblea de Delegados de los Ayuntamientos gallegos, que se habrá de celebrar en el plazo de un mes a contar desde la fecha de la misma (...) y convocará, en el plazo de un mes, elecciones generales para que sean designados los Diputados que habrán de consituir la primera Asamblea.

---

Deputación da Coruña), Alexandre Bóveda (secretario xeral do PG e contable da Facenda en Pontevedra), Avelino López Otero (secretario xeral do PRG), Santiago Montero Díaz (bibliotecario na Universidade compostelá).

<sup>32</sup> E nin sequera se pode aseverar de xeito rotundo por parte de Eladio Rodríguez. Pódese deducir que non estaba de acordo coa posición da Comisión Organizadora compostelá da Asemblea, mais tampouco coa actitude da opinión pública coruñesa. Non se ía pronunciar publicamente en favor dunha ou outra cidade, aínda que opinase que a capital debía ser A Coruña. Nunha carta a Enrique Rajoy, de 15-XII-1932, (IEGPS-EST, C-8/50/51), cando a polémica da capitalidade estaba no seu punto álxido, o primeiro escúsase nunha “disconformidade” para non asistir á Asemblea de Municipios:

“Bien sabe V., y bien saben todos, que yo he asistido con la mejor voluntad a las reuniones de la Ponencia; pero ahora, tal como se han desatado las pasiones y se han desaborchado las ambiciones y los egoísmos localistas -algunos de ellos, creo que prematura y excesivamente anticipados con pasquines y anuncios, olvidando que no por mucho madrugar amanece más temprano- me violentaba intervenir con mi presencia en actos públicos llamados a ser lamentable exteriorización de desavenencias, de enconos y de odios entre pueblos gallegos. (...) Por eso yo no podré prestar jamás mi cooperación representativa, ni siquiera personal, a lo que tienda a fomentar rencores entre ciudades que deieran ser hermanas por ser gallegas”.

<sup>33</sup> IEGPS-EST, C-2/24/1.

<sup>34</sup> IEGPS-EST, C-1/8/5.

<sup>35</sup> IEGPS-EST, C-1/11.

<sup>36</sup> IEGPS-EST, C-8/50/64.

#### Artículo 34.

Esta Asamblea establecerá su residencia en el lugar que ella misma designe y tendrá, como misión principal, la de desarrollar las normas con sujeción a las cuales ha de ser elegido el primer Presidente de Galicia, según lo que, con carácter general, previene el párrafo segundo del Artículo 7 del Estatuto, y elaborar, en el más breve plazo posible, las leyes orgánicas necesarias para la implantación del régimen de autonomía que el mismo Estatuto regula.

Supón un chanzo intermedio entre os proxectos presentados na Coruña -que obviaban a cuestión- e o proposto polos parlamentarios galegos o ano anterior, en que se designaba esa cidade como lugar da primeira reunión, intre en que tamén se decidiría a capitalidade rexional. Neste caso, evitouse tanto o termo “capitalidade” como “sé” e optouse por un máis neutro; “residencia”. No caso desta sesión constitutiva, a versión final simplemente indica que se ha de producir, mais non di onde; e, a diferenza do coruñés, como ámbolos dous supostos -residencia/capitalidade e primeira reunión- se deixan baleiros, non se poden inferir as posibilidades ou posición de vantaxe en que se situaban as distintas opcións de localización a respecto das outras. Mais, de novo, a falta de votos particulares na Comisión ao redor desta cuestión -sobre todo por parte de Iglesias Corral- suxire que o carácter totalmente neutro da redacción non obedeceu á vontade de adiar a decisión por temor, e que, por conseguinte, non se contemplaba como algo problemático ou a necesidade de debatelo máis a fondo.

#### **4.1.2.2. Emendas ao anteproxecto e texto final**

Unha vez publicado o anteproxecto da Comisión Redactora, ábrese un prazo de información pública durante todo setembro para presentar emendas ou aportacións<sup>37</sup>. Ficaron rexistradas documentalmente corenta e nove<sup>38</sup>, das que oito viñan motivadas ou contiñan referencias ao asunto da capitalidade. Destas nove, cinco modifican o artigo 34; unha, o 32; tres, o primeiro<sup>39</sup>; outra, o segundo<sup>40</sup>. Deseguido, amósanse en base a esa orde descendente:

- Emendas ao artigo 34<sup>41</sup>

---

<sup>37</sup> Dada a relativa afluencia de respostas, decidiuse aumentar un mes o prazo.

<sup>38</sup> A listaxe, en IEGPS-EST, C-8/50/117.

<sup>39</sup> “Galicia se organiza como rexión autónoma dentro del Estado español, con arreglo a la Constitución de la República y al presente Estatuto. Su territorio comprende el de las cuatro actuales provincias de La Coruña, Lugo, Orense y Pontevedra”.

<sup>40</sup> “Mediante los requisitos que las leyes generales establezcan, podrá agregarse al territorio de Galicia cualquier municipio o comarca limítrofe, de características históricas, culturales y económicas análogas”.

<sup>41</sup> IEGPS-EST, C-2/20/373.

As emendas nº 1 e 4, de Bernardo Bernárdez Romero -de Vigo- e Antonio Asorey Andaluz -estudiante de Dereito- propuñan a seguinte redacción: “Esta Asamblea establecerá su residencia en la Ciudad de Santiago de Compostela y tendrá como misión principal...”. Nun sentido parecido se expresa na emenda nº 23 Joaquín Ponza Juncal -Pontevedra-: “La Asamblea regional establecerá provisionalmente su residencia en Santiago de Compostela, fijando en su primera reunión la capitalidad de la Región, (...)”.

Na emenda nº 28, do Círculo Mercantil e Industrial de Vigo, exprésanse as reservas en canto a formulación do mesmo pola capitalidade de Galicia, “extremo que se soslaya en el Anteproyecto, hasta el punto de no señalar siquiera lugar donde habrá de reunirse la Asalmblea de Delegados (...). Se deja a la elección de la propia Asamblea; pero ¿dónde se reúne ésta para adoptar el acuerdo?”.

A nº 25, de Ulpiano Herrero Alonso e Luís Bernardo Domiguez -vigueses licenciados en Dereito-, avoga por suprimir do texto a frase: “establecerá su residencia en el lugar que ella misma designe”.

A Agrupación Radical Socialista da Coruña, na emenda nº 37, propón un texto alternativo en canto ao nomeamento directo do Presidente provisional, mais segue mantendo intacto o comezo: “Esta Asamblea establecerá su residencia en el lugar que ella misma designe”.

- Emendas ao artigo 32<sup>42</sup>

A emenda nº 8, do Partido Republicano Radical Socialista de Santiago sostén que logo do primeiro parágrafo, en referencia á convocatoria pola Asemblea de Delegados de eleccións para elixir a primeira Asemblea: “Asímismo someterá a plebiscito la designación de la ciudad que ha de ser capital de Galicia”.

- Emendas ao artigo 1<sup>043</sup>

A emenda nº 10 de Fuco G. Gómez -Guitiriz- modifica o articulado introducindo o seguinte parágrafo: “La residencia de su organismo representativo se fijará en una de las capitales que en ella existen actualmente o en cualquiera otra que a tal objeto se cree en Galicia”.

---

<sup>42</sup> IEGPS-EST, C-2/20/355.

<sup>43</sup> IEGPS-EST, C-2/20/1.

Rodrigo Álvarez Pardo -Ares- na emenda nº 22 pide que se engada: “La capitalidad de Galicia se fija en La Coruña”. Coa mesma inclinación se pronuncia José Rilo, en tanto que delegado do concello de Trasparga (Lugo) nunha emenda sen numerar onde recomenda que á última frase lle siga: “y su capitalidad la ciudad de La Coruña”.

- Emendas ao artigo 2º<sup>44</sup>

Na xa citada emenda nº 25 tamén se fai alusión a este artigo, pedíndolle que se conte con outro parágrafo: “La capitalidad de la Región radicaré en Santiago de Compostela”. Ademais, insiren un longo fundamento en que entenden que a cuestión non se especifique por se supón un obstáculo para a aprobación do Estatuto, mais consideran que é mellor determinar a capitalidade para non dar “al resto de España el triste espectáculo de una región que después de solicitar su Autonomía, no lograba hacerla efectiva por la lucha entre los intereses locales de unas y otras poblaciones”. A elección de Compostela baséana en tres argumentos: a historia, a posición xeográfica e -e este moito menos empregado do que o serán os dous primeiros- a non contenda entre A Coruña e Vigo como as dúas cidades de máis importancia de Galicia.

O ditame da Comisión redactora publícase o 1 de novembro<sup>45</sup>, repasando artigo a artigo as modificacións suxeridas. Polo tanto, xa fixa a súa posición sobre a capitalidade nas decisións nos comentarios a respecto do primeiro artigo:

Creemos que la cuestión no debe ser prejuzgada por nosotros en el proyecto que a la Asamblea hemos de presentar y que es Galicia quien, libre y democráticamente, debe elegirla. Por eso mantenemos nuestro criterio inicial de proponer una solución transitoria, reservando a la primera Asamblea constituyente de Galicia, elegida por sufragio directo y con mandato expreso para ello, la resolución de este punto en la forma que estime más conveniente.

Lo importante para Galicia es el régimen de Autonomía. La cuestión de la capitalidad es un asunto de orden interior, que puede interesar a localidades determinadas, no a la Región en general, y constituye uno de tantos problemas internos que no deben ir en el Estatuto, sino resolverse, una vez implantado el régimen, por la Administración legislativa mediante el procedimiento racional y democrático de una votación.

Deste xeito, nos comentarios aos artigos 2, 32 e 34 -que na nova versión do anteproxecto pasan ser o 34 e 36- remítese ao exposto en primeiro lugar, e esta tese será a que dende ese momento manteñan publicamente e oficial tódalas posicións agás a coruñesista ao

---

<sup>44</sup> IEGPS-EST, C-2/20/16.

<sup>45</sup> IEGPS, C-1/19/88.

longo do proceso estatutario. O único que mudan do, agora, artigo 36 en comparación co anteproxecto é que engaden que entre as funcións da primeira Asemblea estará a de “designar la capitalidad de Galicia”. Sobre este cambio simplemente comentan: “[a Asemblea] elegida con mandato, que ahora hacemos constar expresamente, para ello, decida este extremo. En tal sentido son, a nuestro juicio, inadmisibles las enms. 1, 4, 18, 23 y 28 que proponen que en el Estatuto se deje resuelta esta cuestión”.

Na presentación das emendas atópanse pautas singulares. Das cincuenta rexistradas, da cidade de Santiago hai seis e da Coruña, sete. Só dúas delas realizan emendas a respecto da capitalidade, e ámbalas dúas son de Santiago -os radicais socialistas pedindo un plebiscito e Antonio Asorey decantándose por esta cidade-. A única apelación coruñesa vén dos radicais socialistas ao artigo 32, mais por unha cuestión de funcionamento dos poderes, non pola súa ubicación. Ou sexa, non houbo particular nin agrupación política ou empresarial coruñesa que manifestase obxección a este respecto.

Evidentemente, é moi probable que a maioría dos cidadáns non estivesen ao corrente deste procedemento, malia que saíse na prensa, como tamén o é que moitas das forzas políticas e vivas da cidade -do mesmo xeito que ocorría no resto do país- amosasen indiferenza -cando non, oposición- ao Estatuto. En realidade, a cuestión autonómica, nun comezo, só interesaba a un sector minoritario da poboación<sup>46</sup>. Nas elites políticas republicanas tampouco espertaba cun gran entusiasmo, o que leva a, tal como o define Núñez Seixas, un dos moitos “paradoxos” deste contexto, que se moveu por minorías conscientes que aos poucos conseguiron unha relativa mobilización que non se correspondía coa súa base<sup>47</sup>.

Con todo, si que se recolleron emendas de círculos e asociacións de cidades como Vigo, Ourense ou Pontevedra, inda que nalgúns casos fose para amosar o seu desacordo. Na mesma liña, non se aprecia tampouco un patrón naquelas emendas que trataron o tema da capitalidade. A procedencia xeográfica -Trasparga, Vigo, Guitiriz, Ares, Pontevedra e Santiago- mesmo se se repite nalgún caso non parece ser determinante de nada. O único é que todas elas, agás dúas, proveñen de cidadáns particulares que en principio non representan máis intereses cos seus.

O interesante deste documento é que aparece asinado pola totalidade de membros da Comisión redactora -é dicir, tamén Manuel Iglesias Corral- e non só iso, senón que ao final faise constar un apartado de observacións onde se podían expresar reservas particulares. Deste

---

<sup>46</sup> Núñez Seixas, X. M. (2006), op. cit., p. 333.

<sup>47</sup> Ibid., pp. 361-363.

xeito, Sanz López e Montero Díaz manteñen os votos que formularan ao Anteprojecto e Montero Díaz engade outro ao artigo 10. Ninguén fai máis apreciacións, nun sentido ou noutro, ao respecto da capitalidade, o que denota que nesa altura -primeiro de novembro- existía unha postura unánime, mesmo a sabendas de que sería trasladada á opinión pública.

Esa despreocupación ou apatía contrasta coa emerxencia virulenta da polémica tan só dúas semanas despois desa sinatura por parte dos sectores coruñesistas, entre eles o propio alcalde. Será máis ou menos entón -logo do primeiro artigo de prensa o 17 de novembro en que se inicia o debate- que Iglesias Corral envíe unha carta a Rajoy Leloup datada o 24 de novembro<sup>48</sup> para que engada o voto particular de “no ha lugar a deliberar por cuanto la ciudad de La Coruña ostenta ya en la realidad esa condición de capitalidad (...)”, que se insire como “advertencia” ao final do articulado do proxecto.

## 4.2. Discusións e debates

O punto álxido do conflito deuse nas sesións da Asemblea de Municipios de Santiago, en decembro de 1932, sendo o tema protagonista desta. Con todo e con iso, xa na primeira fase, a cuestión agromara, se ben non con esa virulencia pola ausencia dun horizonte de actuación concreta e regramentada para aplicar calquera proxecto. Ese 4 de xuño de 1931, do que non se puido atopar referencia algunha a actas, o presidente da xuntanza, Antón Alonso Ríos -daquela inserido na ORGA-:

Expuso en adecuados términos que consideraba como un hecho el Estado gallego, después de la Asamblea memorable efectuada en La Coruña, ciudad cuyos títulos y cuya despierta sensibilidad la proclaman capital espiritual y eterna de Galicia. Fué largamente aplaudido el señor Alonso Ríos, aplausos que se repitieron cuando el alcalde de La Coruña señor Senra (o alcalde) le abrazó, declarando que en él abrazaba a todos los gallegos emigrados.<sup>49</sup>

Trátase da primeira manifestación sobre a capitalidade que se deu no proceso autonomista. Foi breve e sen máis implicacións, no marco dun discurso de protocolo na presentación, pois non se deliberou nin se decidía en ningunha das aportacións sobre este punto en concreto. En cambio, cando o alcalde de Santiago tomou a palabra “hizo algunos distinguos con referencia a la designación de la capitalidad gallega, de la que estima prematuro hablar,

---

<sup>48</sup> Aparecerá referenciada esta carta nese voto particular e nas discusións da Asemblea recollidas nas actas, mais non se conserva no arquivo.

<sup>49</sup> LVG, 6-VI-1931

aunque mostrándose seguro de que este punto ha de resolverse de modo armónico”. A pesar de que en outubro se entrega o novo proxecto co artigo adicional, non trascenderon as conversas que aí se deron<sup>50</sup>.

Habería que agardar a maio de 1932, cando a Comisión compostelá visita autoridades da Deputación e concello coruñeses. Somoza, concelleiro e presidente, expresa as súas reservas, reservándose de agardar a decisión das outras deputacións “sin que ello significase privar a la de La Coruña de la libertar de tomar, en su día, la decisión que le plazca”<sup>51</sup>. López Pol manifestou que a celebración da Asemblea non significaba que Santiago fose partidario dun modelo determinado. Deseguido, o concelleiro -igual que o fora Somoza- e vicepresidente da Deputación, Arturo Taracido, tildou de “inoportuna” a Asemblea, criticou a falta dun proxecto básico de Estatuto, e que cumpría coñecer o alcance e intencións verdadeiras do acto. O alcalde contestoulle que “Santiago persigue tan solo, sin reservas ni egoísmos localistas de ninguna clase, que Galicia obtenga un autonomía (...)”. Ninguén moveu o seu parecer e a reunión ficou en nada.

Como xa se expuxo, durante a redacción do anteproxecto, non aparece no seo da Comisión redactora ningunha desavinza. Será logo do pleno coruñés sobre a capitalidade -que se exporá no punto correspondente-, a comezos de decembro, que se reúna este órgano para estudar o voto particular de “no ha lugar a deliberar” do membro Iglesias Corral, alcalde da Coruña. Nos comunicados emitidos<sup>52</sup>, infórmase de que Lugrís Freire propuxo como medida de conciliación que a primeira Asemblea constituínte se celebrase na Coruña, mais non acadou maioría e Iglesias Corral mantivo o seu voto. Neste estado se chega á Asemblea de Municipios, os días 17, 18 e 19 de decembro no salón de actos da Facultade de Medicina<sup>53</sup>. Procederase a desenvolver, sesión a sesión, o transcurso deste debate. Farase tomando de referencia documental as dúas actas que se tomaron: a da secretaría da presidencia<sup>54</sup> e a do notario Manuel Batet Fontenla<sup>55</sup>. Complementarase, así mesmo, con comunicados e artigos das distintas

---

<sup>50</sup> En ningún dos traballos historiográficos do Estatuto, dende o de Vilas Nogueira (1977, pp. 158-163) ou o de Bozzo (1976, pp. 283-288) se recollen as discusións internas para redactar o texto cando se aborda esta Asemblea.

<sup>51</sup> LVG, 28-V-1932.

<sup>52</sup> LVG, 6-XII-1932.

<sup>53</sup> Nesas días previos houbo comunicacións de distintos concellos á organización da Asemblea. O de Miño, por exemplo, que tiña pensado delegar a súa representación no alcalde de Santiago, cambia o seu parecer ao saber do tema da capitalidade (IEGPS-EST, C-9/59/55); o de Ortigueira, anúncialles que o seu pleno acordara que a capital debía ser A Coruña (IEGPS-EST, C-9/57/7).

<sup>54</sup> IEGPS-EST, C-3/29.

<sup>55</sup> IEGPS-EST, C-8/50. Aparece asinada como “abogado del Ilustre Colegio de La Coruña, Archivero General de Protocolos de este distrito y vecino de la ciudad de Santiago”. Porén, a súa traxectoria estivera vencellada ás iniciativas galeguistas coruñesas.

formacións políticas a respecto da Asemblea, que se citarán a pé de páxina cando cumpra.

#### **4.2.1. Sesión do 17 de decembro<sup>56</sup>**

Fala o alcalde de Santiago dándolles a benvida aos assembleístas: “Santiago, como una vieja de cariño y amor, quiere, en estos momentos solemnes extender los brazos a todos los hijos de Galicia”, o que xa amosa o ambiente e intencións co sque se inauguraba o acto. Así, Germán Vidal, alcalde de Noia, en representación dos alcaldes de Galicia na Mesa, proclama que “venimos aquí a cobijarnos bajo este ambiente de serenidad, bajo el cariño que ofrece y odrecerá siempre esta gloriosa ciudad de Compostela. Para discutir, también, con toda serenidad, procurando llevar como norma el intensísimo amor que profesamos a nuestra tierra”. No mesmo senso abre a intervención o presidente Osorio-Tafall: “por encima de las discrepancias, por encima de las querellas, más allá de las diferencias (...)”.

Porén, axiña xorde esa tensión que se viña xestando. Na apertura de quendas da discusión á totalidade intervén de primeiro Iglesias Corral. Manifesta o carácter fundamente autonomista da cidade da Coruña e que en ningún momento pensou “abstenerse de concurrir”. Acusa a Rajoy de atribuírlle palabras que non pronunciou ao pór entre comiñas no voto particular plasmado no ditame do texto, como se as tivese escrito na carta que lle enviara. Daquela, procede a explicar que quería dicir con ese voto, pedindo que desapareza o artigo 36 e se tome en conta o artigo adicional do proxecto de parlamentarios de 1931, que non se tivo en conta -lembrando o protagonismo da Coruña ese ano-. Alexandre Bóveda respóndelle en nome da Comisión que a súa intervención se refire a un punto en concreto, non á totalidade, e, polo momento, o tema aprázase.

#### **4.2.2. Sesión do 18 de decembro<sup>57</sup>**

A primeira intervención vén de Bóveda, que quere aclarar que o día anterior non dicía que non se puidese falar da capitalidade, senón que había facerse no seu lugar axeitado. Tamén di que asumiron a carta de Iglesias Corral como voto particular porque “en la carta no se hablaba de la facultad deliberadora de la Asamblea, en cambio en el artículo 36, a que se refería la carta, conssignábamos que eso había de ser una facultad de la Asamblea”.

Séguelle Rajoy Leloup, que afirma que non desvirtuou o contido da carta que recibira o 27 de novembro; que Iglesias Corral, como tódolos membros da ponencia “siempre,

---

<sup>56</sup> IEGPS-EST, C-3/29, pp. 1-8 ; IEGPS-EST, C-8/50, pp. 1-8.

<sup>57</sup> IEGPS-EST, C-3/29. 18 mañá, pp. 9-45; IEGPS-EST, C-8/50, pp. 9-16

absolutamente siempre” sostivera o mesmo criterio sobre o artigo 36 e alude á campaña iniciada en *La Voz de Galicia* como xénese desa mudanza. Afirmar que do proxecto dos parlamentarios que lle chegou á Comisión non figuraba o artigo adicional que logo se engadiu cando se entregou na Coruña, mais que aínda así, falábase de cal sería a sede da primeira Asemblea, non da capitalidade, “luego no era un dogma la existencia de la capitalidad de la región”. Iglesias Corral rebátelle teima na manipulación das súas palabras, en que Rajoy lle manifestara que ese artigo adicional do proxecto do ano 31 non tiña importancia e de que nunha das xuntanzas da Comisión chegara a referirse á postura da cidade como unha “impudicia”.

Nese momento rematan as quendas de discusión e o presidente anuncia que se debe avanzar. A tarde e a noite anterior, rematado o debate á totalidade, estiveran reunidas as distintas seccións de traballo sobre o proxecto -cinco sesións, unha por título- e se ía proceder á lectura dos seus informes artigo a artigo<sup>58</sup>. Cando se chegou ao artigo 36, ante a falta de decisión da sección competente, entregóuselle ao presidente unha proposición de varios partidos políticos<sup>59</sup> para que se acordase a redacción entre todos: a emenda mantiña que era función exclusiva do primeiro Parlamento galego designar a capitalidade. Esta viñera dada, segundo explicou un membro da sección quinta, dun “ambiente de solidaridad y de unión (...) con el fin de tener la aquiescencia unánime de la Asammblea”.

Prodúcese un breve debate sobre se se pode aceptar unha emenda deste tipo, fóra do prazo establecido e, ao final, accédese á súa discusión. Rey Barral, asinante de proposición e membro dos radical socialistas coruñeses, di defendela por ser a única viable. Paz Andrade, polo PG, di que se está ante o “escollo máximo” e que del vai “suponer el éxito o el fracaso de la autonomía”, polo que hai que debatelo ante todos.

Un representante compostelán do Partido Federal de Izquierda Gallega, Ezequiel Rey, manifesta que o asunto da capitalidade debería resolvelo a Asemblea<sup>60</sup> e “lamenta que la primera reunión de parlamentarios no sea en este mismo lugar”. No mesmo senso, o concelleiro compostelán, Santiso Girón, di que “convenir en una ciudad donde no se saben guardar las

---

<sup>58</sup> Tódalas seccións entregaron as actas dos seus informes e reunión, agás a sección quinta, que tiña que estudar, entre outros, o artigo 36.

<sup>59</sup> Partido Galeguista (Álvarez Gallego e Núñez Búa), Partido Radical (Antonio Casar e Vicente Sierra), PRG (Manuel Ínsua), Partido Radical Socialista da Coruña (Rey Barral), Partido Federal de Izquierda Gallega (Carnero Valenzuela) e Acción Republicana (Alberto Villanova).

<sup>60</sup> Nisto cadra coas posicións formuladas por Iglesias Corral, en tanto non lle tería que corresponder ao futuro Parlamento. Porén, mentres os coruñesistas negasen que houbera que celebrar un debate sobre o tema, aquí aparece por primeira vez a postura a prol de Compostela.

pasiones de pequeña monta, no sabrá asimismo reservarlas en otro momento”, mais engade unha proposta: que a primeira reunión da cámara teña lugar nunha vila.

Ante a situación de bloqueo, óptase por proseguir cos restantes artigos e deixar o 36 para o final. Cando se remata, acórdase que na sesión seguinte só estean presentes os asembleístas acreditados, por ser un tema tan polémico, para que non se vexan coaccionados por influencias externas de ningún tipo. É dicir, que a Asemblea non continúe na fase informativa senón que se constitúa na fase deliberante.

#### **4.2.3. Sesión do 19 de decembro<sup>61</sup>**

Osorio-Tafall pronuncia un discurso que empeza “con un sentimento de confianza y de temor”. Afirmar que o día anterior a paixón estaba presente nas deliberacións, mais que confiaba en que “tiene que haber una fórmula de conciliación. No pueden salir hoy de aquí ni vencedores ni vencidos”. Ábrese a quenda para varios representantes que están de acordo coa proposta dos partidos de que non se decida ningunha cidade para celebrar a primeira reunión, aos que Santiso Girón acusa de estar coaccionados, mais, que para non xerar máis enfrontamentos, retira a súa fórmula.

Rey Barral volve intervir para declararse galego antes que afiliado do seu partido: “Yo, que soy de La Coruña, quiero a Santiago como quiero a La Coruña”. Despois disto, pídese que se entre xa na fase de deliberación, para aprobar dunha vez por todas o Estatuto. Así se fai, aprobando un a un os artigos do texto. De novo, por aclamación unánime acórdase todo o proxecto agás o artigo 36, cuxa redacción definitiva e votación se deixa para o final. Maníestanse opinións de dúbida sobre como se decidiría en que lugar se reuniría o Parlamento para decidir sobre a capitalidade; se o tería que decidir o Estado; mais non, sería a Junta provisional. Finalmente, Santiso Girón concede que é necesario asinar a emenda, mais coa condición de que esa Junta “tenga autoridad para designar el lugar (...) con entera libertad”. Daquela, Osorio-Tafall propón que se manteña o artigo 36 como estaba, dacordo coa emenda dos partidos e que se lle engada ao 32 que a primeira Asemblea terá carácter constituínte. Apróbase a redacción e pásase á votación final nominal, concello a concello.

---

<sup>61</sup> IEGPS-EST, C-3/29 19, pp. 46-57; 19 delib pp. 58-67; IEGPS-EST, C-8/50, pp. 16-25.

Antes de proceder ao resultado lese unha carta<sup>62</sup> enviada polos representantes do concello coruñés, explicando a súa ausencia nesa sesión en consonancia coa decisión que se adoptara no seu pleno de simplemente explicar a súa postura. Feito isto, queda aprobado o proxecto por 176 votos afirmativos fronte 33 reservas/ausencias, entre elas, a da Coruña, que terían un prazo de quince días para manifestarse.

### **4.3. Rol compostelán no proceso estatutario (1931-1936)**

#### **4.3.1. 1931**

Dos dous procesos estatutarios, o republicano permitíalles aos concellos ter un papel moi relevante á hora de dirixilo e participar nel, dado que debía partir deles a iniciativa. Se ben Santiago non adquire esa primeira posición ata 1932, pódense rastrexar xa antes certos signos que revelan a súa actitude ante este feito, mesmo cando quen capitaneaba daquela o proxecto era A Coruña, o cal é de especial relevancia para o obxecto de estudo neste traballo.

A primeira referencia ao respecto data do 11 de maio de 1931. Nesa sesión plenaria<sup>63</sup>, o concelleiro José Buján Casal informa das novas de prensa sobre unha asemblea rexional convocada pola sección coruñesa da ORGA. Presente unha moción de tres puntos: o primeiro, que se designe unha delegación para asistir; a segunda, que a ORGA coruñesa lles remita o proxecto a discutir; e a terceira:

Que se procure que la nueva Asamblea, si llegase á proponerse tuviese mayor amplitud y asistencia, sea convocada para esta ciudad, disponiendo el Ayuntamiento una comisión que, después de reunirse con los demás institutos santiagueses, habilite local para las sesiones de la Asamblea regional y disponga de un programa que sirva para hacer grata la estancia en la ciudad de los asambleístas

Xustifica a súa proposta argüindo que “no puede admitir duda que Santiago debe tomar puesto en la Asamblea”. Segue dicindo que “importantes intereses que corresponden á la región

---

<sup>62</sup> “La representación del Excmo. Ayuntamiento de La Coruña al estimar cumplida su misión -la de expresar su sentir ante la Asambla. se honra en significar cordialmente a cuantos la integran, la satisfacción auténtica que projujo el orden de comprensión y de fraterna convivencia de su desarrollo.

Como su mandato no contiene facultades que le autoricen para hacerlo, tiene que abstenerse de intervenir en el proyecto de Estatuto, reserando, por ende, de un modo expreso en favor del Concejo Municipal que representa, la determinación o compromiso deginitivo que por su parte deba adoptar el Exmo. Ayuntamiento de La Couña., desde el criterio autonomista que mantiene.

Santiago de Compostela, a dieciocho de dicimebre de mil novecientos treinta y dos. Manuel Iglesias Corra, L. Taboada, Arturo Zapata, José Fandiño, Eduardo Blanco Lemus, Alfredo Suárez Ferrín, Eduardo González Moro”. (Acta 21-XII-1932. AMC, C-161, fols, 75-76).

<sup>63</sup> Acta 11-V-1931. AHUS-AMS 2384, pp. 53-55.

entera radican en nuestra ciudad, que por sus títulos tantas veces recordados con cariño por los otros pueblos gallegos, no puede desatender”. O máis relevante radica no último punto, pois amosa unha vontade de tomar o papel primeiro entre tódolos municipios galegos e, se ben non se percibe unha hostilidade ou cuestionamento da Coruña, deixa patente que “interesa prepararse para que sean sus sesiones en esta ciudad de Santiago, **que por su posición** es la indicada para ello, habiéndose de pensar en buscar alojamiento á la vez que medios de hacer grata la estancia en la urbe”.

Tódolos concelleiros amósanse conformes e na sesión do 1 de xuño<sup>64</sup> elíxese unha comisión presidida polo alcalde -o orguista, Raimundo López Pol-, acompañado por José Pasín Romero, Jesús San Luis Romero e Luis Villar Somoza. No pleno posterior a Asemblea<sup>65</sup>, López Pol non menciona os comentarios sobre a capitalidade destaca a cordialidade e o dominio na reunión dun “sentido francamente regionalista y el propósito decidido de que Galicia se dote de una legislación propia en sentido ampliamente liberal”. O Estatuto non volve aparecer nas actas durante o verán, aínda que co gallo dos preparativos do Día de Galicia na cidade faise aprobar unha proposta unánime de programa en que se di: “Santiago, **capital espiritual de Galicia**, no puede dejar pasar esta fecha (...) sin contribuir con su máxima emoción con ás decidido afán de superar a los demás pueblos de la regón en la importancia que en dicho día ha de celebrarse”<sup>66</sup>.

A primeira referencia directa e explícita viría o 19 de agosto de 1931<sup>67</sup> da man de Enrique Rajoy Leloup, que dende entón devirán, a canda o alcalde, dúas das cabezas máis visíbeis do Estatuto galego da República. A escusa é a necesidade de artellar unha posición municipal común ante as Cortes Constituíntes, podendo chegar a crear unha Mancomunidade, para acadar a máxima autonomía municipal no réxime en construción. Tomando de exemplo unha recente asemblea na cidade de Pontevedra dos concellos da provincia, pide convocar “una magna Asamblea de todos los Ayuntamientos Gallegos, la cual se celebraría en esta ciudad y en la cual se discutirían todos los problemas de interés para Galicia”. Porén, Pasín Romero contesta que non é o “momento oportuno; que está Galicia pendiente de su Estatuto; y que por ello parece debe esperarse para coordinar las actividades de los municipios de acuerdo con lo que el Estatuto de Galicia sea”. O alcalde secunda a postura de Rajoy pero en cuestión de

---

<sup>64</sup> Acta 1-VI-1931. AHUS-AMS 2384, pp. 107-108.

<sup>65</sup> Acta 8-VI-1931. AHUS-AMS 2384, pp. 110-111.

<sup>66</sup> Acta 20-VII-1931. AHUS-AMS 2384, pp. 203-204

<sup>67</sup> Acta 19-VIII-1931. AHUS-AMS 2384, pp. 257-259.

tempos coincide con esta última postura; e Auriguiberry suxire que se deixe discutir para o seguinte pleno unha proposta máis concreta por parte de Rajoy, que teima en que se decida xa<sup>68</sup>. O día 26<sup>69</sup>, asístese a unha moción moito máis desenvolvida, con seis puntos, entre eles, un sobre o réxime de goberno propio para Galicia, que apoia co seguinte:

Es de urgencia, por razones de oportunidad, la celebración de esta Asamblea y sería un gran honor para Santiago reunirla en la **antigua capital de Galicia**, porque Santiago, **síntesis de la historia de la región** y centro científico, artístico y religioso de ella, **debe ser el foco** de donde irradian estos movimientos que pueden determinar relaciones de gran interés para el provenir de la urbe y de Galicia.

Non se citan outras cidades mais xorde xa as liñas que sostarán a defensa da elección de Compostela. Nun principio, non se aludía á Coruña, mais após intervencións doutros membros, Rajoy lembra, sobre a idoneidade da nova idea que:

(...) había quien hacía oposición a los acuerdos de la Asamblea de La Coruña, por entender que dada la forma en que se había convocado, no podía decirse que en ella hablaba verdaderamente el pueblo gallego; que en cambio una Asamblea de los Ayuntamientos constituidos como lo están por sufragio popular, sería la verdadera expresión del sentir de Galicia; y que **para Santiago convenientísimo que la idea irradiase de aquí** y que de aquí se celebre la Asamblea respondiendo a la condición que en nuestra ciudad se dá de **ser el centro geográfico, histórico, artístico, científico y religioso de Galicia**; que se medite bien; que él cumple con traer la idea a la Corporación; que ya el aceptarla es cosa de ésta.

É moi cedo aínda para argallar cuestións específicas do Estatuto como a capitalidade, mais esta acta proba -como, por outra parte, é lóxico- a posición convencida de Rajoy Leloup sobre Santiago como capital de Galicia, malia que a partir de que formase parte da Comisión da Asemblea non volverá expresar a súa opinión persoal, nin tampouco se reflicta esta nos documentos e debates revisados previamente. Non obstante, a maior parte da corporación non secunda a idea de organizar unha Asemblea -se ben non pola capacidade ou non da cidade- e Pasín Romero, un dos delegados na reunión da Coruña, mantense leal á iniciativa coruñesa:

Está pendiente lo de la Asamblea de La Coruña, en la cual estuvieron representados, con otras entidades, los Ayuntamientos de la región y desde luego éste de Santiago; que se espere al resultado de los acuerdos en esa Asamblea adoptados; no se diga que Santiago no ha pensado bien al convocar esa nueva asamblea.

Rajoy, daquela, desiste. E o asunto non volverá tratarse até o ano seguinte, con resultados ben diferentes.

---

<sup>68</sup> Esta proposta de Auriguiberry contou con once votos a favor, fronte aos seis da de Rajoy (Santiso Girón, Méndez Bartolomé, Arijón Gende, Lago Alle, Villar Romero e o propio Rajoy)

<sup>69</sup> Acta 26-VIII-1931. AHUS-AMS 2384, pp. 286-287.

### 4.3.2. Organización das asembleas

O 19 de marzo de 1932 Rajoy Leloup presenta unha nova moción<sup>70</sup>. Le o proceso constitucional a seguir para acadar a autonomía, fala dos casos vasco e catalán e subliña que “Galicia, en cambio, agitada no hace mucho por el problema de su propio Gobierno, parece que lo ha abandonado (...), las Corporaciones de Derecho público a quienes incumbe la iniciativa no dan muestras de actividad en este orden”. Finaliza con que “Santiago debe recabar recabar el honor de ofrecer su legendaria hospitalidad a la Asamblea, debe tomar la iniciativa de convocarla, con urgencia”. Tamén sinala que recibiu unha carta de felicitación do deputado Castelao<sup>71</sup>. Segundo Alfonso Bozzo, a localización en Santiago evitaba o “monopolio” da iniciativa pola ORGA, tal e como viñera sucedendo na Coruña, e a sensación de que se vise coma un Estatuto do republicanismo de esquerdas<sup>72</sup>.

Na quenda de intervencións, Santiso Girón pregunta se hai que confeccionar un novo texto, e que el ficaría co aprobado na Coruña. Rajoy responde que a Asemblea debe partir dalgún anteproxecto como base das deliberacións “y no es inconveniente en que se alguno de los conocidos; pero es necesario contar con que la Asamblea debe durar varios días, subdividirse en varias comisiones (...)”. Outro concelleiro -Alonso Vieites- afirma que estaría ben consultar previamente aos concellos cabeza de partido e Santiso Girón propón que se nomee unha comisión que estude os proxectos e que logo presente un á Asemblea para que esta se pronuncie. Nese senso, Pasín Romero aconsella formar unha ponencia integrada por un representante dos concellos máis importantes. O alcalde concorda con que é posible que ningún dos proxectos sirva e que unha comisión deba elaborar outro. Por aclamación, fica constituída a Comisión municipal do Estatuto galego, integrada por López Pol, Rajoy Leloup, Méndez Bartolomé, Santiso Girón e Auriguiberry Pena<sup>73</sup>.

O que semella traslocer é que malia estar disposta a asumir o mando da autonomía, os concelleiros non rexeitan o labor previo e, alén da moción de Rajoy, o presente na discusión non son os motivos polos que lle corresponda ou non a unha determinada cidade acoller a Asemblea, senón máis ben os aspectos organizativos e loxísticos da mesma. Así, a Comisión

---

<sup>70</sup> Acta 27-IV-1932. AHUS-AMS 2385, fols. 40-41.

<sup>71</sup> Semella que nos primeiros meses de 1932, cando o PG é o único que asume a Autonomía como obxectivo prioritario, Castelao inicia conversas a nivel local (polo proceso marcado pola Constitución) con Rajoy Leloup. Núñez Seixas (2006), op. cit., p. 345.

<sup>72</sup> Bozzo, A. (1976), op. cit. p. 291 e 295.

<sup>73</sup> Este último renuncia na sesión seguinte a formar parte do grupo e é substituído por Pasín Romero. (Acta 4-V-1932. AHUS-AMS 2385, fol. 43.)

compostelá comeza unha xeira polos distintos concellos do país. Na prensa figuran crónicas de visitas a por numerosos municipios ao longo do mes de maio<sup>74</sup>. O día 20 envían unha circular a tódolos concellos para asistiren a unha Asemblea preparatoria en xullo e anuncian unha visita para as capitais de provincia, incluída A Coruña, a semana seguinte<sup>75</sup>. A viaxe -da que se deu conta no anterior apartado- ten lugar o día 25<sup>76</sup> por parte de Pasín, San Luis, Rajoy, Méndez Bartolomé e López Pol<sup>77</sup>. O día 31, no Pazo de Raxoi celebran unha Asemblea de forzas vivas compostelás<sup>78</sup> en que estas se declaran “entusiasmados”<sup>79</sup> coa iniciativa municipal. A tal hora, A Coruña era a cidade que non confirmara asistencia á Asemblea preparatoria, e Rajoy referiuse, sen acusacións, a este feito no seu discurso: “La capital que falta -de cuya galleguidad no puede dudarse- es seguro que no tarde en prestar su concurso, que fue también solicitado y en estos momentos viene preocupándose de ello”<sup>80</sup>.

O 12 de xuño López Pol emite un comunicado convocando a Asemblea para o día 3 de xullo<sup>81</sup>. No primeiro pleno despois da mesma, faise constar en acta que o concello foi que se fixo cargo dos custos do acto e do banquete a tódolos convidados, como se fixer nas viaxes de maio e xuño da Comisión<sup>82</sup>. Non se volve ter constancia de algo referido en tres meses, aínda que, como xa se comentou, o concello como tal non aparecía nos labores do anteproxecto pero de facto era o que xogaba un maior papel pois, alén dos cargos na Comisión redactora, os da de finanzas, propaganda e organización formábanas unicamente concelleiros composteláns. O 26 de outubro unha moción de López Pol, Pasín, Rajoy e San Luis demanda a concesión dun crédito para sufragar a Asemblea e que logo sería recuperado a través das aportacións doutros municipios e entidades<sup>83</sup>. Unha semana despois, a Comisión organizadora envía unha circular a tódolos concellos convocándoos á Asemblea os días 17, 18 e 19 de decembro en Medicina<sup>84</sup>. O 23 de novembro acordan que estean presentes os mesmos que estiveron na preparatoria de xullo<sup>85</sup>.

---

<sup>74</sup> LVG, 12-V-1932; LVG, 17-V-1932; LVG, 20-V-1932.

<sup>75</sup> LVG, 22-V-1932.

<sup>76</sup> LVG, 25-V-1932.

<sup>77</sup> LVG, 26-V-1932.

<sup>78</sup> Estaban os presidentes da Cámara de Comercio, da Caixa de Aforros, do SEG, da FUEo reitor Cadarso, o deán da Catedral ou convidados como Otero Pedrayo, entre outros.

<sup>79</sup> LVG, 1-VI-1932.

<sup>80</sup> Cores Trasmonte, B. (1998), *O Estatuto de Autonomía de Galicia (1932-1936). Os documentos oficiais*, p. 20.

<sup>81</sup> IEGPS-EST, C-8/54/34.

<sup>82</sup> Acta 6-VII-1932. AHUS-AMS 2385, fols. 79-80.

<sup>83</sup> Acta 26-X-1932. AHUS-AMS 2385, fols. 141-142.

<sup>84</sup> IEGPS-EST, C-8/54/13.

<sup>85</sup> Acta 23-XI-1932. AHUS-AMS 2385, fol. 151.

Finalmente, o día 30 -cando a cuestión da capitalidade xa ocupaba as portadas dos xornais- a corporación santiaguesa discute formalmente o proxecto que se presentará na reunión<sup>86</sup>. Vanse discutindo os artigos sen maior polémica, agás algun debate sobre o relativo ao ensino do idioma galego. Cando se chega ao número 36, Auriguiberry “solamente dice quiere rogar a la Comisión que se haga cuestión cerrada del mantenimiento del artículo treinta y seis del proyecto referente a la capitalidad de la región autónoma”. Daquela, a única resposta vén por parte de Rajoy, que manifesta a súa intención de explicar a posición que mantivo -e manterá- a Comisión en canto a “este problema”:

(...) Que la comisión fue consecuente con todos los antecedentes. Que en ninguno de los proyectos anteriores se había fijado una determinada capitlidad. Y que así tenía que ser: que todas las ciudades son dignas de ostentar la capitalidad; pero que será capital la que Galicia quiera.

Está claro que se responde á campaña que xa se levaba semanas producindo dende A Coruña en canto á defensa dos seus dereitos para ser recoñecida como capital de Galicia. Iso si, non se plasma ningunha referencia directa á Coruña e simplemente se deixa patente o proceso de xestación dese artigo en concreto, mais nun contexto en que viña ao caso porque se estaba discutindo a totalidade do texto. Non obstante, dúas semanas despois, xusto antes da Asemblea, o pleno ábrese con ese punto na orde do día<sup>87</sup>, pois as autoridades coruñesas xa se manifestaran e ameazaran coa súa ausencia e negativa a apoiar o Estatuto. Rajoy Leloup defende o labor de Santiago dende abril de 1932:

El Ayuntamiento de Santiago inició el asunto con un perfectísimo derecho, cualquier otro Ayuntamiento podría haberlo hecho; pero que procediendo como siempre con la más exquisita cortesía no convocó a la Asamblea preparatoria sino después de haber consultado a casi todos los Ayuntamientos y haber obtenido la aquiescencia de la mayoría de ellos.

Pasa a introducirse de cheo na súa versión de tódolos acontecementos dese ano. Di que na Comisión redactora estaban o alcalde da Coruña e o presidente da RAG, que a cuestión da capitalidade foi abordada “sin discrepancias, se siguió el precedente de todos los proyectos (...) en todos los cuales la cuestión de la capitalidad venía a dejarse, como era natural, a la resolución del futuro Parlamento de Galicia”. Relata que o propio Iglesias Corral asinou o ditame da Comisión e ficou cun exemplar do mesmo, e que foi el, a canda o resto de alcaldes das cidades, quen convocaron -coa súa sinatura- a Asemblea en Compostela para as datas fixadas, de aí a sorpresa de que decidise non acudir e que se acordase no pleno coruñés a postura de “no ha

---

<sup>86</sup> Acta 30-XI-1932. AHUS-AMS 2385, fols. 153-155.

<sup>87</sup> Acta 14-XII-1932. AHUS-AMS 2385, fols. 168-169.

lugar a deliberar sobre la capitalidad”. Engade que en ningún momento Santiago se pronunciou sobre ningún tipo de pretensión, que “podrá en su día, como cualquier otra de las ciudades gallegas, presentarse (...) pero por el momento, solo se trata de asentar legalmente la autonomía gallega”. Propón que conste en acta o sentimento da Corporación polo ocorrido na Coruña e o “llamamiento al Ayuntamiento de La Coruña a fin de que, depuesta toda intransigencia, concurra a deliberar (...)”.

Nas réplicas, Moure Pose non adopta unha posición tan formal e reclama que o que conste en acta sexa “la protesta (...), que no procede que Santiago les dirija ningún llamamiento a la cordialidad, puesto que ha sido gravemente ofendido un pueblo como Santiago, que siempre se ha mostrado digno y respetuoso”. Méndez Bartolomé -que formara parte da delegación da primeira comisión que viaxou á Coruña-, malia estar dacordo, “por el bien de Galicia” coida que se debe apelar á cordialidade. Pasín Romero segue con que Santiago ten que amosarse como “pueblo viejo y lleno de cordura”. Por último, Santiso Girón rexeita falar de pobo coruñés pois “todo es obra de cuatro señores que cegaron al pueblo coruñés. Que Santiago no debe hacer el fuego a esos cuatro sujetos que intentan perturbar la marcha del Estatuto de Galicia”. Así que finalmente se acepta a moción de Rajoy Leloup.

#### **4.3.3. 1933-1936**

Unha vez concluída a Asemblea, o alcalde, na sesión en que o pleno aproba o proxecto da Asemblea<sup>88</sup>, congratúlase do entusiasmo e cordialidade que imperou, “pues solamente la discusión del artículo treinta y seis del proyecto produjo unos momentos de excitación pasional, pero obteniéndose al fin una satisfactoria redacción con general acuerdo”. Afirmar que na redacción final, onde se lle sustrae á primeira Asemblea a función explícita de designar a capitalidade, “era ya superfluo conservar la expresión primeítica (...). Por eso no se insistió en mantener tal inciso”. Remata cunha louvanza á cidade e, por primeira vez, dá a entender indirectamente que será Santiago a merecedora de ser a eventual capital, todo no medio dun ataque velado, pero claro, á Coruña, e o que representaba e defendía cada unha:

(...) que pudiera haberlo iniciado y realizado con igual derecho cualquier otra corporación, pero que de hecho fue Santiago y su Ayuntamiento quienes de tal alto empeño se encargaron y a feliz término lo llevaron. Seremos humildes, dice, pero parece que “los imponderables” nos empujan y ellos nos hicieron acometer tal alta empresa en la que quizá otros más fuertes hubieran fracasado; y cuando parecía que alguien intentaba impurificar la atmósfera e iniciar contiendas ingratas y enojosas, Santiago se mantuvo

---

<sup>88</sup> Acta 21-XII-1932. AHUS-AMS 2385, fols. 170-171.

generoso, no puso precio a su labor por Galicia, ni solicitó ventajas; que lo material puede adquirirse con dinero, pero los valores espirituales no, y estos Santiago los tiene.

O 8 de xaneiro de 1933, na Cámara de Comercio de Santiago constitúese, segundo o acordado na Asemblea de Municipios, un Comité Central da autonomía, onde figura Rajoy de secretario con dous funcionarios do concello compostelán como auxiliares; Osorio-Tafall de presidente; o alcalde de Santiago e o presidente da Deputación coruñesa de vicepresidentes; e tamén os alcaldes do resto das cidades, das deputacións e o reitor da Universidade, mais estaba aberto á participación de quen quixer. Ese mesmo mes conseguen a instalación da primeira antena e emisora de radio de Galicia no recinto de Bonaval, Unión Radio Galicia, facéndose un comunicado nestes termos:

Un grupo de santiagueses, creyendo recoger las ansias de su pueblo, que en todo momento supo reclamar su puesto de vanguardia en la defensa de los intereses regionales. El éxito de las primeras gestiones en favor del establecimiento de una estación radio-emisora, instalada y dirigida por Unión Radio, que actuará sobre toda la región, llevando a ella los ecos de la vibrante tensión de nuestro pueblo ante el resurgimiento de Galicia. (...) Con la vista puesta en el ideal de nuestra tierra, con el ardor que pone la fe en los corazones sanos, que saber dejar al margen las pequeñas cuestiones, acometemos la empresa de cooperación al fin que persiguen hoy todos los gallegos<sup>89</sup>.

Neses primeiros meses do ano será sobre todo Rajoy Leloup ou Manuel Beiras quen empreguen ese altofalante. Porén as trabas e o pouco entusiasmo autonomista, a canda a non contribución económica fai que Rajoy amague con dimitir nese verán. No concello, a única entrada en acta que aparece é de finais de ano, precisamente para aprobar a conta xeral de gastos ocasionados pola Asemblea, que ascendía a 1412 pesetas<sup>90</sup>.

Cando se volve tocar o asunto, xa estamos en 1936 e nunhas condicións, para o que atinxe o traballo, moi diferentes: é o pleno coruñés o que vén de relanzar a iniciativa autonomista. No concello compostelán lese unha moción -non se especifica de quen- para que:

Acorde felicitar ao municipio da Coruña pol-a patriótica resolución de sumárese afervoadamente a laboura desenrolada pol-os axuntamentos a prol da autonomía de Galicia, xa que ista nova aportación ven por en intre de actualidade a groriosa asamblea dos nosos municipios celebrada nesta cidade pol-a iniciativa e tesón do de Santiago. Eisimesmo que ratifique acordos anteriores pra que, na realización do plebiscito, figure a contribución proporcionada a súa capacidade económica e aos prestixios da nosa cidade, siñificada sempre entre todas as vilas de Galicia, na vangarda das loitas pol-a libertade da Terra.<sup>91</sup>

---

<sup>89</sup> "La Liga Compostelana Pro Estatuto al Pueblo de Santiago" (6-I-1933). AMPG-FMB, C-24.

<sup>90</sup> Acta 27-XII-1933. AHUS-AMS-2385, fol. 41.

<sup>91</sup> Acta 23-IV-1936. AHUS-AMS 2387, pp. 308-309.

Non se facía simplemente unha adhesión, senón que se buscaba felicitar, ben que deixando claro os méritos de Santiago neste proceso e a falta dunha ratificación formal e oficial por parte da Coruña do proxecto de 1932. Na deliberación, o concelleiro Rey Turnes defende que Compostela levou sempre a iniciativa, gastou milleiros de pesetas e “no es jsuto que pretendan ahora la primacía quienes antes negaron en concurso” e sostén que é o Comité presidido polo alcalde quen debe convocarse para organizar o plebiscito. González García advirte que simplemente se trata de “congratularse” da suma da Coruña ao movemento autonomista. Ao final apróbase a moción, co voto en contra de Rey Turnel, aínda que consegue que se aprobe un voto particular para que se convide ao señor Companys ás festas do 25 de xullo en Santiago “para que con su presencia estimule el sentido autonomista de las poblaciones gallegas” -que, por motivos obvios, non se deu-. O 14 de maio anúnciase unha Asemblea do Comité pola Autonomía en Santiago, que tamén sufragará Santiago<sup>92</sup> e onde se decide a data de finais de xuño. Hai constancia polas actas e pola prensa de actos festexados durante a campaña, onde non se menciona a cuestión da capitalidade<sup>93</sup>, mais é certo que nos dous plenos que se celebran entre o referendun e o golpe de Estado non se volve facer referencias á votación nin ao Estatuto.

#### **4.4. Reacción coruñesista**

A diferenza do que sucede en Santiago, na Coruña adoptouse unha posición defensiva a respecto dunha eventual decisión sobre unha capitalidade que, segundo esta perspectiva, lles sería arrebatada. Non só se abordou a polémica en María Pita, senón que transcendeu máis alá -de feito, como se verá, comeza antes a campaña mediática e social que a municipal- chegando a contemplarse no resto de Galicia como aquilo que ía impedir xa non só a consecución final do Estatuto, senón a súa propia aprobación antes de sometelo a consulta popular.

##### **4.4.1. Actuación municipal**

O primeiro ano da República, malia inserirse na primeira fase estatutaria de preponderancia coruñesa, non é o concello quen adopta unha posición activa. Como xa se expuxo, foron coruñeses membros da FRG -nomeadamente galeguistas da ORGA-, nalgún caso tamén concelleiro, quen actuaron non no nome da corporación municipal ou da súa cidade,

---

<sup>92</sup> Acta 14-V-1936. AHUS-AMS 2387, pp. 332-333.

<sup>93</sup> Acta 25-VI-1936. AHUS-AMS 2387, p. 364.

senón baixo as siglas da formación; unhas accións de carácter coruñés, que non necesariamente coruñesista. Deste xeito, no primeiro documento sobre o Estatuto, a convocatoria publicada o 3 de maio de 1931 a unha Asemblea no Circo de Artesáns da Coruña<sup>94</sup>, está asinado polo deputado nacionalista Villar Ponte, os concelleiros casaristas Taracido e Somoza; o que fora o primeiro concelleiro nacionalista electo en Galicia, Peña novo; e Lugrís Freire<sup>95</sup>. E, de feito, será a sección coruñesa da ORGA quen uns días despois lle ceda a organización do acto ao Comité Executivo da FRG reunido en Santiago -onde se atopaba, por certo, o concelleiro compostelán Santiaso Girón, nada menos que o secretario xeral-, logo de emitir este último un comunicado<sup>96</sup> onde criticaban a actuación contraria aos estatutos por parte da ORGA coruñesa.

Antes de 1932, o concello non se pronuncia directamente sobre a cuestión do estatuto, nin moito menos se presenta unha discusión da capitalidade. Nin sequera hai referencias da asistencia á Asemblea de xuño ou da recepción aos parlamentarios na reunión de outubro, aínda que sabemos pola prensa e as fotografías que alí estiveron representados. Só a finais de ano, coa aprobación das contas, si se dá constancia dun gasto de tres mil pesetas nun “lunch” celebrado no Atlantic Hotel para os asembleístas e sufragado polo Concello<sup>97</sup>.

Con todo e con iso, si que se atopan elementos que, non tendo nada que ver co proxecto político da autonomía, revelan claramente que existía unha conciencia maioritaria coruñesista; ergo, unha identidade que erixía A Coruña como a cidade máis importante e a capital de Galicia. Por exemplo, cando se presenta o proxecto do actual mercado de Santo Agostiño, apóianse en que o que había daquela “por inútil constituyese un verdadeiro baldón para la capital de Galicia, que no debe subsistir de ningún modo”<sup>98</sup>. Nesa mesma sesión apróbase unha moción para nomear unha das rúas principais da cidade como “Rúa do Catro de Xunio” para “conmemorar esta fecha, inolvidable en la Historia de Galicia”.

Xa en outubro, Iglesias Corral, en nome da delegación coruñesa á Asemblea Nacional Municipalista en Madrid, relata o desenvolvemento da reunión. Afirmo que procurou que resoase non só a voz da Coruña:

---

<sup>94</sup> LVG, 3-V-1931.

<sup>95</sup> Quizais sexa o exemplo máis visible disto pois, malia se inserir na FRG, aínda que non pola ORGA, participou na reunión coma un dos redactores do proxecto do SEG, nin sequera da súa coalición. Logo esta primeira iniciativa, aínda que el fose galeguista e non coruñesista, non tiña unha natureza ou carácter localista, aínda que todos eles fosen ‘de nacemento ou de adopción- coruñeses.

<sup>96</sup> LVG, 9-V-1931.

<sup>97</sup> Acta 4-XI-1931. AMC, C-159, fol. 240.

<sup>98</sup> Acta 10-VI-1931. AMC, C-158, fol. 341.

sinó la de toda Galicia, puesto que esta ciudad, como capital efectiva de la Región Gallega, ha de demostrar en todo momento que merece la aludida capitalidad, solidarizándose con las justas aspiraciones del resto de Galicia. (...) La Coruña actuó en esta obra en nombre propio y en el de la región gallega, destacándose singularmente la actividad de los representantes de Galicia, toda vez que, como es sabido, el Sr. Insua vicepresidente la Sección de Municipios rurales, el alcalde de Santiago obtuvo también un destacado puesto y el propio Sr. Iglesias Corral, que habla, tuvo el honor de presidir la Sección de Grandes Ciudades, dirigiendo los debates de la Asamblea<sup>99</sup>.

Avógase, polo tanto, o seu rol de dirixente e representante do resto -ademais de estar integrada nas “grandes cidades”-, e alúdese expresamente tamén ao alcalde de Santiago. Malia que non se pode obter nada máis que o exposto no documento, está datado tan só un par de días despois da reunión onde se mudara o proxecto de Estatuto para incluír a referencia expresa á Coruña como lugar da primeira Asemblea onde se decidiría a capitalidade. En relación con isto último, non se menciona o proxecto entregado polos parlamentarios, inda que favorecese á cidade, nin tampouco nada relacionado co estatuto ata que xa é Santiago quen toma o relevo.

#### 4.4.1.1. 1932

O 8 de maio de 1932, baixo o punto “Telegrama de la alcaldía de Santiago”<sup>100</sup> na orde do día infórmase dun telegrama do alcalde de Santiago, quen:

En nombre de la Comisión Organizadora de la Asamblea de Municipios Gallegos que para tratar del Estatuto de Galicia, se celebrará en dicha ciudad, recordando a la Alcaldía de esta Capital la invitación que para asistir a dicha Asamblea se hizo al Concejo coruñés.

O único comentario que consta en acta é que “el Excmo. Ayuntamiento acordó quedar enterado del mencionado escrito”, e non se volve mencionar. Cómpre lembrar que o derradeiro día dese mes, Rajoy Leloup dicía na asemblea compostelá de forzas vivas que A Coruña aínda non confirmara nada. É presumible que tivese que decidirse até un mes despois, en xuño, pois finalmente asistiría Iglesias Corral, mais en calquera caso fíxose á marxe dunha decisión pública e oficial no pleno. Dos traballos da Comisión redactora no verán tampouco hai noticia algunha, mais existe unha correspondencia entre os alcaldes Iglesias Corral e López Pol en que o primeiro lle solicita ao segundo ata cincuenta exemplares do anteproxecto da Comisión: “Mi querido amigo: Los señores Concejales tienen interés en poseer (...)”<sup>101</sup>. Isto foi a comezos de outubro, polo que os concelleiros coruñeses tiveron no seu poder o texto unhas cantas semanas antes de que se producise o primeiro debate sobre a capitalidade. Porén, nese lapso de tempo,

<sup>99</sup> Acta 28-X-1931. AMC, C-159, fol. 220.

<sup>100</sup> Acta 8-VI-1932. AMC, C-160, fol. 312.

<sup>101</sup> IEGPS-EST, C-2/25/14. Carta de Iglesias Corral a López Pol (5-X-1932).

ningún membro da corporación introduce na orde do día nada relativo ao asunto, nin constan tampouco declaracións ao respecto en *La Voz de Galicia*.

A finais de novembro, logo da convocatoria -asinada polo propio Iglesias Corral- e duns días dunha intensa campaña en prensa sobre o asunto, insírese coma primeiro punto do pleno do día 30 “la capitalidad de Galicia”<sup>102</sup>. O alcalde dá a súa versión da elaboración do proxecto presentado á asemblea

En el artículo treinta y seis del anteproyecto ultimamente impreso ha visto que se expresa algo de fundamental trascendencia y se alude á la posibilidad de designar la futura capital de la Región, aspecto éste acerca del cual afirmó el Señor Alcalde que, como miembro de la Ponencia, nada se deliberó en su presencia sobre este particular ni nada se ha discutido a este respecto, sino que ha sido obra de los otros miembros de la Ponencia sin conocimiento suyo. Esta es la razón de que al regresar de su reciente viaje a Madrid haya formulado un voto particular sobre este aspecto, en el sentido de que no ha lugar á deliberar y de que el hecho de hallarse ya la Capital de Galicia, dignamente sustentada por La Coruña no da margen á asechanzas ni emboscadas.

En efecto, a redacción do artigo do anteproxecto da Comisión ao proxecto da Comisión proposto á Asemblea muda ao outorgarlle esa función específica, se ben é certo que, como se viu, Iglesias Corral asinou o ditame da Comisión que recollía as emendas ao vello texto e que formulaba o novo, e tamén fixo o propio -coma o resto de alcaldes das cidades- co chamamento de convocatoria á Asemblea<sup>103</sup>. O alcalde pídelles á corporación que decida se debe asistir ou non A Coruña á Asemblea de Municipios e a postura a adoptar no referido á capitalidade. Explica que, ao seu parecer, para acudir, os eixos da discusión terían que ser os seguintes:

Autonomía para Galicia, porque ella entra en nuestra tradición, en nuestros objetivos y en nuestras legítimas aspiraciones; y personalidad de La Coruña como Capital de la Región, no como su anhelo o como una afirmación, sino como reconocimiento de una realidad a la que sería absurdo que nadie se opusiese. (...) hay que consultar ya si estamos propicios a la deliberación. Y estar propicios á la deliberación en esto: en que no se nos discuta, en que no se nos hable siquiera de discutirnos la Capitalidad. Esta posición no puede ser calificada de egoísta -agregó- porque no se trata de sumar lo que no tenemos, no se trata de detraer cosa alguna que pertenezca a otra ciudad, no se trata de buscar nada, sino de que se reconozca lo que es nuestro.

Engade que A Coruña sempre defendeu e defende a autonomía e conclúe que:

Vamos, pues, á defender la autonomía de Galicia; pero precisamente hemos de fijar que no admitimos deliberación, ni discusión, ni menos aún votación sobre la Capitalidad. Y si alguien pretendiera que no representamos ya a la Capitalidad de Galicia es que no nos conoce, y con quien no nos conoce, nada tenemos que pactar y nada tenemos que llevar á cabo.

---

<sup>102</sup> Acta 30-XI-1932. AMC, C-161, fols. 41-42.

<sup>103</sup> IEGPS-EST, C-8/50/49. Carta de chamamento dos alcaldes das principais cidades galegas ao resto de concellos para que acudan á Asemblea de Municipios de Galicia de decembro de 1932 (1-XI-1932).

Lens Viera manifesta que toda a maioría republicana se adhire ao alcalde e que na Asemblea “han de salir los coruñeses vendedores ó en pié de guerra. (...) Para la Mayoría Republicana (...) o el pleno reconocimiento de los derechos que la Coruña ostenta o el rompimiento y la guerra a quienes nos ofenden proponiéndonos un acto indigno”. Acórdase entón por unanimidade concorrer á xuntanza nes termos e desígnase como delegación, amais do alcalde, Alfredo Suárez Ferrín, Luis Taboada Montoto, José García Fernández e Antonio Zapata Fernández.

O día 14 de decembro, ante un “numeroso público”<sup>104</sup> que asiste á sesión exprésase que a postura do concello non variou e o alcalde deféndese das acusacións que trouxo o seu voto de “no ha lugar a deliberar”:

(...) porque no significan, como algunos han querido, que se quite a Galicia su capacidad deliberante, sino que el derecho de la Coruña a seguir ostentando una capitalidad que hasta aquí desempeñó dignamente, es de tanta evidencia que sobre ésto no puede haber debate alguno.

Anuncia que se non se en poucos días non se recoñecen os dereitos da cidade, el e mais os representantes coruñeses marcharán de volta. Efectivamente, esa semana teñen lugar as xornadas. No seguinte pleno<sup>105</sup>, dous días despois da Asemblea, Iglesias Corral manifesta que cumprira coa súa misión e, por primeira vez dende que se iniciara o preito, concede que as impresións recollidas por parte dos representantes composteláns foron de afecto e consideración “destacándose especialmente en estas pruebas de afecto el Ayuntamiento de aquella ciudad, que cumplió de un modo claro sus deberes hospitalarios”. Le o texto presentado á mesa da Asemblea pola súa delegación e anunciou que en canto recibisen o proxecto da Asemblea discutiríano en pleno. Finalmente aprobouse por unanimidade un voto de graza ao alcalde pola “brillante defensa de La Coruña”.

#### **4.4.1.2. 1933-1936**

A decisión sobre o Estatuto non se produce nas semanas de Nadal e o día 11, o concello coruñés recibe unha comunicación de Osorio-Tafall solicitándolle a conformidade co texto. O pleno decide adiala até a seguinte sesión, do día 18<sup>106</sup>, onde, porén, hai un longo debate sobre se seguir pospondo o debate ou facer un pleno enteiramente adicado ao mesmo. Os que defendían aprazalo, casaristas, escudábanse na ausencia de concelleiros ou na falta dunha

---

<sup>104</sup> Acta 14-XII-1932. AMC, C-161, fols. 57-58.

<sup>105</sup> Acta 21-XII-1932. AMC, C-161, fols. 75-76.

<sup>106</sup> Acta 18-I-1933. AMC, C-161, fols. 119-122.

reunión previa do PRG para asentar unha posición -foi o caso do alcalde-. Os radicais socialistas sostiveron que tampouco eles se reuniran pero que esta votación en concreto facíase sobre a conciencia de cadaquén, e que os edís ausentes sabían perfectamente a importancia dun tema que figuraba na orde do día. Após a lectura do proxecto, procedeuse daquela a un voto á totalidade do Estatuto, non artigo a artigo, pois “al Ayuntamiento no le incumbe presentar enmiendas ni modificaciones sino aceptarlo o rechazarlo rotundamente”. O alcalde preguntou se alguén tiña algo que manifestar sobre o asunto, ninguén pediu a palabra e procedeuse á votación. O resultado foi non prestar a aprobación do documento por trece votos contra dez<sup>107</sup>. Na explicación do sentido do voto, os que o rexeitaron argüiron que “en él no se reconocen los derechos de la ciudad de La Coruña a ostentar la Capitalidad de la región gallega”; mentres que os contrarios fixérono a favor “como un mal menor, toda vez que de no ser éste aprobado por el Ayuntamiento de La Coruña esta ciudad se malquitará con el resto de Galicia en perjuicio suyo”.

O asunto non se volveu pór enriba da mesa ata xullo, máis que para decidir se o concello contribuía aos gastos que ocasionase o plebiscito do Estatuto “con una crecida cantidad, en consonancia con nuestra categoría de ciudad rectora de Galicia”<sup>108</sup>. Esta proposición procedía do PRG, concretamente de Somoza e Taracido. Case un mes despois acórdase non realizar ningunha contribución económica, só votando a favor os dous proponentes<sup>109</sup>. Unha semana antes, na quenda de rogos e preguntas, o concelleiro Blanco Lemus protestara contra unhas supostas queimas de carteis das festas coruñesas na cidade de Santiago, onde ademais o alcalde -non presente- fora obxecto de certas manifestacións “de desagrado”<sup>110</sup> co gallo da actuación dunha coral local na outra cidade. Julio Suárez Ferrín adheriuse e pediu unha protesta contra as autoridades composteláns por non impediren que eses feitos non se producisen. Mais a cuestión ficou aí por non teren máis información.

Obsérvase que se produciu un cambio de actitude por parte do PRG, que depón a intransixencia do “no ha lugar” para votar o Estatuto, mentres que o sector radical e radical socialista manteñen esa postura. Non se pode saber exactamente que motiva esta mudanza nin

---

<sup>107</sup> A favor do Estatuto: Somoza, Mosquera, Insua, Taracido, Wonenburger, González, González Moro, Taboada Montoto, Silva e Iglesias Corral.

En contra do Estatuto: Fernández Vázquez, Ferreiro, Lagares, Berguer, Blanco Lemus, Zapata, Portela Valerás, Lago, Fandiño, García Fernández, Lens Viera e Suárez Ferrín [Alfredo; Julio, ausente nesa sesión, pediría que constase en acta o seu voto tamén negativo (Acta 25-I-1933. AMC, C-161, fol. 132)].

<sup>108</sup> Acta 12-VII-1933. AMC, C-161, fol. 347.

<sup>109</sup> Acta 2-VIII-1933. AMC, C-161, fol. 373.

<sup>110</sup> Acta 26-VII-1933. AMC, C-161, fol. 372.

cando se decide, se realmente é para non gañar a enemizade do resto do país e rematar así calquera oportunidade que houberse de saír gañadora do preito capitalino, ou pola propia posición do resto de cadros do partido -o alcalde compostelán tamén pertencía ao PRG-. O certo é que cando se repoñen as corporacións de 1931 logo da vitoria da Fronte Popular, semella que xa todo o espectro do republicanismo local -como se estaba a producir no Estado- abrazaba e pulaba polo autonomismo, mesmo cando o posto da alcaldía foi ocupado por Suárez Ferrín, quen tanto en María Pita como na rúa se amosara máis vehemente na posición coruñesista. Inesperadamente, sen que constase aviso previo, o 22 de abril dáse lectura a unha proposición transversal -con galeguistas como Somoza e radicais socialistas como os irmáns Suárez Ferrín- para propor que se reanude a tramitación do Estatuto, mediante o traslado ao Comité Central e aos parlamentarios galegos a urxencia de que o leven a termo. Así mesmo, destinar cincuenta mil pesetas para a organización e propaganda da campaña. A razón que dan é que:

A toda Galicia alcanza este deber; pero si hay alguna ciudad particular y especialmente obligada a darle cumplimiento a esta hora de renovación que vive España, asumiendo el Honor y la responsabilidad del movimiento autonomista gallego, es, sin duda, la ciudad de La Coruña que por su tradición liberal, historia democrática y sus antecedentes de ajeo y claro republicanismo, viene llamada a propulsar y prestar su apoyo más resuelto a la feliz realización de nuestras antiguas aspiraciones autonómicas, que implicará no sólo alto beneficio para Galicia sino también firme sostén y poderosa garantía para la definitiva consolidación de la República<sup>111</sup>.

Tanto na proposición como na xustificación, se ben se repiten os tópicos do carácter progresista da cidade, non se enarbola en ningún momento a bandeira da defensa duns foros, nin a superioridade ou maior importancia sobre o resto. De feito, tampouco asumen un mandato máis aló de que os órganos competentes -o Comité e os parlamentarios- desenvolvan o proceso, mais sen arrogarse A Coruña as súas funcións, nin tan sequera propondo que se reúnan na urbe. Recalcan que cómpre adoptar unha actitude afable e conciliadora. Finaliza Somoza defendendo así a moción, que fica aprobada por unanimidade:

Termina diciendo que ser republicano equivale á sentirse autonomista ó viceversa. No crée que ninguna ciudad gallega pueda sentir suspicacia porque La Coruña sea la que despliegue la bandera señera de la autonomía, pero sugiere que del calor que se le preste á la propuesta dependerá en gran parte la asistencia moral y material que los demas pueblos de la region están obligados á prestar.

No pleno da semana seguinte, lese a comunicación do concello compostelán felicitando ao seu homólogo e “el Excmo. Ayuntamiento acordó por unanimidad y sin discusión quedar enterado con especial complacencia de la comunicación, de que se deja hecho mérito”<sup>112</sup>. O

---

<sup>111</sup> Acta 22-IV-1936. AMC, C-166, fols. 53-55.

<sup>112</sup> Acta 29-IV-1936. AMC, C-166, fol. 59.

Estatuto só vai saír de novo o día 24 de xuño, cando o Concello emite un comunicado oficial ratificando “su deseo de que el próximo día veintiocho el plebiscito para el Estatuto Gallego salga triunfante en las urnas”<sup>113</sup>. Nos xornais plásmanse uns actos oficiais de propaganda moi vivos na cidade, como o propio inicio da campaña -algo que se tivo que conceder dende o comité de Santiago-, que suscitou un bando de Alfredo Suárez Ferrín do 7 de xuño dirixido “Al pueblo de Galicia”<sup>114</sup> e que expón esta evolución dende 1932. Por este documento, está claro que o coruñesismo seguía presente, mais dun xeito distinto, e, se ben non se pode facer historia contrafactual, é difícil imaxinar que a cidade deixase as súas reclamacións, unha vez proclamado o Estatuto, de ocupar, como se di, o seu lugar “preeminente” xustificando pola historia. Nunca se saberá o que pasaría, pero o que si semella claro é que, inda coas auto louvanzas e mensaxes subxacentes, as prioridades de fondo en xuño de 1936 non eran a capitalidade, senón outras:

Hoy se inicia en La Coruña la campaña de propaganda que el Frente Popular emprende (...). Y ante la honra que se discierne a esta ciudad comenzando en su recinto esa cruzada, y ante la visita que con motivo de los actos de hoy le hacen ciudadanos de todos los puntos de nuestra tierra, el Alcalde quiere interpretar públicamente los sentimientos de este pueblo, expresando su gratitud por una designación que tanto nos honra a los coruñeses, y su júbilo al ver entre nosotros, como huéspedes de honor, a hermanos nuestros de toda galicia que se nos unen en comunes aspiracións de libertad, cuya realización -ya cercana- permitirá forjar una Galicia espléndida, de la que sus hijos y la República española puedan sentirse enorgullecidos.

¡Gallegos! ¡Hermanos! La Coruña, que desde hace medio siglo tiene implantada en su Consistorio la bandera republicana; La Coruña, siempre liberal y democrática, asomada a todos los horizontes del mar y del espíritu; La Coruña que, por muy gallega, es finamente sensible a todas las grandes inquietudes sociales y humanas, tiene la noción exacta de su misión en este movimiento autonomistas, del que espera grandes provechos para Galicia y para España, y toma su puesto preeminente en la cruzada con el ardiente entusiasmo y recio empeño que corresponden a su carácter y a su historia.

Sed bien venidos a La Coruña, gallegos de toda Galicia, y considerad que os hallais en vuestro propio hogar, pues a todos nos enlaza una íntima comunidad ideal; y yo, en nombre de la ciudad, os brindo abiertos los brazos y el corazón.

#### **4.4.2. Opinión pública e mobilización**

Todos estes avatares políticos gardaron unha estreita relación de causa e consecuencia co que se daba nas redaccións, nos ateneos, nas asociacións e nas rúas da Coruña. Con todo,

---

<sup>113</sup> Acta 24-VI-1936. AMC, C-166, fol. 152.

<sup>114</sup> AMC, C-2618/77.

non foi un fenómeno uniforme nin mantido no tempo. A primeira nova que se atopa do Estatuto é a convocatoria da ORGA coruñesa a unha Asemblea para aprobar un estatuto. Xa nese intre inicial, e durante ese primeiro ano de 1931, *La Voz de Galicia* móstrase partidaria de que exista “un amplio espíritu galleguista”<sup>115</sup> mais considera a convocatoria e discusión do tema como “perentoria” e apurada. A liña editorial que se seguirá é a dun aparente compromiso pasivo, inda que informando de tódolos actos, comunicados e recollendo artigos de opinións de diversas tendencias, igual que se facía eco dos diversos proxectos presentados<sup>116</sup>. Así, xa en maio se aclara que “significaremos en primer término, nuestra sincera adhesión a tal proyecto, porque de antiguo venimos propugnando la necesidad de que se definan y concreten las aspiraciones regionales y se articule el programa de los problemas de Galicia”<sup>117</sup>. O que se destaca desa Asemblea, até o punto de esaxeralo<sup>118</sup>

Dito isto, durante ese verán a cobertura informativa foi moi puntual e, non se abordaba o autonomismo en realción a un beneficio para A Coruña. De feito, durante ese verán, os temas máis relevantes para os intereses da cidade eran as trabas na construción da liña con Zamora e a reforma da estrutura militar por Azaña -tendo esta ecos cos acontecementos de 1893-, que, se non chegou a termo, amosou o nesgo localista da cabeceira<sup>119</sup>. A colación destes temas, xa se deixaba escapar a consideración da urbe como “la ciudad que se ufana con el título de la Capital de Galicia”<sup>120</sup>.

Deste xeito, a cobertura do acto dos parlamentarios en outubro de 1931 xa se enfoca de distinta maneira. Fálase del como “trascendental en la historia y vida de Galicia”<sup>121</sup> e un día

---

<sup>115</sup> LVG, 3-V-1931.

<sup>116</sup> Relativamente maior implicación ca outras cabeceiras rexionais, como o vigués *El Pueblo Gallego*, que nesas datas manifestaba en conxunto coa Asociación de la Prensa de Vigo, a súa negativa a concorrer á Asemblea escusándose no carácter -dende o seu punto de vista- apolítico. (LVG, 2-VI-1931)

<sup>117</sup> LVG, 5-V-1931.

<sup>118</sup> Castro, X. (1985): *O galeguismo na encrucillada republicana*. Ourense: Deputación Provincial, p. 61.

<sup>119</sup> A partir do 10 de xuño, LVG, comeza a publicar informacións e artigos de opinión que informan da ameaza de supresión da Capitanía Xeral de Galicia. Faise empregando o mesmo discurso que empezaría a agromar máis tarde coa cuestión capitalina:

“Mas si otras regiones mantienen íntegros sus prestigios y otros pueblos se aprestan a hacerlos valer, sería inexplicable y hasta depresivo nuestro mutismo. Y no sólo por lo que la antigua Capitanía general de Galicia significa (...) ¿Va a realizarse la supresión (...) sin que se intente siquiera hacer ver al ministro de la Guerra que La Coruña, tan democrática y republicana, se duele del propósito y pide, con títulos para ello, que no se consume o se le busquen atenuaciones?”

<sup>120</sup> LVG, 16-VI-1931. Esta frase en referencia a que se tivese en conta á Coruña na reunión á que ía acudir o alcalde a Madrid para abordar a cuestión da liña ferroviaria.

<sup>121</sup> LVG, 22-X-1931.

antes da mesma era a edición deste xornal a que por primeira vez puña a cuestión da capitalidade enriba da mesa, nestes termos:

Un aspecto cuya solución ha de tener positiva influencia en la orientación de la región gallega autónoma es el de la capitalidad de Galicia. A nuestro juicio, y por muchas razones que nos darían materia para un largo alegato, la capitalidad de Galicia no puede vincularse sino en La Coruña. El mismo hecho de haber sido designada esta ciudad para la reunión de la Asamblea, parece prejuzgar en cierto modo el hecho; pero conviene que en la misma reunión de parlamentarios quede concretado este punto, acerca del cual no puede haber dudas, para evitar ulteriores zalagardas arbitrarias y respingos de amor propio mal entendido, que darían al traste lamentablemente con la labor armónica que va realizada.<sup>122</sup>

Séguelle unha crónica dos motivos económicos, comerciais e históricos que así o propiciarían. A mesma xornada da reunión téimase nisto e mesmo os titulares chegan a ser: “Las primeras sesiones de la Asamblea definitiva serán también en La Coruña, y esta Asamblea designará la capitalidad de la Región”<sup>123</sup> e “La capitalidad de la Región. - El idioma, la enseñanza y la cuestión económica”<sup>124</sup>. É aquí cando se publica *in extremis* o artigo adicional engadido ao proxecto publicado unha semana antes, que tampouco convencen o xornal, que di “sobra el debate acerca de ello”; buscábase unha declaración explícita. Por iso, denúnciase cunhas expresións análogas as que empregaría Iglesias Corral un ano despois:

El problema de la capitalidad, que no es problema, porque sobre él no ha lugar a deliberar, debió quedar ayer plenamente resuelto, pues una ponencia en que no se fija este extremo es incompleta. Con nosotros piensan y sienten muchas de las calificadas personas que asistieron al acto de entrega del nuevo Estatuto.<sup>125</sup>

E malia todo isto, non se volve dar unha noticia directa sobre o proxecto, mesmo cando a primeira semana de novembro sae o novo texto coa referencia á Coruña<sup>126127</sup>. Non se informa moito da proposta de Rajoy Leloup en abril de 1932 nin tampouco da visita da comisión compostelá á cidade a finais de maio, aínda que si da Asemblea preparatoria de xullo<sup>128</sup>.

---

<sup>122</sup> LVG, 24-X-1931.

<sup>123</sup> LVG, 24-X-1931.

<sup>124</sup> LVG, 25-X-1931.

<sup>125</sup> LVG, 27-X-1931.

<sup>126</sup> Si que se referencian algúns actos como unha conferencia sobre o futuro da vida municipal (LVG, 31-X-1931) por Joaquín Martín Martínez -secretario do Concello-, onde se recalca como capital indiscutible. Tamén ten lugar unha pequena polémica cando se lle atribúe ao decano de Medicina a frase “la capitalidad de la región gallega corresponde a La Coruña, pues tiene para ello numerosos méritos” (LVG, 7-XI-1931). Ao día seguinte un telegrama obrígaos a rectificar, e Novo Campelo di que “la capitalidad de Galicia debe ser Santiago, por su Universidad” (LVG, 8-XI-1931).

<sup>127</sup> A significación utonomista do xornal aínda seguía sendo moi tépeda, asociándoo co nacionalismo e separatismo. Na crónica da reunión afirmaron que “el Estatuto no tiene aún ambiente popular (...). La falta de ambiente popular, en una ciudad tans ensible como La Coruña, oedece a que repugna el tono nacionalista que ha venido coloreando todas las tentativas de organización regional (...)”. (LVG, 27-X-1931)

<sup>128</sup> O que si que parece é que a cuestión sobrevoaba. Co gallo do 25 de xullo Faro de Vigo publica un editorial en que defende Santiago como capital, ao que LVG responde con outro (LVG, 27-VII-1932) afirmando que “De la

Igualmente, non haberá comentarios a este respecto sobre o anteproxecto da Comisión redactora. Haberá que agardar a algo aparentemente secundario; un artigo en páxinas interiores do correspondente do xornal en Corcubión, Alejandro Lastres Carrera, o día 17 de novembro, titulado “¿Cuál ha de ser la capital de Galicia?”<sup>129</sup>, en que principalmente critica o silencio que hai sobre un tema tan relevante. *LVG* explica o seu silencio até entón:

Hubiéramos querido respetar el criterio de silencio que la Comisión del Estatuto ha entendido prudente seguir en el asunto de la capitalidad regional; pero en tal forma, con tanta sincera espontaneidad y desapasionamiento lo plantea el señor Lastres y justifica la actual oportunidad para tratarlo, que como nuestro colaborador creemos innecesario y acaso dañoso aplazar más el dar al público acerca de esta cuestión impresiones razonables y valiosas que a nosotros lleguen; ya que a la postre y sin que transcurra mucho tiempo, ha de abordarse en voz alta ese tema que más o menos con sordina anda en labios de todos.

O que vén despois é unha auténtica voráxine, co debate da capitalidade ocupando tódolos días a portada. Iníciase unha discusión por artigos entre Lastres e Victor Casas -antigo orguista coruñés, agora no PG-, con este último acusando o xornal dun “un criterio parcial”<sup>130</sup> e da “inoportunidade” de tratar o asunto: “tampouco haino [dereito] para estar cómodamente sentado agardando a que nol’o den todo feito, como si non houbera mais razón que a de *a mi me da la gana* e a de *si no soy yo me apartaré de vosotros*”.

Enrique Rajoy envía unha nota a *LVG* ao día seguinte onde sinala que se lle atribúen accións á Comisión que non se cinguen á realidade, que o xornal tilda de “madrugadora y harto maliciosa (...) ni campaña contra nada ni erróneas atribuciones a nadie. Deseo, sí, de poner los puntos sobre las íes (...)”<sup>131</sup>. Todo isto mentres seguen os intercambios de artigos entre Lastres e Casas en primeira páxina até o día 23<sup>132133</sup>.

---

capitalidad y de otras cosas será lo que Dios quiera, lo que deba ser y no lo que a cualquier periódico regional, por respetable que sea su tradición, se le ocurra proclamar en un momento de buen humor y entre la alegría de un extraordinario de fiestas”. Unha semana despois é *LVG* quen adica tres páxinas, polas festas da cidade, a artigos, reportaxes, coplas e poemas á Coruña, “lo más europeo de Galicia” (*LVG*, 7-VIII-1932).

<sup>129</sup> *LVG*, 17-XI-1932.

<sup>130</sup> *LVG*, 18-XI-1932.

<sup>131</sup> *LVG*, 19-XI-1932.

<sup>132</sup> *LVG*, 20-XI-1932; 22-X-1932; 23-X-1932.

<sup>133</sup> Chega a tal punto que mesmo se introduce na sección deportiva: “Y el Deportivo, precisamente en la segunda parte del campeonato, y en la segunda parte de los últimos cuatro partidos por él jugados, ha demostrado plenamente merece ostentar la capitalidad del futbol gallego. Capitalidad que ostenta desde el domingo, después de haber eliminado de la contienda a sus más fuertes oponentes: Racing ferrolano y Celta de Vigo.” (*LVG*, 22-X-1932)

Esa semana comeza a mobilización de sectores da cidade. O día 25 a Agrupación A La Tercera República<sup>134</sup> reparte pola cidade o manifesto “La Coruña, capital de Galicia”<sup>135</sup>, que *LVG* califica de “muy correctamente escrito y razonado”<sup>136</sup>. Este grupo sostén que “la pretensión de Santiago de Compostela a la capitalidad de Galicia es absurda” e por primeira vez anúnciase a posición de que “la capital de Galicia no es ni será otra ciudad que La Coruña, o no podrá haber autonomía”. Rexeitan as acusacións de localismo e van rebatendo os argumentos dos artigos de Casas en *LVG*, e respaldan A Coruña como unha cidade moderna, atlántica, a única republicana baixo a Monarquía, e afástanse do nacionalismo. Cren chegado o momento de que non se asista a máis reunións e finalizan con que:

Acabe el silencio con que nos engañamos y diga cada cual lo que sienta, claramente. Sepamos quiénes están a nuestro lado y quiénes están enfrente. Y cuantos organismos y cuanos coruñeses significados sientan verdadero amor a La Coruña, constituyan sin tardar una Junta de Defensa para que prevalezca lo que es justo.

Dous días despois ten lugar o primeiro pleno sobre a capitalidade nestes mesmos extremos, que na prensa se tilda de “brillante”<sup>137</sup> pola intervención de Iglesias Corral<sup>138</sup> e a corporación. *LVG* mesmo reconece que se nega a recoller unha nota da Comisión compostelá, acusándoa de “excederse en sus manifestaciones”<sup>139</sup>, aconsellándolle que faga os eu labor “coa necesaria corrección”. Pronúnciase tamén a Cámara de Comercio cun apoio unánime ao voto particular do alcalde e que *LVG* describe como “muy acertada, patriótica y digna la actitud de la Cámara de Comercio”<sup>140</sup>. Neste ambiente, o alcalde convoca unha Asemblea de forzas vivas

---

<sup>134</sup> Fora fundada ese agosto no contexto da Sanjurjada como organización que buscaba superar o réxime pola súa actitude tépeda perante a dereita e a reacción. Reuníanse no Casino -que por certo lles brindou sempre o seu apoio no tema da capitalidade [Pereira Martínez, C. (1997): “A oposición ó Estatuto de Autonomía de Galicia na Coruña da Segunda República”, en *Anuario Brigantino*, n° 20, p. 159]. Proclamaban actuar á marxe dos partidos -malia que o seu presidente, César Alvajar, era o secretario do alcalde; e Suárez Ferrín formaba parte do comité executivo, entre outros-.

Se se olla a súa composición sobresaen unicamente membros do Partido Radical e do Radical Socialista; os primeiros mantendo moitas reservas ante o Estatuto e os segundos unha oposición frontal. Mantiñan, sobre todo os radical socialistas, unha actuación municipal de ataque aos casaristas, e a autonomía e capitalidade foron instrumentalizadas tamén deste xeito (algo que se repetirá, como se verá, en 1979 co alcalde Merino Mejuto).

<sup>135</sup> AMC, C-2618/2.

<sup>136</sup> *LVG*, 29-XI-1932.

<sup>137</sup> *LVG*, 1-XII-1932.

<sup>138</sup> Esa semana rexístranse varias mostras de apoio, entre elas a do antigo alcalde durante a Ditadura e nese momento presidente do IEG, Manuel Casás. (*LVG*, 2-XII-1932). Este mesmo home reconecería nos seus diarios como coidaba que a negativa do recoñecemento da Coruña como capital tiña a súa orixe nun castigo dos partidarios do Estatuto perante o escaso entusiasmo amosado pola cidade herculina nos traballos estatutarios. Viveiro Mogo, P. (2007): *O Estatuto galego durante a II República*. Sada: Edicións do Castro, p. 82.

<sup>139</sup> *LVG*, 4-XII-1932.

<sup>140</sup> *LVG*, 8-XII-1932.

o día 13 de decembro<sup>141</sup> en que falou o propio director do periódico, Alejandro Barreiro, que definía o seu xornal como “muy gallego, pero muy coruñés”.

En plena Asamblea, adícase unha portada baixo o titular “Recuerdos históricos. Ciudad cabeza del reino de Galicia”<sup>142</sup>, e outro artigo de Lastres Carreras, “Ante el Estatuto de Galicia. No es por ahí...”. A delegación de prensa en Compostela describe o ambiente da cidade como “animación todavía escasa (...) se habían repartido millares de octavillas y en los círculos y casinos las conversaciones giraban más en torno del problema de la capitalidad que acerca de la autonomía y los temas concretos del Estatuto, en los que muchas gentes no parecen fijar extremadamente la atención”<sup>143</sup>.

Despois da Asemblea, a Agrupación A Por la Tercera República reparte un novo manifesto “El escandaloso amaño de la Asamblea de Santiago”<sup>144</sup> en que se declaran sorprendidos pola enorme acollida do seu primeiro manifesto, para pasar a denunciar a reunión compostelá como “amaño caciquil vituperable” por cuestións como o artigo quinto do réxime da Asemblea, que só permitiría a acreditación a entidades que radican en Santiago. Porén, non será o único, nin tampouco a única posición: a Juventud Republicana de La Coruña, do Casino, saca á rúa en xaneiro de 1933 “¿Tiene Galicia Capital?”<sup>145</sup>, onde reconece que se Galicia é capital de facto non cómpre loitar por que o sexa de dereito; que nunca existiu na rexión unha capitalidade “indiscutible”, que Galicia non é Cataluña nin A Coruña Barcelona.<sup>146</sup>

Entre decembro e xaneiro sucédense as entrevistas e conferencias. A Asociación de Prensa da cidade celebra a súa xunta xeral nesas datas e acordou “abstenerse de tomar parte en los actos a los que se le invita en Santiago para tratar de la autonomía de Galicia, fundando esta resolución en el carácter meramente benéfico que la entidad [o Comité Central] tiene”<sup>147</sup><sup>148</sup>.

---

<sup>141</sup> Entre moitos outros nterviñeron e estiveron presentes representacións da Camara de Comercio, Cámara de Propiedad, Escuela de Comercio, Escuela de Artes y Oficios, claustro do Instituto da Guarda, gremio de Armadores de buques, Asociación de la Prensa y de la Profesional de Periodistas, Asociación de Inquilinos, Mutua Mercantil, Centro Iberoamericano ou RAG. (LVG, 14-XII-1932)

<sup>142</sup> LVG, 16-XII-1932.

<sup>143</sup> LVG, 17-XII-1932.

<sup>144</sup> AMC, C-2618/38.

<sup>145</sup> AMC, C-2618/3.

<sup>146</sup> En calquera caso, si que parece que existía un sentimento importante de desaprobación por unha parte dos coruñeses. Nunha carta da librería distribuidora da Coruña, Zincke Hermanos, á Comisión (IEGPS-EST, C-8/55/10) infórmao de que na cidade a venda dos exemplares do Estatuto está a ter unha acollida “algo fría, sin duda por el asunto de la capitalidad”.

<sup>147</sup> LVG, 15-I-1933.

<sup>148</sup> Nunha carta de do Comité Central a A. Villar Ponte (IEGPS-EST, C-8/53/22), informa dunha misiva recibida por esta asociación en que en canto a capitalidade se resolva como “cosa previa” a prensa da Coruña “actuará activa y eficazmente en el asunto de la Autonomía, poniendo en ello todo su interés y todo su fervor”.

Despois do rexeitamento oficial do Concello, o tema seguiu presente: durante ese Entroido, a obra de teatro máis exitosa no teatro Rosalía de Castro foi “Los líos del Estatuto o Miss Capitalidad”<sup>149</sup>, que ademais sería representada polos concellos da contorna. Tamén se producen manifestacións de coruñesismo con calquera excusa, como no centenario de Manuel Murguía, ao que se lle concede unha portada onde se di “La Coruña, más que ninguna otra ciudad de la región (...) ¿Y qué hombre más representativo que Murguía produjo Galicia contemporáneamente? Este coruñés excelso fué durante unos lustros, a modo de faro o de capitalidad espiritual de la región”<sup>150</sup>.

Ao día seguinte de que o pleno rexeitase colaborar economicamente co Estatuto, A por la Tercera República abre unha subscripción de colaboración coa fin de “realizar una campaña contra el Estatuto y a favor de la capitalidad coruñesa”<sup>151</sup>, que a finais de verán suma máis de 1300 pesetas<sup>152</sup>. Esta acción culmina cun gran mítin o 3 de setembro no teatro Rosalía de Castro, en que faláron os membros da organización<sup>153</sup>. As conclusións ás que chegan son a “disconformidad” co proxecto polos “vicios constitutivos de la Asamblea en que fue aprobado” ou teimar na capitalidade coruñesa e nas accións nese senso. Mais tamén redactan outros dous puntos que mostran que baixo a cuestión capitalina subxacía ademais un anti autonomismo, pois protestan contra “toda tendencia nacionalista, franca o encubierta, reconociendo como nación única a la República española” e aínda que din que isto non ten por que ser en prexuízo da autonomía galega, sinalan a “improcedencia da mesma”, por non estar o pobo galego educado e formado para discernir o que supón e solícialo.<sup>154</sup>

Malia a isto, non hai máis constancia dunha continuación da campaña, nin tampouco da organización cidadá que pulou a protesta. Cadra, iso si, co propio devalo autonomista e a mudanza de Goberno en Madrid. Estas posturas a respecto da autonomía e a capitalidade, como xa se viu, logo mudarán coa vitoria da Fronte Popular. Até entón, convén subliñar como A Coruña seguía véndose, tanto dende dentro como dende fóra como a cidade da República en

---

<sup>149</sup> LVG, 2-III-1933.

<sup>150</sup> LVG, 4-IV-1933.

<sup>151</sup> LVG, 3-VIII-1933

<sup>152</sup> LVG, 30-VIII-1933.

<sup>153</sup> LVG, 5-IX-1933

<sup>154</sup> Un seguimento máis polo miúdo deste acto e das accións da Agrupación en Pereira Martínez, C. (1997), op. cit., pp. 166-169).

Galicia, pois un dos actos iniciais de Izquierda Republicana tivo lugar na Praza de Touros da cidade en maio de 1934<sup>155</sup>.

Cando en María Pita se retoma a iniciativa, *LVG* critica, como fixera en 1931 a falta de aviso e preparación: “¿Por qué esta prisa, después de un largo paréntesis que nadie parecía querer cerrar?”<sup>156</sup>. Porén isto axiña muda e dáselle unha ampla cobertura, do mesmo xeito que ocorrera no ámbito municipal. Membros da Fronte Popular e do Comité Central dan charlas pola cidade -como conferencias de Bóveda ou Castela<sup>157</sup>- nas vésperas do grande acto de campaña na Praza de Touros; e sucédense numerosos mítins, multitudinarios e con boa acollida por parte da cidade, onde interveñen personalidades como César Alvajar -daquela en Unión Republicana-, o mesmo que presidira o Comité Executivo de A por la Tercera República. Da capitalidade e viabilidade do Estatuto non se falou<sup>158</sup>. As circunstancias obrigaron a mover as posicións e as prioridades; 1936 non era 1933.

## 5. O proceso estatutario da Transición

A Constitución de 1978 permitía -na Disposición Transitoria Segunda- que aquelas rexións que plebiscitasen no pasado un Estatuto de autonomía puidesen acceder a unha vía especial de acceso a esta. A Xunta preautonómica ficara xa constituída por decreto en marzo de 1978, acolléndose aos réximes provisionais do sistema aínda en fase constituínte. Este órgano acorda abrir a calquera cidadán, grupo, institución ou asociación as aportacións que considerasen para un futuro Estatuto. Coa promulgación da Carta Magna en decembro, convócase ese mesmo mes un grupo de parlamentarios galegos -tamén con forzas extraparlamentarias- que formarán unha comisión de traballo que sintetice esas achegas e redacte un anteproxecto a presentar na Asemblea de Parlamentarios. Estas reunións dilátanse até abril de 1979, cando se remite o Estatuto “dos 16”, sobre o que os representantes galegos acordan en maio refacer un novo en base a unha ponencia de nove membros -de UCD, PSOE e AP-. Este, de carácter máis rebaixado, apróbase pola Asemblea en xuño de 1978 e remítese

---

<sup>155</sup> Asistiron Azaña, Marcelino Domingo e Casares Quiroga. Houbo unha nutrida representación compostelá no mitin, que acudiu en dous autobuses da empresa Castromil. Recollido en Grandío Seoane, E. (2011), op. cit., pp. 81-82.

<sup>156</sup> *LVG*, 23-IV-1936.

<sup>157</sup> *LVG*, 7-VI-1936.

<sup>158</sup> *LVG*, 9-VI-1936.

ás Cortes Xerais. Deste xeito, á volta do verán, entre setembro e decembro, ten lugar a tramitación constitucional do texto.

Nesta fase sofre uns importantes recortes en materia de competencias por parte da Comisión Constitucional que deixan en suspenso a aprobación do novo modelo, que ademais é rexeitado en masivas mobilizacións por toda Galicia baixo a denominación de Estatuto “da aldraxe”. Ao longo de 1980 os partidos galegos van artellando uns acordos, tanto internos coma co resto de formacións que se plasma no coñecido como Pacto do Hostal, a finais de setembro, onde propoñen uns mínimos e que se reactive a tramitación en Cortes. O novo estatuto é admitido polo Estado central e sométese a consulta en decembro dese ano, co protagonismo dunha abstención superior ao 70%.

O proceso autonómico en si difire substancialmente do homólogo republicano. A diferenza do primeiro, a presenza do poder central era moito maior<sup>159</sup> -non é inocente o paso da denominación oficial Estatuto *de* a Estatuto *para* Galicia-. A iniciativa xa non nace dos concellos, senón dos representantes galegos nas Cortes, que se constitúen en Asemblea. Unha vez superado isto, a discusión, rectificación ou modificación do proxecto correspóndelle enteiramente á Comisión Constitucional, podendo reverter ou mesmo paralizar toda a tramitación do Estatuto. Por estas razóns, a riqueza en canto a aportacións ou debates sociais e populares reduciuse; se ben se abriu a calquera asociación que quixer a posibilidade de achegar algo, non había un modelo de base ou referencia, e a participación foi moi baixa. A análise neste capítulo, pois, versará sobre eses órganos de traballo e representación que foron formados por mandato para ir artellando a elaboración da norma no referido á capitalidade.

## 5.1. Proceso de elaboración

Cando os deputados e senadores elixidos nas primeiras eleccións de 1977 forman a Asemblea de Parlamentarios de Galicia reúnen en Santiago, no Pazo de Raxoi, o 25 de xullo<sup>160</sup>. Unha semana despois, na aprobación do seu Regramento de seis artigos non se introduce ningunha referencia ao lugar de reunión<sup>161</sup>. A falta dun documento que dea conta de como se chegou a tal decisión, semella que existía un consenso tácito sobre este feito, sen que

---

<sup>159</sup> Cores Trasmonte, B. (2001): *O Estatuto de Autonomía de Galicia. Documentación oficial (1977-1981)*. Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia, p. 26.

<sup>160</sup> BOXG, nº0, Nadal 1978, p. 3.

<sup>161</sup> Idem.

ningún dos representantes achegase neses momentos queixa algunha ao respecto. Esta situación de facto corrobórase o 18 de abril de 1978, momento en que se constitúe oficialmente a Xunta preautonómica no Pazo de Xelmírez<sup>162</sup>, se ben xa aquí se manifestan os primeiros receos dende A Coruña. A primeira concreción oficial sobre a sé compostelá vén no Regramento de Réxime Interno da Xunta, de maio dese ano, cuxo artigo catro expuña:

Namentras non se estableza a sé definitiva da Xunta, fíxase provisionalmente en Santiago de Compostela. O que ven exposto non prexuzga a localización dos diferentes Departamentos e Servicios administrativos.<sup>163</sup>

Con todo, o propio Decreto-Lei de concesión da Preautonomía sinalaba que esas entidades e órganos tiñan “carácter provisional e transitorio namentres non entren en vixencia as institucións autonómicas de Galicia que xurdan ao achego da Constitución”<sup>164</sup> e o artigo citado xa se adiantaba -sen éxito- a polémicas indicando que esta provisionalidade non prexulgaba nada<sup>165</sup>. Xustamente, a Constitución -no artigo 147, apartado c) *La denominación, organización y sede de las instituciones autónomas propias*- exixía nos Estatutos unha referencia explícita ao lugar de goberno. Non emprega, e isto será importante, o termo *capitalidade*, o que si fai no caso de Madrid, no artigo 5. É máis, tampouco dicía *a sede*, polo que a interpretación do mandato constitucional deixaba a porta aberta a que os organismos estivesen repartidos en varias ubicacións, sempre e cando se especificasen todas elas. E baixo estas premisas e abeiros legais, dá comezo a elaboración do Estatuto.

### 5.1.1. Estatuto dos dezaseis

A Xunta anuncia o tres de xullo de 1978 -aniversario da Asemblea preparatoria de 1932- recabar da “Universidade, Academias Galegas, Partidos Políticos, Centrais Sindicais, Organizacións Empresariais, Colexios Profesionais e demais institucións galegas”<sup>166</sup> propostas para o proxecto. En novembro, acorda “dar traslado”<sup>167</sup>, como elemento de traballo aos Parlamentarios, do materiar recibido, ampliándose o prazo ata decembro, cando se convoca unha reunión para formar un grupo de traballo. Nas vésperas desa reunión, dáse conta de 33

---

<sup>162</sup> O Presidente Antonio Rosón inicia o discurso dicindo: “Hoxe, neste marco histórico de tanto abolengo presidido polo recordo de Xelmírez, inicia a súa existencia a Xunta de Galicia”. (BOXG, nº0, Nadal 1978, pp. 10-12).

<sup>163</sup> BOXG, nº1, xaneiro 1979, pp. 2-6.

<sup>164</sup> BOXG, nº0, Nadal 1978, p. 8.

<sup>165</sup> A Xunta acorda o 6 de novembro dese ano financiar os custos das obras de acondicionamento da á dereita do Pazo de Raxoi para a instalación -provisional, tal e como se di- da Presidencia e a Secretaría Xeral. (BOXG, nº 3, marzal 1979, p. 15).

<sup>166</sup> BOXG, nº 1, xaneiro 1979, pp. 23-24.

<sup>167</sup> BOXG nº 3, marzal 1979, pp. 14-15.

proxectos diferentes<sup>168</sup>, mais á reunión, alén dos grupos políticos representados na Asemblea só acoden seis representacións máis<sup>169</sup>, cuxa solución á capitalidade se procede a reseñar:

O Partido Galeguista, redactou que a actual Xunta preautonómica realizase unha consulta popular sobre o asunto<sup>170</sup>; o Partido Obreiro Galego, sinala que tamén será un referendo quen o decida<sup>171</sup>; o Movemento Comunista de Galicia non designa capitalidade, mais si a sé da Asemblea Nacional Galega, que radicaría en Santiago<sup>172</sup>; e o Partido Carlista non o aborda<sup>173</sup>. As dúas representacións restantes correspondíanse co Club Marketing Ourense, que só se centraba en aspectos económicos e de competencias<sup>174</sup>; e co Colegio Provincial de Secretarios, Interventores y Depositarios de la Administración Local, que simplemente remite que “la organización de la administración autónoma de Galicia corresponderá a las instituciones representativas del pueblo gallego”<sup>175</sup>. Con todo, xa supón unha maior presenza desa referencia explícita ca que houbera en 1931 e 1932.

A reunión finalizou escolléndose a un delegado do PG, POG e PTG para unirse ás forzas parlamentarias. Nace así o grupo dos dezaseis, integrado por, alén dos mencionados, oito membros de UCD; tres, do PSOE; dous, de AP; e un, do PCE. Pensábase como unha ponencia que sintetizase tódalas aportacións<sup>176</sup>. Realizaron o seu labor durante catro meses no Pazo de Raxoi e dirimiron sobre a capitalidade en dúas das catorce sesións<sup>177</sup>. A primeira ocasión foi no terceiro encontro, cando se aproba provisionalmente a redacción dun artigo, o número 7.1. que dicía: “A capital de Galicia é...”<sup>178</sup>. A explicación en acta dos puntos suspensivos é a seguinte:

---

<sup>168</sup> LVG, 17-XII-1978.

<sup>169</sup> APG, s.c., doc. 1. “Acta Reunión de representantes de los Partidos extraparlamentarios, instituciones y estamentos que han enviado aportaciones para la elaboración del Anteproyecto de Estatuto de Autonomía de Galicia”. (26-XII-1978)

<sup>170</sup> LVG, 13-XII-1978.

<sup>171</sup> LVG, 19-XI-1978.

<sup>172</sup> LVG, 15-XII-1978.

<sup>173</sup> LVG, 30-XI-1978.

<sup>174</sup> LVG, 2-XII-1978.

<sup>175</sup> LVG, 30-XI-1978.

<sup>176</sup> Na acta constituínte do 10 de xaneiro (APG, C-s.c., doc. 2. p. 4) aparece unha anotación á marxe sobre o material que tiñan para comezar: “o traballo a que se refire a acta foi elaborado por Anxo Teixeira Piñeiro e titulábase *Estudio comparado dos Anteprojectos. Bases e suxerencias parciais aportadas ao porceso estatutario*”. Intentouse por medio do persoal do APG chegar ao contacto de Teixeira Piñeiro, pois o máis probable é que o documento estivese na súa posesión, mais non foi posible.

<sup>177</sup> Tódalas citas proveñen do APG, C-s.c., doc. 2. “Actas do grupo de traballo para a redacción do Estatuto de Galicia”.

<sup>178</sup> Acta da sesión nº 3, 30-I-1979, pp. 31-40.

Conveuse en deicar na primeira redacción sen escribi-lo nome da capital, existiendo emporiso consenso sobor destes puntos no grupo de traballo: o anteproxecto do grupo nomeará expresis verbis a cidade capital de Galicia, como unha proposta consensual de tódolos partidos que compartirán así a responsabilidade pola decisión; endalí desestimar a opción de dedicar aperta a posibilidade de pospo-la decisión someténdoa a consultas electorais ou referendum así como diferi-lo tema a decisión da Asamblea de Parlamentarios.

Desbotábase pois, a vía da República, decantándose por aclarar o tema canto antes. Está claro que, a diferenza daquela, nese momento existía unha memoria do que fora o preito da capitalidade como para que xa se fose consciente das precaucións que había ter, o que non se aplica a outros artigos. Dous meses despois, na derradeira sesión<sup>179</sup>, o asesor técnico da Xunta, Anxo Teixeira, entregou na reunión un informe onde isto saía a relucir. A respecto do artigo 7, indica:

No párrafo 1 falla cita-lo nome da cidade. Sen pretender facer valoracións políticas sobre o tema, tendo en conta que o artigo 177.c da Constitución obriga a nomea-la sede das institucións autónomas e non a capital, pódese recorrer á fórmula de citar, ao falar de cada institución, a sé da mesma.

É así que nos artigos 13 e 19, referidos, respectivamente, á Asemblea e ao Tribunal Superior de Xustiza, anota como pendente “falla a sé da institución”. En base ao informe, vanse aprobando os textos definitivos. O derradeiro en aprobarse, como ocorrera nos anos 30, é o da capitalidade, e foi o que máis división xerou na votación, pois a práctica totalidade do articulado fora aprobado por unanimidade. Neste caso, sometéronse ao voto dúas propostas:

#### Artigo 7

1. A Capital de Galicia é a cidade de Santiago de Compostela, sé da Asemblea, da Xunta e da Presidencia de Galicia. O Tribunal Superior de Xusticia de Galicia estará emprazado na cidade A Coruña. // O concello de Santiago de Compostela terá un Estatuto Especial, fixado por lei, que o vencellará por igual a todo o territorio galego.
2. A capital de Galicia fixarase polo referéndum do pobo galego previo á promulgación do Estatuto.

A primeira -a aprobada- obtivo 12 votos a favor, un en contra e unha abstención; a segunda, un voto a favor, unha abstención e doce en contra. Malia que o informe técnico suxerise incluír a denominación de *sé*, non se eliminou a da *capital*, cando non era constitucionalmente necesario, e podía aforrar unhas repercusións que sabían -xustamente por querer que a decisión non se pospuxese- que se ían producir . Do mesmo xeito, recóllese algo que non vai variar en adiante, que é que a sé do Poder xudicial está na Coruña; o campo da

---

<sup>179</sup> Acta da sesión nº 14, 5-V-1979, p. 101-113.

polémica, alén do simbolismo da capitalidade en si, centrárase na localización da Xunta e o Parlamento. Sexa como for, sería publicado nesta versión o día sete de abril<sup>180</sup>.

E, se ben a votación era secreta, unha ollada á composición do grupo dos dezaseis e ao posterior percorrido que nisto desempeñarán, non deixa moitas dúbidas que quen se desviou do sentido da elección. Había tres membros da cidade da Coruña; un do PSOE, Xosé Luís Rodríguez Pardo -que na Asemblea de maio pedirá que se acepte o Estatuto dos 16, polo que non sería el-; e dous da UCD: Pablo González Mariñas, quen en 1982 protagonizará os debates da Lei de Sedes, e Lutgarda García Boente. Manuel Reimóndez Portela, presidente da comisión de traballo -tamén da UCD-, nun libro escrito sobre esta xeira no propio ano de 1979 explica que:

Coido que se enfadaron os da Coruña [referíndose aos do seu partido]. (...) ten que deixarse dito que se acordou o da capital por unha democrática votación na que intervimos todos. (...) un abstívose de votar e outro (todos soubemos que fora Lutgarde, incluso é coñecemento do pobo) limitouse a deixar unha alternativa que di [a segunda opción de redacción recollida anteriormente]. Así foi a historia da elección da capitalidade. O demais que se dixo foron ganas de falar.<sup>181</sup>

### 5.1.2. Estatuto da Asemblea de Parlamentarios

O 18 de abril de 1979 a Xunta convoca a tódolos deputados e senadores galegos ao Pazo de Raxoi o 5 de maio para discutiren o Estatuto<sup>182</sup>. A xuntanza é relativamente breve, discutíndose sobre se aceptar ou non o anteproxecto, co resultado de 30 votos contra 9 a favor de constituír unha ponencia de nove membros -seis, de UCD; dous, do PSOE; e un, de CD<sup>183</sup>-<sup>184</sup>. Nese mes redactan un proxecto novo a partir de modificacións do texto existente, e, en canto ao artigo 7 dos dezaseis, que pasa a ser o número oito nesta nova ponencia, acordan:

Artigo 7. Desaparece

---

<sup>180</sup> APG, C-s.c., doc.3. “Anteproxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia. 7 de abril do 1979. Elaborado pola Comisión dos Dezaseis”.

<sup>181</sup> Reimóndez Portela, M. (1979): *O Estatuto dos 16*. Vigo: Galaxia, p. 45.

Por outra parte, o parlamentario coruñés ucedista, Meilán Gil, nun libro escrito o seguinte ano relata que non houbo directrices xerais na UCD aos seus representantes sobre como actuar, que tan as únicas indicacións de carácter unilateral foron “aquellas que emanaban exclusivamente de la respectiva de la provincia”. E por iso di comprender que os da Coruña evitase comprometerse en puntos que “prejuzgaban soluciones que hipotecarían la representatividad de la provincia de La Coruña en el futuro Parlamento gallego” (Meilán Gil, José Luis (1980): *El Estatuto gallego. Por fin unha terra nosa*. Madrid: Latina, p. 24).

<sup>182</sup> BOXG, nº5, maio 1979, p. 2.

<sup>183</sup> UCD: Juan Quintás, Pardo Montero, Sanmartín Losada, Pérez Puga, Iglesias Corral, Meilán Gil; PSOE: Vázquez Fouz e Celso Montero; CD: Jaime Tejada.

<sup>184</sup> APG, C-s.c., doc. 4. “Actas Asemblea de Parlamentarios de Galicia”.

Artigo 8. O párrafo primeiro supón (...) que a Ponencia de Parlamentarios fai desaparecer, nun intento de restar carácter político a autonomía. Non oustante como feito positivo hai que apuntar a integración dos Tribunais de Xusticia entre as Institucións de Galicia.

Artigo 9. Os poderes da nacionalidade galega exércense a través do Parlamento, da Xunta e do seu Presidente e dos Tribunais de Xusticia.<sup>185</sup>

O que se propón á Asemblea é eliminar a designación da capitalidade e tamén a da radicación das sedes, tan só deixando constancia de cales son os órganos de poder. Sorprendente decisión tendo en conta que, aínda que en maior proporción ca nos dezaseis, na ponencia dos nove só había dous membros que mantiñan posturas coruñesistas: Meilán Gil e, ao igual que cando fora alcalde na República, Iglesias Corral, daquela senador pola UCD. Sen embargo, a estas alturas xa se estaba a producir unha intensa campaña mediática e popular dende A Coruña -cun grande acto a finais de maio que se desenvolverá noutro punto-, e que poden explicar un receo que até había uns meses semellaba non aparecer á hora de propoñelo de xeito claro. Non se volverá falar de *capitalidade*, nin de *sede*, en singular.

Meilán Gil explica como antes da derradeira sesión da Asemblea de Parlamentarios, o 25 de xuño, o grupo da UCD reuníronse no Hostal dos Reis Católicos para acordar a estratexia que ían seguir, pois se postergara o pronunciamento sobre a sede das institucións autonómicas. Finalmente decidiuse deixar liberdade de voto para calquera das dúas propostas que había enriba da mesa<sup>186</sup>: unha, deixar a decisión á primeira Asemblea, requirindo unha maioría de tres cuartos; outra engadía que provisionalmente se fixase o Parlamento en Santiago e a Xunta na Coruña -a que defendeu o propio Meilán Gil-. Foi o único punto do proxecto a canda as competencias penitenciarias que non acadou unanimidade: a primeira proposta obtivo 21 votos de apoio, e a restante, 15. O proxecto finalmente aprobado e enviado a Cortes o 28 de xuño - aniversario do plebiscito de 1936- era este:

Artigo 8º. Unha lei do Parlamento, para a aprobación da cal se requerirá o voto favorable das tres cuartas partes dos seus membros, fixará a sede das institucións autonómicas.<sup>187</sup>

---

<sup>185</sup> APG, C-s.c., doc.5. “Informe de modificacións efectuadas pola Ponencia da Asemblea de Parlamentarios ao anteproxecto de Estatuto de Autonomía elaborado pola Comisión dos Dezaseis”.

<sup>186</sup> Meilán Gil, J. L. (1980), op. cit., pp. 28-29.

<sup>187</sup> BOXG, número extraordinario, xullo 1979. “Proxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia. Aprobado pola Asemblea de Parlamentarios de Galicia, en sesión celebrada o día 25 de xunio de 1979”.

### 5.1.3. Tramitación en Cortes

A fase parlamentaria do Estatuto no Congreso dos Deputados de Madrid comezou o día 10 de setembro, coa aceptación das emendas que se recibiran dende que abriu o prazo o 20 de xullo. Durante dous meses, tiña que estudarse e dirimir se se aprobaba ou rexeitaba o texto. Das 393 emendas que os distintos grupos parlamentarios presentaron, só catro aludían ao artigo 8<sup>o</sup><sup>188</sup>, unha tripla do PSOE -o estatal, a canda o vasco e catalán- e unha de CD.

As do PSOE -nº 41, 181 e 281- argumentaban que debía dicir: “Una ley del Parlamento, para cuya aprobación se requerirá el voto favorable de los dos tercios de sus miembros, fijará la sede de las instituciones autonómicas”. Ou sexa, rebaixábase o quorum necesario dende os tres cuartos. Pola súa parte, CD -nº 1- denunciaba que “en cuanto al artículo 8º se produce un notorio olvido del artículo 147 (...) no fijarla [a sé] supone incumplir tal exigencia constitucional”, mais acaba por retirala. É dicir, que ningunha das modificacións pretendidas gardaba unha inclinación localista que se decantase por algunha solución.

A diferenza do que ocorrera -e ocorrerá- no resto dos debates estatuíntes, incluídos os xa vistos da República, a tramitación nas Cortes Xerais foi a única deliberación en que o tema da capitalidade non tivo maior relevancia, nin suscitou apaixonados enfrontamentos por ser o punto de maior división; as ameazas á viabilidade do Estatuto eran outras nese momento. De feito no diario de sesións da Comisión Constitucional<sup>189</sup> o artigo 8 ocupa pouco máis dunha páxina nas máis de 400 que abranguen as deliberacións e votación.

Alfonso Guerra explica a emenda socialista que se presenta e só intervéñen Gabriel Cisneros por “un problema puramente estilístico, gramatical, porque al hacer referencia a los miembros no se sabe claramente a quién se alude”. Propón unha nova redacción, que sería aprobada por unanimidade, tanto dos membros da Comisión coma dos delegados galegos da Asemblea:

Artículo 8º.

Una Ley de Galicia, para cuya aprobación se requerirá el voto favorable de las dos terceras partes de los miembros de su Parlamento fijará la sede de las instituciones autonómicas.<sup>190</sup>

---

<sup>188</sup> APG, C-s.c., doc. 9. “Estatuto de Galicia. Motivos de desacuerdo y consideraciones. Congreso de los Diputados”.

<sup>189</sup> APG, C-s.c., doc. 11. “Diario de sesiones del Congreso de los Diputados. Comisión Consitucional (20 e 21-XI-1979)”, pp. 236-237.

<sup>190</sup> BOCG, nº10-II, 14-XII-1979.

Como é sabido, nesta fase o proceso ficaría paralizado. Non sería até un ano despois cando outro texto superase o ditame da Comisión e as expectativas das forzas galegas. Con todo, para o que atinxe a investigación, non é relevante pois o artellamento da cuestión da sede ficaría inalterada ao longo destas peripecias, non tendo ningunha presenza nas novas discusións. En consecuencia, o Estatuto finalmente sancionado e sometido a referendo en decembro de 1980 contaba coa mesma redacción co recén referido<sup>191</sup>.

## **5.2. Reacción coruñesista**

Dende o momento en que se comeza a falar de preautonomías e autonomías, na cidade da Coruña aparecen xa, tanto por parte das representacións políticas municipais, como da prensa escrita e forzas vivas, manifestacións que deixan patente as aspiracións no novo modelo. Neste senso atopamos dende o comezo unha implicación e mobilización maior e máis temperá da que houbera na República, certamente porque parte dos grupos de interese coruñesistas habían de gardar algún recordo dese momento. Producíranse moitos paralelismos e tamén diverxencias co que tivera lugar catro décadas antes, marcados, neste caso, polo accidentado percorrido que tivo o Estatuto, o que contribuiría a adiar o estoupido da polémica, mais, ao mesmo, tempo deixalo latente durante varios anos.

### **5.2.1. Actuación municipal**

Para se achegar á estratexia seguida a nivel oficial polo Concello nesta fase estatuínte cómpre diferenciar dous períodos: o que vai dende os primeiros trámites para constituír a preautonomía, entre o 1977 e 1978, marcado pola vixencia da corporación franquista; e o que comeza tralas eleccións municipais de 1979, que ademais cadra xustamente coa publicación dos primeiros proxectos de Estatuto, até o referendo de 1980.

O certo é que dende un comezo maniféstase un sentimento pro autonomista. Co gallo do 25 de xullo de 1977 preséntase un rogo para “hacer ondear durante ese día y festivos sucesivos, al lado de la enseña nacional, la bandera de Galicia”<sup>192</sup>. Logo das mobilizacións do 4 de Nadal, maniféstase a “satisfacción”<sup>193</sup> polo éxito das manifestacións masivas, pacíficas e moderadas, aínda que neste sentido o sentimento non é completo, pois certos concelleiros

---

<sup>191</sup> BOXG, nº24, outubro 1981, Estatuto de Galicia.

<sup>192</sup> Acta 19-VII-1977. AMC, C-3800, fol. 232.

<sup>193</sup> Acta 15-XII-1977. AMC, C-3800. fol. 30.

lamentan “el que la bandera española haya recibido, en el transcurso de la misma silbidos, insulto (...)”, e denuncian así mesmo a presenza de bandeiras republicanas, referíndose a un incidente fronte ao Circo de Artesáns<sup>194</sup>. Mais, de novo, non se deixa traslucir unha hostilidade ao proxecto autonómico en si, o que se pon de manifesto coa concesión da Preautonomía, cando o alcalde, Liaño Flores, pide que conste na acta, de novo, a satisfacción da cidade “por esta reivindicación transcendente, y nuestra felicitación a los que la han hecho posible, que es, en definitiva, todo el pueblo gallego”<sup>195</sup>.

Esta boa sintonía muda radicalmente tan só un mes despois, en abril de 1978, cando se oficializa a Preautonomía no Pazo de Xelmírez. Nunha moción plenaria, manifiestan a “alarma”<sup>196</sup> que xa lles trasladaran asociacións e particulares dende que as reunións dos parlamentarios se celebrases fóra da cidade que “siempre hemos considerado como la capital de Galicia”. Explican que non se pronunciaron até ese momento “al objeto de no entorpecer el desarrollo del proceso de pre-autonomía”. Din non escudarse en razóns de tipo sentimental nin de “localismos exacerbados que, en nuestra opinión pueden condicionar gravemente la propia operatividad del Estatuto de Autonomía”. Por iso acordan cinco propostas que se resumen en: manifestar o “desagrado” ante o acto; a “satisfacción”, malia todo, da Coruña pola preautonomía; unha decisión expresa e non por “hechos consumados” sobre a capital; e a remisión á Xunta dun estudo encargado polo Concello. Remátase deste xeito que resume os plantexamentos que se invocarán durante toda a Transición:

Sólo en La Coruña concurren las legitimidades histórica y la existencia de unas estructuras y aparato administrativo capaces de hacer de la Xunta un verdadero órgano de gobierno y, por ello, el pueblo de La Coruña y la Corporación Municipal han de manifestar su rechazo a la decisión de celebrar el acto de Constitución (...) fuera de nuestra ciudad.

A pesar dese silencio oficial, si que dende finais de 1977 houbera certos movementos preventivos por parte das autoridades municipais, se cadra vendo xa as reunións que tiñan lugar en Santiago e anticipándose a unha eventual situación como a que se producira na República. En decembro, solicitáraselle ao cronista do Concello, Juan Naya Pérez, un informe sobre a capitalidade de Galicia, do que sen embargo non houbo trascendencia oficial porque nel se sostíña que “no tiene noticia de que se atribuyese a la ciudad de La Coruña la capitalidad de

---

<sup>194</sup> Entre os que sinalaban este feito atopábase Berta Tapia Dafonte, elixida polo terzo familiar e que sucedería na alcaldía a Liaño Flores durante os primeiros meses de 1979. É a mesma que non se suma á adhesión oficial á Preautonomía porque “no concorda con la política de preautonomías que supone un peligro para la unidad de la Patria” (Acta 15-III-1978. AMC, C-3800, fol 88).

<sup>195</sup> Acta 15-III-1978. AMC, C-3800, fols. 87-88.

<sup>196</sup> Acta 17-IV-1978. AMC, C-3800, fols. 101-103.

Galicia”<sup>197</sup>, aínda que tampouco a ningunha outra cidade. O alcalde solicita en febreiro un novo estudo que sirva para reivindicar a capitalidade<sup>198</sup> realizado por un “grupo de expertos” integrado por: Isabel Martínez Barbeito -arquiteira do Concello-, Francisco Vales Villamarín -cronista de Betanzos e secretario da RAG-, Fernando Urigorri Casado -arquiteiro e bibliotecario da Deputación provincial-, Antonio Gil Merino -director do Arquivo Histórico do Reino de Galicia- e Juan Naya. Con esta composición non é de extrañar que o traballo -alén de que fose o propio alcalde quen o encargase-, entregado en marzo, rematase sinalando A Coruña como a capital de Galicia<sup>199</sup>.

Dúas semanas máis tarde a Comisión Municipal Permanente nomea o concelleiro Luis Ripoll como representante do Concello na Junta de Defensa de la Capitalidad que se formara, onde tamén se ofrece a entrega á Xunta do antigo edificio da Facenda en Durán Loriga como a súa sé<sup>200</sup>. Tamén se creará ese ano o Premio Literario Ciudad de La Coruña, cuxo tema é “La Coruña, Capital de Galicia. Razones históricas, políticas, sociais y económicas que acreditan esta realidad” e que estaría dotado con 650.000 pesetas<sup>201</sup>.

Dáse un paso máis adiante ese verán, ameazando coa interposición dun recurso “contra la fijación de la sede provisional de la Junta de Galicia en Santiago de Compostela”<sup>202</sup>, exixindo desta as actas coas razóns para esta designación. Era a resposta de María Pita á “ilegalidad evidente” que representaba o artigo 4º do Regulamento de Réxime Interno da Xunta. Durante semanas envían telegramas a Rosón, sen resposta até setembro, cando o presidente informa o alcalde de que lle sería remitida a acta<sup>203</sup>, feito que non se chega a producir e provoca que a finais de mes o Concello interpoña finalmente un recurso contencioso-administrativo contra a Xunta<sup>204</sup>.

O tema da capitalidade empeza a ser empregado en relación a outras cuestións de interese para a cidade, como a da ampliación e mellora do aeroporto de Alvedro. Afirmase que

---

<sup>197</sup> LVG, 7-XII-1977.

<sup>198</sup> LVG, 14-II-1978.

<sup>199</sup> AMC, Biblioteca Auxiliar 801 (R. 1301): *Estudio histórico sobre la Capitalidad de Galicia*. Son apenas 25 páxinas de contido, aínda que conta cun apéndice histórico cunha trintena de documentos que se retrotraen até o século XVI.

<sup>200</sup> LVG, 3-V-1978.

<sup>201</sup> Acta 15-IX-1978. AMC, C-3800, fol. 219. Estaba proposto entre outros por Tapia Dafonte, Ripoll, Jaime Meilán Gil ou Emilio Quesada Zato (estes dous seguirían sendo concelleiros logo de 1979).

<sup>202</sup> Acta 8-VIII-1978. AMC, C-3800, fol. 200.

<sup>203</sup> LVG, 9-IX-1978.

<sup>204</sup> LVG, 26-X-1978.

A Coruña está “soportando un asedio por tierra, mar y aire”<sup>205</sup> e que cómpre defender a capitalidade igual cas infraestruturas, pois o contrario “sería traicionar a un legado recibido de siglos”. Precisamente, no discurso de renuncia de Liaño Flores no comezo de 1979, repasando o seu mandato, fai referencia conxunta a isto: “aunque otros temas, como el Aeropuerto de Alvedro o la Capitalidad de Galicia, por no decir más, hayan consumido largas jornadas de trabajo y gestiones, lamentablemente sin resultado positivo hasta ahora”<sup>206</sup>.

Das eleccións de 1979 saíría a primeira corporación democrática dende 1936 - constituída o 19 de abril<sup>207</sup>-, chegando á alcaldía Domingos Merino Mejuto, de Unidade Galega, tras un pacto co PSOE polo cal este último acadaba o mando das cidades de Ferrol e Vigo. A relación de forzas por número de asentos era a seguinte: UCD (8), PSOE (6), UG (5), CD (4), PCG (2), BN-PG (2). Os comicios convocáranse o 3 de abril, e tres días despois publícase a resolución do Grupo dos dezaseis que designa Santiago capital de Galicia, polo que unha dos principais asuntos dos que se ocupan dende o comezo é este, nomeando unha comisión especial<sup>208</sup>, que se reúne varias veces nas seguintes semanas para presentar unhas mocións ante o pleno extraordinario sobre a capitalidade que se convoca o 9 de maio.

Nesta reunión<sup>209</sup>, van intervindo o membro do partido integrado na comisión, de menor a maior representación. O BN-PG manifesta que “siempre consideró la alternativa autonómica como una maniobra antigallega y antipopular (...) para perpetuar el dominio colonial que sobre nosotros ejerce [o Estado español]”, expón as razóns polas que Santiago debía ser a capital política e remata o discurso cun “Pola soberanía popular! Viva Galiza ceibe popular!”. Logo, na quenda de debate, denuncia o silencio de moitos durante a ditadura “que no hicieron nada por defender los intereses de los coruñeses. Únicamente estuvieron al lado de aquellos que eran franquistas y fascistas”.

O PCG, que afirma que “muchos coruñeses están siendo sorprendidos en su buena fe, vienen siendo manipulados que se vienen diciendo abanderados en la supuesta defensa de La Coruña”. Acusa a UCD de que no fondo o que prevalecía era o antiautonomismo e a vontade de atacar unha corporación de esquerdas. Prioriza a consecución do Estatuto que non divida os

---

<sup>205</sup> Acta 15-IX-1978. AMC, C-3800, fol. 226.

<sup>206</sup> Acta 8-I-1979. AMC, C-3801, fols. 73.

<sup>207</sup> Acta 19-IV-1979. AMC, C-3801, fols. 140-146.

<sup>208</sup> Segundo a acta do 9 de maio, a Comisión Permanente Municipal crea unha Comisión Especial para el estudio del tema de la Capitalidad de Galicia, formada polo alcalde e López Menendez (UCD), Antonio Carro (PSOE), Gonzalo Vázquez, Rafael Bárez (PCG) e César Pintos (BN-PG).

<sup>209</sup> Acta 9-V-1979. AMC, C-3801, fols. 158-186.

galegos e asegura que a “bandera de defensa de La Coruña la tiene ganada la izquierda, no en manifestaciones de última hora [refírese ao acto multitudinario que tivera lugar unha semana antes no Pazo dos Deportes], sino luchando desde hace años contra la corrupción y de los caciques”. Na seguinte intervención sinala que UCD se nega a empregar o idioma do pobo galego e que só serven aos “intereses de corrupción urbanística e inmobiliaria”.

CD “teme el despojo histórico” e denuncia a “total omisión [da Coruña] como cabeza de país gallego en el anteproyecto de Estatuto de Autonomía”. E, interpelando ao público que ategaba a sala, pregunta:

De qué somos culpables. ¿De haber sido y seguir siendo cabeza, guarda, fuerza, llave y antemural del Reino de Galicia? ¿De haber fundado A Cova Celta, as Irmandades da Fala o la Real Academia Gallega? ¿De haber tenido siempre un talante liberal y abierto, dentro de una moderación de formas que repugna los extremismos? La reacción del Palacio de los Deportes es la respuesta de nuestra ciudad.

UG, manifesta que o tema da situación das sedes das institucións autonómicas non se tiña que facer durante a confección do Estatuto, senón logo da súa aprobación. Explica que “no existen intereses coruñeses frente a intereses gallegos: el interés de La Coruña fue y será siempre el interés de Galicia”. Sen embargo concede que a cidade conta cunha “especialización histórica innegable” que se materializa en institucións administrativas polas que “se luchará con todas sus fuerzas para que sean aprovechadas”.

O PSOE di que “debe ser denunciado y condenado” calquera intento de retrasar ou paralizar a Autonomía de Galicia. Indica que non poden existir obstáculos ante esta fin, porque facelo “significa favorecer a aquellos que son responsables del subdesarrollo de Galicia y de nuestra ciudad”. Mais, ao igual que UG, remata por sentenciar que, facéndose eco dos cidadáns da Coruña, “expresa su decisión de oponerse a cualquier intento de modificar el actual status de La Coruña. (...) modificarlo supondría un innecesario atranco en la Autonomía por desaprovechamiento”.

UCD desenvolve por que cren que Galicia é unha nacionalidade histórica integrada na patria común española, e por que son autonomistas. Deseguido, fai un repaso histórico até a II República e conclúe que “con independencia de regímenes políticos de distinto tipo, La Coruña ha venido ostentando esa constante histórica de ser Cabeza de Galicia”. Refírese, para ilustralo, á celebración en María Pita do único Consello de Ministros que se reuniu en Galicia dende a restauración da Monarquía.

A votación das mocións dá o seguinte resultado: BNPG -Santiago, capital- só os seus dous votos a favor; CD -Xunta e Tribunal na Coruña e Parlamento en Santiago-, só os seus catro votos a favor; moción conxunta de PSOE, UG, PCG -"La Coruña asumirá tarefas fundamentais del poder ejecutivo y judicial", catorce fronte a trece; e UCD -"La Coruña, capital de Galicia", doce fronte a quince. Como ningunha proposta acadou a maioría, o pleno levántase sen acordo de que postura oficial adoptar. Na seguinte semana réunese de novo a Comisión especial en tres ocasións para tratar de chegar a un acordo para presentar nun novo pleno. Así, esa nova convocatoria celébrase o día 21 de maio<sup>210</sup> cun texto xa acordado pola totalidade dos grupos agás do BN-PG, que abandonou a Comisión.

A moción, de catro puntos e redactada en galego, considera a consecución da autonomía como "primeira e irrenunciable" e teima no carácter autonomista da Coruña; queren a súa equiparación do Estatuto cos das outras dúas nacionalidades históricas; expresa o desexo da Coruña de asumir a vangarda dos intereses de toda Galicia "como Cabeza, Garde, Chave, Forza e Antemural do antigo reino de Galicia que a definen" e, en consecuencia, reclámase, cando menos, a sede da Xunta e do Presidente. César Pintos, do Bloque, desmárcase do comunicado e deféndese das críticas asegurando que:

"Menos leccións, que tódolos partidos políticos representados na corporación formaban parte dos 16 que recoñeceu Santiago. Isto é unha loita meramente localista, cando o problema da Coruña é un problema conxunto da nación galega".

Con este acordo, non se volve abordar en pleno a capitalidade, nin sequera cando en outubro dese ano se introduce na orde do día un debate sobre o Estatuto<sup>211</sup>, centrándose as intervencións na ampliación de competencias e en conseguir os máximos límites dentro da Constitución. Un mes despois, cando a Comisión Constitucional emite o seu veredicto, a corporación acorda enviar un telegrama de protesta ao Consello de Europa, pola "discriminación estatutaria de Galicia"<sup>212</sup>, cos votos en contra da dereita e o BN-PG. O 6 de decembro, logo da "manifestación da aldraxe", a alcaldía comunica o recibimento dun escrito da Xunta onde aceptan o ofrecemento que fixeran meses antes de deixar o edificio de Facenda de Durán Loriga para o asentamento eventual de consellerías<sup>213</sup>, se ben isto nunca se chegaría a concretar. Daquela prodúcese un baleiro, que cadra co devalo do propio Estatuto. Non aparece ningunha mención en todo 1980 e 1981, nin sequera ao referendo. Habería que agardar a 1982,

---

<sup>210</sup> Acta 21-V-1979. AMC, C-3801, fols. 187.

<sup>211</sup> Acta 22-X-1979. AMC, AC-3801, fols. 141-167.

<sup>212</sup> Acta 22-XI-1979. AMC, C-3801, fols. 193-208.

<sup>213</sup> Acta 6-XII-1979. AMC, C-3801, fols. 233-234.

xa coa concreción do proxecto e cun horizonte onde a ameaza se materializaba, para que o tema agromase de novo, con máis forza aínda.

### 5.2.2. Opinión pública e mobilización cidadá

Os primeiros movementos xorden a partir de outubro de 1977, mentres a delegación de parlamentarios negocia a preautonomía en Madrid, e prodúcense en forma de artigos de opinión ou cartas ao director -ningunha anti coruñesista-, sen maior transcendencia que esta; unhas visións persoais nas que impera a incerteza por non poder suxeitarse a nada en firme. O día 14 de abril de 1978, catro días antes do acto de constitución da Xunta -algo xa, agora si, firme- infórmase dunha reunión de medio centro de “representaciones diversas coruñesas”<sup>214</sup> no Casino para abordaren a situación presentada. Acordan reunirse de novo o día 17, cando constitúen unha xunta cidadá que había velar polos intereses da cidade, baixo o nome “Junta de Defensa de la Capitalidad”<sup>215</sup>, o que remite claramente ao episodio de 1893 e tamén ás invocacións populares que se fixeron en 1932-1933 nese sentido. Asíñase nesa sesión un documento onde acordan que Liaño Flores non acuda a Xelmírez e o envío dun telegrama de protesta a Rosón. Se nos detemos nas sinaturas e adhesións, en efecto, non se atopa ningunha política como tal, mais o patrón común que se observa é o de entidades máis elitistas e exclusivas ca populares<sup>216</sup> -non hai ningún sindicato ou asociación veciñal-.

Dentro da Junta, van adquirir un crecente protagonismo nas reivindicacións dúas organizacións: Amigos de La Coruña<sup>217</sup> -fundada e presidida por González Dopeso- e Asociación de Amas de Casa<sup>218</sup> -cuxa presidenta era Begoña Bonet-. A esa xuntanza inicial e ás seguintes acoden José Luis Meilán Gil ou Francisco Vázquez, aínda que como apoio externo -no caso de Dopeso, como presidente de Amigos- xa que a Junta se definía como apolítica,

---

<sup>214</sup> LVG, 15-IV-1978.

<sup>215</sup> LVG, 18-IV-1978.

<sup>216</sup> Peña Taurina, Real Academia de Medicina, Cooperativa del Mar de Armadores, Reunión de Artesanos, Club del Mar, Club de Tenis, Casino de La Coruña, Colegio de Ingenieros, Técnicos de Obras Públicas, Cántigas da Terra, Amigos de La Coruña, Amas de Casa, Colegio de Procuradores, Asociación de Representantes de Comercio, Club Deportivo, Real Club Náutico, Colegio de Agentes Comerciales, Real Aéreo Club, Liceo La Paz, Asociación de Armadores de Buques de Pesca e Asociación cinematográfica Coruñesa.

<sup>217</sup> As primeiras novas sobre a mesma e até 1978 só se referiran a accións en razón de encamiñar a precaria situación económica do Deportivo.

<sup>218</sup> Fora fundada a finais de 1966 e, se ben só admitía casadas ou cabezas de familia, dende o 75 implicárase activamente en temas como o control dos prezos, cuestións urbanísticas, mais o público era o das mulleres de clase alta, cun ámbito de actuación nos barrios céntricos da cidade, e non nos novos barrios. Pódese consultar máis en Docampo, Paco; Losada, Antón; Ventureira, Rubén (2016): *50 años de historia. Asociación Provincial de Amas de Casa, Consumidores y Usuarios de A Coruña*. A Coruña: APACUCAC.

mais axiña se converten en oradores habituais nos encontros que empeza a realizar na Casa del Mar ou o Circo de Artesáns<sup>219</sup>.

En maio reciben un telegrama de Rosón en que este acepta reunirse coa Junta en Santiago<sup>220</sup>, mais ao final non concorren á cita en protesta polo Regulamento de Réxime Interno aprobado pola Xunta<sup>221</sup>. Aínda así, a estratexia que nese momento se segue é unicamente a de procurar reunirse coas distintas autoridades, como nese mesmo verán intentan, sen éxito, con Adolfo Suárez<sup>222</sup>. O que si que se mantén é un apoio firme ás decisións que vai tomando o Concello de Liaño Flores, dende os telegramas, aos plenos extraordinarios ou á interposición dun recurso á Xunta<sup>223</sup>. En outubro fan público o seu primeiro manifesto -bilingüe- en que lles exixen aos parlamentarios coruñeses que manifesten cal é a súa postura e que “tomen a su cargo, firmemente, la defensa de La Coruña”<sup>224</sup>.

A partir de 1979 inician unha estratexia máis firme e sostida de cara as eleccións municipais de abril. En febreiro, a fin de iniciar un proceso de “construcción democrática” no seu seo, reúnen en María Pita con altos representantes da Banca, a Xunta do Porto ou a Cámara de Comercio, así como “personalidades coruñesas”, para conformaren, nas súas palabras, “un organismo que integre a las fuerzas vivas de la ciudad”: crean así unha sección xurídica, outra económica e unha terceira de relacións públicas, integradas cada unha delas por cinco persoas de “prestigio local”<sup>225</sup>. Non se especifica máis sobre quere dicir isto último e quen inclúe, pero o certo é que se constata que segue a ser un movemento eminentemente elitista en canto á súa composición, sen aínda conexión cos grupos de barrio e traballadores, orbitando ao redor de argumentacións abstractas e lexitimacións históricas para defender a “honra” da cidade. Sexa como for, conseguen reunirse con Suárez<sup>226</sup> e inician unha campaña de propaganda con pegatas e cartaces, baseada nun decálogo de actuación<sup>227</sup> que erixe a capitalidade como eixo ao redor do cal viran outros intereses como a expansión do aeroporto de Alvedro, mais tamén a descentralización universitaria, a subsede para o mundial de 1982, a

---

<sup>219</sup> LVG, 25-IV-1978.

<sup>220</sup> LVG, 14-V-1978.

<sup>221</sup> LVG, 16-VI-1978.

<sup>222</sup> LVG, 1-VIII-1978.

<sup>223</sup> LVG, 28-VI-1978.

<sup>224</sup> LVG, 26-X-1978.

<sup>225</sup> LVG, 16-II-1979.

<sup>226</sup> LVG, 28-II-1979. Suárez afirma que é un asunto competencia dos parlamentarios gaelgos pero que “no toleraría que en La Coruña haya un proceso degradante”.

<sup>227</sup> LVG, 28-II-1979.

conexión por autoestrada con Ferrol ou a creación dunha mancomunidade de municipios da área coruñesa.

Non se inclinan por ningún candidato ou lista, simplemente chaman a votar polos candidatos que defendan claramente a cidade. A conxuntura que muda esta aparente neutralidade é o acceso á alcaldía do nacionalista Merino Mejuto e a publicación do Estatuto dos dezaseis, coa designación de Santiago como capital. Apenas unha semana despois, convócase unha asemblea aberta na Cámara de Comercio presidida pola Junta, Amigos e Amas de Casa, adoptando esta última un rol determinante, ao asegurar que tiña máis de 4.000 afiliadas dispostas a presionar ás autoridades, que celebrarían asembleas extraordinarias sobre o tema e irían -agora si- por tódolos barrios da cidade, xa que da capitalidade, aseguraba Begoña Bonet, “dependía el porvenir de gran número de familias de La Coruña y de sus hijos”<sup>228</sup>.

Nesa reunión acórdase a convocatoria dun acto multitudinario para o día 27 no Pazo dos Deportes para que “el Ayuntamiento de La Coruña asuma la dirección de la campaña en defensa de la capitalidad de Galicia”<sup>229</sup>. A propaganda foi intensa e LVG colaborou activamente por que así fose. O resultado foi un éxito de convocatoria maior do agardado, con máis de 10.000 persoas que encheron o recinto e que se converteu nun mítin contra o PCG e BN-PG, ausentes, e, sobre todo, contra o alcalde, a quen lle deixaron unha cadeira baleira. Begoña Bonet incitou aos asistentes a marchar cara o Goberno Civil e María Pita<sup>230</sup>. O alcalde declara á prensa que o acto se enfocou contra el porque no fondo “es un intento de desprestigiar la figura de un alcalde democrático”<sup>231</sup>.

En relación con isto, fica aínda patente como o momento pola capitalidade non conseguira introducirse no tecido asociativo de base da cidade. Asociacións veciñais como a de Visma<sup>232</sup>, do barrio das Flores<sup>233</sup>, das Atochas e Monte Alto<sup>234</sup>. Tamén o fan as CCOO locais

---

<sup>228</sup> LVG, 18-IV-1979.

<sup>229</sup> LVG, 25-IV-1979.

<sup>230</sup> LVG, 28-IV-1979. Asistiron González Dopeso, Blanco Rajoy ou Francisco Vázquez, quen, segundo a crónica, foi o que levou a maior ovación do público.

<sup>231</sup> LVG, 29-IV-1979.

<sup>232</sup> LVG, 1-V-1979.

<sup>233</sup> LVG, 5-V-1979.

<sup>234</sup> LVG, 11-V-1979. Din expresamente “Dónde estaban esos señores cuando se pretendía usurpar la Cantera de Santa Margarita o bien el asunto de las instalaciones del Deportivo en la zona de la torre (...) Las AA.VV. somos ‘amigos de toda La Coruña’, no de unos coruñeses en particular (...) coruñeses de muy buena fe se vieron involucrados en una manifestación muy bien orquestrada con unos fines muy claros: desprestigiar la imagen de un alcalde elegido democráticamente, por unas reglas de juego confeccionadas por los Amigos de La Coruña.”

ou os traballadores da sección local da Seat<sup>235</sup>, así como os da Telefónica, que o consideran “unha cuestión de debate pero nunca de división entre a clase traballadora e os sectores progresistas da Coruña e Galicia”<sup>236</sup> e que o verdadeiro obxectivo era “a dimisión do primeiro alcalde elixido democraticamente dende hai moitos anos”.

Con todo, o acto conseguira poñer o preito da capitalidade no centro da axenda mediática. A primeira semana de maio celébranse en Radio Coruña dous debates en que participan o alcalde e un representante da Junta, de Amas de Casa, de Amigos e das asociacións veciñais. A Junta aproveitou este pulo de visibilidade para abrir unha conta nos bancos Bilbao, Pastor e Hispano Americano para que a cidadanía realizase aportacións para sufragar os gastos das accións<sup>237</sup>. E após os plenos extraordinarios de maio, Junta, Amigos e Amas de Casa convocan unha primeira manifestación o 21 de xuño -tildado de “día C”, coincidindo cos debates do Estatuto na Asemblea de Parlamentarios-, para a cal se celebran conferencias informativas previas en que participan representantes dos convocantes, como a dirixida á Sociedad Recreativa de La Gaitera, ao Centro Deportivo Español de Santa Lucía ou nos habituais Circo de Artesáns e Cámara de Comercio. Pola súa parte, Amas de Casa confecciona máis de cen mil octavillas bilingües e conseguen a adhesión das agrupacións folclóricas Cántigas da Terra, Os Gaiteriños e Os Zoqueiriños<sup>238</sup>. A manifestación reuniu 30.000 persoas, un aumento moi notable en só dous meses, cun contido e consignas que deixaban ver un apoio máis transversal<sup>239</sup>, se ben non era aínda maioritario.

Despois disto, pouco máis aparece no resto do proceso estatuínte<sup>240</sup>. Hai que ter en conta que a mobilización viña pola sensación percibida de inminencia, mais a mesma consecución dunha autonomía tornábase afastada no horizonte dende que o proxecto fora entregado a Cortes, e con ela tamén calquera disquisición sobre a capitalidade. Mesmo na campaña do plebiscito as organizacións da Junta como Amigos de La Coruña ou Amas de Casa chaman á participación: “Ante el referendo vota libremente ¡Sí! o ¡No! pero... ¡Vota!”<sup>241</sup>, polo

---

<sup>235</sup> LVG, 6-V-1979.

<sup>236</sup> LVG, 3-V-1979.

<sup>237</sup> LVG, 9-V-1979. Criticaban, por exemplo, o Concello por cobrarlles o alugueiro do Pazo dos Deportes.

<sup>238</sup> LVG, 15 e 20-VI-1979.

<sup>239</sup> Entre as consignas e pancartas había en galego e castelán, e dende un discurso autonomista a un abertamente nacionalista: A Cruña coa autonomía/ A Cruña é e será capital/ Coruñeses cobardes e cativos de espírito, a capitalidade é nosa. / Malnacidos os fillos que venden a nai que os criou ¡Viva a Coruña capital de Galiza! ¡Viva Galiza Ceibe!

<sup>240</sup> Agás unha polémica entre a Junta e o alcalde por afirmar este nunha entevista que o preito da capitalidade era unha disputa de “burguesías localistas que se disputan privilegios locais”. (LVG, 18-VII-1979).

<sup>241</sup> LVG, 13-XII-1980.

que cabe pensar que se chegou á consecución da Autonomía cunha certeza de que A Coruña, dende a súa perspectiva, non saíra perdendo, aínda que implicitamente renunciaran aos máximos iniciais, que se correspondían co “no ha lugar a debatir” de 1932, aceptando a lei aprobada por dous terzos do Parlamento. Por iso, en diante desaparece xa a Junta de Defensa como tal, e a mobilización coruñesista presentárase conxuntamente, mais mantendo a súa individualidade.

Con todo, hai un primeiro intento de coruñesismo político coas eleccións galegas de 1981. Circulan rumores de que membros da antiga Junta vanse constituír como partido, o que finalmente ocorre en setembro, cando se crea a candidatura de Independientes en Defensa de la Capitalidad de La Coruña (IDC), allea, iso si, ás asociacións da Junta -aínda que o fundador, Comerma, estivera no 78 na súa constitución-. É máis, as críticas diríxenas contra os que antes simpatizaban con eles e pasaran a ser en adversarios políticos: a Paco Vázquez por aceptar baixar de tres cuartos a dous terzos a maioría necesaria para a votación; a González Doposo, antigo presidente de Amigos de La Coruña, que aceptase ir de número dous por AP, unha candidatura que “no defiende claramente la capitalidad de La Coruña y cuyo número uno es un santiagués”<sup>242</sup>; e a López Menéndez por non celebrar unha nova convocatoria no Pazo dos Deportes. Amas de Casa, sen embargo, fica á marxe e chama a votar “por Galicia”<sup>243</sup>. Porén, só acadou 5.500 votos, en quinta posición na cidade.

## **6. Etapa autonómica: Lei de Sedes**

A sanción do Estatuto de Autonomía para Galicia o 6 de abril de 1981 abriu a porta a deixar, por primeira vez, a provisionalidade para asentar definitivamente a estrutura autonómica. En outubro celebráronse as primeiras eleccións galegas, das que non saíu ningunha maioría absoluta, mais si un lixeiro predomino de AP, que superaba a unha UCD que se adentraba no seu esmorecemento, no centro e dereita; e do PSOE, na esquerda. O 19 de decembro, no Pazo de Xelmírez constituíase o Parlamento de Galicia e o 7 de xaneiro, Xerardo Fernández Albor era investido Presidente da Xunta, no mesmo lugar.

---

<sup>242</sup> LVG, 6-X-1981.

<sup>243</sup> LVG, 18-X-1981.

A primeira lei que aprobaría o novo poder sería á que se refería o artigo 8. Por primeira vez habería que decidir de xeito taxativo sobre o tema, desta volta sen posibilidade xa de adialo ou encomendalo a unha instancia ulterior. No resto do Estado español, en plena construción autonómica, as vías adoptadas foron variadas<sup>244</sup>, mais en ningún caso xeraron o nivel de división e mobilización que suscitou en Galicia.

## 6.1. Redacción

O 23 de abril de 1982 o conselleiro da Presidencia envíalle ao Presidente do Parlamento unha carta en que o informa da aprobación do Consello da Xunta do proxecto de Lei de Fixación da Sé das Institucións Autonómicas coa seguinte redacción proposta:

Artículo único:

Se designa a Santiago de Compostela como sede del Parlamento, de la Xunta de Galicia y de su Presidente, sin perjuicio de que se puedan situar en otras ciudades servicios centrales de la Xunta cuando así lo aconseje la proximidad a otras instituciones estatutarias o se trate de mantener los actuales existentes en aquellas.<sup>245</sup>

Ábrese nese momento un praza para a presentación de emendas por parte dos grupos parlamentarios até o 24 de maio<sup>246</sup>. Nese tempo, cada partido propón uns representantes para conformar a Comisión especial que ditamine o proxecto lexislativo en base ás alternativas achegadas<sup>247</sup>. En total foron tramitadas dezasete emendas<sup>248</sup> que se proceden a expor seguindo a orde de número de representación na Cámara.

---

<sup>244</sup> Recóllese moi ben isto en Fernández-Miranda, J. (2010): *El Estado de las Autonomías y la consagración de la sede de las instituciones autonómicas. Significado y régimen jurídico*. Pamplona: Aranzadi. Das 17 estatutos, once consagran directamente a capitalidade (Madrid, Murcia, Navarra, A Rioxa, Canarias, Cantabria, Extremadura, Baleares, Cataluña, Aragón e Andalucía); en dúas faise indirectamente ao sinalar a sé das institucións autonómicas (Valencia e Asturias); e en catro se remite á concreción dunha lei posterior (as dúas Castelas, País Vasco e Galicia).

Non en todas se opta por asociar capitalidade con sede de institucións, e en non poucos casos os poderes están deslocalizados (Andalucía ou Murcia), non hai unha única capitalidade (Canarias) ou esta non se atopa necesariamente na cidade máis poboada e dinámica (Extremadura ou País Vasco).

<sup>245</sup> APG, C-01/PL-0001, doc. 2., Rexistro Xeral de Entrada (RE) nº 279.

<sup>246</sup> BOPG nº 8, 6-V-1982.

<sup>247</sup> BOPG, nº13, 1-VI-1982, pp. 2-3. A composición era a seguinte [en negriña os coruñesistas]: AP: **José González Dopeso**, Ramón Castromil Ventureira, Mariano Rajoy Brey, Benito Iglesias Cacicedo, Pablo Moure Mariño, José Carlos Rodríguez González; UCD: **Fernando García Agudín**, **Pablo González Mariñas**, Gerardo González Martín, Aurelio Miras Portugal, José María Pardo Montero, Miguel G. Piñeiro Sánchez; PSOE: Juan Manuel Iglesias Rivera, Benito García Dorgambide, Manuel Couce Pereiro, Antonio Gato Soengas; Grupo Mixto: Lois Diéguez Vázquez (PCG), Anxel Guerreiro Carreiras (Bloque-PSG).

<sup>248</sup> BOPG nº13, 1-VI-1982, p. 4.

**Alianza Popular** presenta unha -a nº 6<sup>249</sup>- a través dos deputados da Coruña José González Dopeso, Manuel Morán Morán e Manuel Eirís Cabeza. Propoñen catro artigos que virían a establecer o Parlamento e Presidencia da Xunta en Santiago, e a Xunta e o Tribunal Superior de Xustiza na Coruña. Na xustificación adscriben razóns de “desconcentración y descentralización”. A potestade lexislativa debe ir a Santiago “centro vivo y creador de cultura hispana y gallega en todos sus aspectos y manifestaciones. (...) ciudad de dimensión universalista, por su indiscutible signo espiritual, será así el centro en el que se elaboren las leyes que permitan a Galicia el rescate de su verdadera identidad”; mentres que A Coruña reúne a infraestrutura “idónea” para a sede do executivo pois “desde el año 1563 ostenta la capitalidad fáctica de Galicia (...) El sentimiento de la ciudad de La Coruña, de integrarse en la tarea autonómica, tiene la suficiente entidad para justificar por sí sola una legítima pretensión”.

A **UCD** presenta seis -as nº10<sup>250</sup>, 11<sup>251</sup>, 12-13<sup>252</sup>, 15<sup>253</sup>, 16<sup>254</sup> e 17<sup>255</sup>-. A primeira era unha emenda á totalidade de Pablo González Mariñas e Fernando García Agudín -da Coruña- ante “las deficiencias técnicas, la imprecisión y la carencia de modelo”. Redactan catro artigos que ubican o Parlamento en Santiago, e a Xunta, Presidencia, Consellerías e Tribunal Superior na Coruña. A outra emenda á totalidade non seguía a mesma liña; redáctana Emma González Bermello e Gerardo González Martín -elixidos por Ourense e Pontevedra- polo carácter “ambigüo”, argumentando que “Santiago de Compostela reúne las características necesarias para responder a la voluntad mayoritaria del pueblo gallego y es, al propio tiempo, un símbolo de Galicia que a lo largo de los siglos ha representado a la Galleguidad”. En consecuencia, acordan que tódalas institucións estean en Santiago.

Manuel Iglesias Corral achega dúas emendas, sobre a base de que en primeiro lugar “la palabra sede alude a una radicación. No admite cualquier interpretación extensiva por la que pudiera identificarse o confundirse con el concepto de capitalidad”. Pide que o proxecto se devolva á Xunta para que xustifique tecnicamente a decisión, pois estima -tal e como fixera en 1932- que co dese momento no ha lugar a deliberar. A proposta que fai é a de deixar en Santiago só o Parlamento pois “la ciudad de La Coruña cuenta con la urdimbre administrativa

---

<sup>249</sup> APG, C-s.c., doc. 22, “Emenda Grupo Alianza Popular. (RE 369)”.

<sup>250</sup> APG, C-s.c., doc. 23, “Emenda. Grupo Centrista de Galicia-UCD (RE 373)”.

<sup>251</sup> APG, C-s.c., doc. 24, “Emenda. Grupo Centrista de Galicia-UCD (RE 374)”.

<sup>252</sup> APG, C-s.c., doc. 25-26, “Emenda Grupo Centrista de Galicia-UCD (RE 375-376)”.

<sup>253</sup> APG, C-s.c., doc. 27, “Emenda Grupo Centrista de Galicia-UCD (RE 378)”.

<sup>254</sup> APG, C-s.c., doc. 28, “Emenda Grupo Centrista de Galicia-UCD (RE 379)”.

<sup>255</sup> APG, C-s.c., doc. 29, “Emenda Grupo Centrista de Galicia-UCD (RE 380)”.

más idónea para ese objeto. En Compostela habría que hacer un montaje total, de inaudito coste, dificultades y trastornos”.

A emenda de José María Pardo Montero e Víctor Vázquez Portomeñe -ámbolos dous de Lugo- reserva para A Coruña só o Tribunal Superior, inda que se engade un artigo que proclama que se poden situar órganos administrativos noutras localidades por cuestións de eficacia. Outra, de Miguel Piñeiro Sánchez e José Castro Suárez -de Pontevedra e Ourense- consideran que todos os órganos deben situarse en Santiago. A última emenda está asinada, en nome de todo o grupo parlamentario, polo portavoz Javier Suárez-Vence Santiso, onde critican que se enviase directamente a redacción sen informes nin discusións previos co resto de partidos, e sinalan AP como culpables de converter esta lei nun “instrumento de discordia entre los gallegos, y, en el seno de los Partidos políticos, provocando posturas de enfrentamiento que en nada favorecen el asentamiento de la autonomía.

No **PSOE** emítense dúas emendas conxuntas Francisco Vázquez e outra xeral -nº 7<sup>256</sup>, 8<sup>257</sup> e 9<sup>258</sup>-. Nas primeiras rexéitase o proxecto da Xunta e, na liña doutros deputados coruñeses, opta por que o legislativo se emprace en Santiago e os restantes na Coruña -se ben concede a Presidencia a Compostela-. A novidade destas emendas -as nº 7 e 8- é que lle engade unha Disposición Transitoria que di: “El Parlamento de Galicia solicita a las Cortes Generales y el Gobierno de la Nación, que la Delegación General del Gobierno tenga su sede ordinaria en La Coruña”. O grupo parlamentario en conxunto, a través do portavoz Ceferino Díaz, remite unha proposta de articulado en que propugnan que a Administración basearase nos principios de “eficacia, descentralización, desconcentración e coordinación, e terá en conta a ubicación actual dos servicios centrais na Coruña e noutras cidades de Galicia”.

Por último, o **Grupo Mixto** aporta cinco emendas -as nº 1<sup>259</sup>, 2<sup>260</sup>, 3<sup>261</sup>, 4<sup>262</sup>, 5<sup>263</sup>-. Camilo Nogueira, por Esquerda Galega, xustifica escoller Santiago agás para o poder xudicial por “suscitar” a unión de tódolos galegos; “carece, en si mesma, de poder económico” polo que considera que se evitan corrupcións pola súa asimilación co político; “Santiago é unha cidade

---

<sup>256</sup> APG, C-s.c., doc. 19, “Emenda Grupo dos Socialistas de Galicia. (RE 370)”.

<sup>257</sup> APG, C-s.c., doc. 20, “Emenda Grupo dos Socialistas de Galicia. (RE 371)”.

<sup>258</sup> APG, C-s.c., doc. 21, “Emenda Grupo dos Socialistas de Galicia. (RE 372)”.

<sup>259</sup> APG, C-s.c., doc. 13, “Emenda Grupo Mixto. (RE 363)”.

<sup>260</sup> APG, C-s.c., doc. 14, “Emenda Grupo Mixto. (RE 365)”.

<sup>261</sup> APG, C-s.c., doc. 15, “Emenda Grupo Mixto. (RE 366)”.

<sup>262</sup> APG, C-s.c., doc. 16, “Emenda Grupo Mixto. (RE 363)”.

<sup>263</sup> APG, C-s.c., doc. 17, “Emenda Grupo Mixto. (RE 363)”.

universal (...) feito simbólico para o proceso de construción nacional e en beneficio da presenza de Galiza no mundo é inapreciabel”; e remata por esgrimir o factor de centro xeográfico e a necesidade por eficacia de que todo o executivo se concentre. No relativo á escolla da Coruña para o Tribunal, alega o “acordo tácito ou expreso existente en toda Galiza, de maneira que esta designación cumpre co obxectivo da unidade do noso pobo” e o feito de que estea na cidade a Audiencia Territorial que se deberá de integrar no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Bautista Álvarez, do BPG-PSG -ourensán elixido pola Coruña-, indica -nº 2- que o texto debe eliminarse o proxecto e redactalo de novo; só se establecería na Coruña o Tribunal Superior de Xustiza e, ademais, expón que ten que constar na redacción: “Desígnase Santiago de Compostela capital da Comunidade Autónoma Galega, sede do Parlamento (...)”. Lois Diéguez Vázquez e Claudio López Garrido -ámbolos dous tamén do BNPG-PSG- adhíren as súas emendas -nº 3 e 5- a esta-. A última é de Anxo Guerreiro Carreiras, do PCG, que distribúe os poderes como o BNPG-PSG e na xustificación considera a vertebración política de Galicia “feito indispensable no proceso de reconstrución política, económica e cultural do país, nunha palabra da Reconstrución Nacional de Galicia. (...) fai falla o máximo grao de acordo entre os galegos”, seleccionado Santiago, que “concita o acordo e aceptación da inmensa maioría do pobo galego, como símbolo e síntesis do país”, malia que deixa claro que “non se pretende crear en Santiago ningún novo centralismo nin xigantismo administrativo” e que A Coruña non vai perder a súa infraestrutura administrativa.

Vemos que só no nacionalismo se opta por non renunciar ao concepto de *capital*, malia as implicacións que podía xerar, e por iso desenvolven un argumentario apoiado no histórico e simbólico<sup>264</sup>. O resto asume o carácter máis neutro de *sede*, que ademais xoga coa imprecisión que pode empregarse para distribuír as institucións e que non haxa só unha. Isto reflíctese moi ben nas distintas posicións dos partidos estatais galegos, que intentan atenuar o máximo posible as divisións internas que eles mesmos recoñecen que esta decisión implica. Por iso, por unha banda obsérvase como dende o coruñesismo se renuncia a aspiracións de máximos; xa non se pide a capitalidade da Coruña, nin tampouco a concentración nela de tódolos poderes; mesmo

---

<sup>264</sup> Malia esta posición constante do nacionalismo, cómpre non esquecer que as formacións estritamente galeguistas tamén experimentaron fortes disensións ao redor do Estatuto, aínda que non no punto da capitalidade. Isto supuxo, entre outras, a fin de UG, xa que á hora de conformar a Comisión dos dezaseis, PSG, a diferenza de PG e PSG (Merino Mejuto), negouse a participar. Así mesmo, ante o plebiscito o BN-PG e PSG pediran o voto negativo, mentres que POG instaba á abstención e o PG a votar afirmativamente. En Beramendi, J. e Núñez Seixas, X. M. (1995): *O Nacionalismo galego*. Vigo: Edicións A Nosa Terra, pp. 259-260.

se renuncia ao Parlamento e o campo de batalla pasa a ser, en maior ou menor medida, o executivo -coa Xunta, Presidencia e Consellerías-. Pola outra banda, os non coruñesistas intentan chegar tamén a un punto intermedio, co reparto de sedes: o exemplo máis claro desa aparente equidade e concordia na redacción é o de AP, que louva as vantaxes das dúas cidades -hai que ter en conta que era o partido do Goberno e tiña que xustificar o proxecto de Lei-. Na UCD é onde máis diverxencias internas se amosan porque si que se recolle unha emenda que concentra todo en Santiago, mais, aínda así, tanto UCD como PSOE dirixen as críticas a AP pola elaboración dese proxecto legislativo.

Cómpre non esquecer que estes textos eran públicos, e tanto os representantes coruñeses coma do resto de Galicia tiñan que aparentar un mínimo de compromiso cuns intereses determinados, aínda dentro das siglas do partido que for. Así tamén se entende que Pablo González Mariñas, Francisco Vázquez e Manuel Iglesias Corral fosen os que mantivesen as súas emendas malia contar cunha maioría en contra nas votacións da Comisión especial e en cadanseus partidos.

Esta comisión especial<sup>265</sup> reuniuse entre a tarde do 4 e a mañá do 5 de xuño de 1982 no Pazo de Raxoi. Dela consta unha acta<sup>266</sup> que se limita a sinalar as quendas de intervención e unhas notas manuscritas do secretario<sup>267</sup> que se corresponden coa segunda metade da xuntanza. No proceso de defensa e votación apréciase o voto afirmativo do emendante -como é lóxico- e, no caso de que defenda unha tese coruñesista, as abstencións do resto de representantes coruñeses -agás os do Grupo Mixto-. Nas quendas de refutación, interveñen máis decote e duramente Benito García Dorgambide, Mariano Rajoy Brey e Xerardo Estévez.

Nas notas recóllese como, por exemplo, González Dopeso afirma que A Coruña non ten que sacrificarse por Galicia e que existen prexuízos ao redor dela. Anxo Guerreiro responde que “la ciudad es una ciudad democrática, nunca la tratamos de franquista ni de centralista”<sup>268</sup>.

---

<sup>265</sup> Mesa: José Pardo Montero (presidente, UCD-L), Juan Manuel Iglesias Rivera (vicepresidente, PSOE-O), Benito Iglesias Cacedo (secretario, AP-V).

Vogais: José Castro Suárez (UCD-P), Ramón Castromil Ventureira (AP-SDC), Lois Diéguez Vázquez (BNPG-PSG-L), Xerardo Estévez Fernández (PSOE-SDC), Benito García Dorgambide (PSOE-P), Antonio Gato Soengas (PSOE-L), José González Dopeso (AP-AC), Pablo González Mariñas (UCD-AC), Gerardo González Martín (UCD-V), Anxel Guerreiro Carreiras (PCG-L), Aurelio Miras Portugal (UCD-O), Pablo Moure Mariño (AP-L), Miguel G. Piñeiro Sánchez (UCD-P), Mariano Rajoy Brey (AP-P) e José Carlos Rodríguez González (AP-O).

<sup>266</sup> APG, C-s.c., doc. 37, “Acta de la sesión celebrada por la Comisión especial para dictaminar el Proyecto de Ley de fijación de la sede de las instituciones autonómica”.

<sup>267</sup> APG, C-s.c., doc. 36, “Notas manuscritas da reunión da Comisión. Cuestións abordadas”.

<sup>268</sup> Aínda que se verá en máis ocasións, certas declaracións na prensa aludían ao carácter da Coruña como capital do franquismo en Galicia -como antes o fora na delegación do Estado-, moi asociada as estadias estivais do ditador na contorna.

Mariano Rajoy, aínda formando parte do mesmo partido, advírteo de que “va a votar en contra de AP (...) la historia dará fe de su conducta” e, na quenda de rectificacións, González Dopeso responde que “soy coherente, hago uso de la libertad que me ha concedido AP”.

Francisco Vázquez teima durante a súa defensa nas cuestións técnicas e administrativas, pondo o exemplo de Vitoria como capital vasca que contaba cun soporte administrativo previo, ao que lle rebaten que a elección de Vitoria se dera por cuestións políticas. Do mesmo xeito que en AP, maniféstase a división interna cando se dirixe a Xerardo Estévez para dicirlle que “hay que ser coherente con la línea política del partido” que avogaba pola desconcentración, logo de que o primeiro lle sinalase a imprecisión da súa emenda. Non se pode saber exactamente o que ocorre e o que se di en todo momento, pero si que antes de defender a súa outra emenda, Francisco Vázquez levántase e marcha da sesión.

Tódalas emendas non coruñesistas, dende o Grupo Mixto a AP, foron retiradas polos seus proponentes ent tanto en canto viñan avogar en maior ou menor medida polo mesmo. É así que presentan á Mesa unha emenda transaccional coa seguinte redacción:

Artigo 1. Désígnase a Santiago de Compostela como sede do Parlamento, da Xunta, do seu Presidente e das Consellerías.

Artigo 2. O Tribunal Superior de Xusticia terá a súa sede na cidade da Coruña.

Nas intervencións, Camilo Nogueira refíre que é a “única solución posible para Galicia; Bauista Álvarez afirma que “otra solución no es descentralización vertical sino horizontal. Si a Galicia soberana en Santiago”; González Martín -de UCD- di “la apoyamos porque no va en contra de La Coruña sino a favor de Galicia”; Rajoy declara a súa “satisfacción por la defensa de la transaccional”. Porén, González Dopeso acusa de que “se ha ido más alla del texto constitucional y estatutario al incluir a las Consellerías, cerrando todo paso a la futura descentralización”. Finalmente apróbbase esta fórmula con só dous votos en contra -González Mariñas e González Dopeso, pois o resto de coruñesistas ausentáranse-, enviándose ese mesmo día ao Presidente do Parlamento<sup>269</sup>.

## **6.2. Discusión e aprobación**

O Parlamento reúnese as once da mañá do día 23 de xuño no Pazo de Xelmírez para debater o ditame da Comisión especial do proxecto de Lei de Fixación das Sedes das

---

<sup>269</sup> APG, C-s.c., docs. 38-39, “Ditame emitido pola comisión” e “Remisión ao Presidente do Parlamento”.

Institucións Autonómicas, que, de acordo co mandato estatutario, había ser aprobada por alomenos dous terzos dos deputados. Non se levantou a sesión até as dúas e media da mañá da xornada seguinte -curiosamente, a noite de San Xoán- converténdoa, até o momento, na reunión parlamentaria máis longa da historia. A extensa xuntanza ficou recollida no Diario de Sesións<sup>270</sup>, con Rajoy Brey de secretario, polo que se intentará sintetizar as posturas e discursos emitidos na Cámara, nun momento en que xa se daba por feito que A Coruña “perdía” o preito que levaba décadas sen resolverse.

A primeira fase correspondeuse coa discusión sobre o ditame da Comisión<sup>271</sup>. Francisco Vázquez pediu a palabra para denunciar as “muchas irregularidades” que se cometeron na reunión da Comisión, acusando á Mesa de considerar decaída a emenda que presentara cando el a mantivera malia abandonar a reunión: “por lo que se ve por la actitud de la Mesa, lo que se intenta es evitar el tener que debatir aquí el hecho de que la Delegación General de Gobierno esté sita en la ciudad de La Coruña”. Pardo Montero, presidente da Comisión, defende a proposta porque Galicia “non se pode permiti-lo luxo dunha perpetua interinidade”; teima en que non se fala de *capitalidade* senón de *sede*, e dunhas sedes novas, non “das que puidera haber antonte ou hai moito tempo”; para a interpretación da Comisión *sede* “dá un sentido de concentración”.

O conselleiro de Economía, Otero Díaz, presenta, en nome da Xunta, o estudo técnico que serviu para avalar a primeira decisión de redacción do proxecto de Lei<sup>272</sup>. Aporta seis razóns para a escolla compostelá: a mínima distancia media entre administrados e sede; a mellor opción para un desenvolvemento urbano equilibrado; a mellor accesibilidade e comunicacións para os membros das institucións; o mínimo de custos sociais e o máximo de economías externas beneficiadas por esta fixación; o mínimo custo de transporte; e a solución preferente en canto o equilibrio da estrutura rural e urbana de Galicia. Advirte de que non quere que o debate deveña unha “guerra do Peloponeso, entre atenienses e espartanos”.

Deseguido, éntrase na fase de discusións das emendas<sup>273</sup>: a de Iglesias Corral, García Agudín, González Mariñas, a conxunta de González Dopeso e Eirís Cabeza, e a de Francisco

---

<sup>270</sup> DSPG, nº11, 23-VI-1982, pp. 418-539.

<sup>271</sup> Ibid, pp. 420-426.

<sup>272</sup> O devandito documento non aparece xunto co resto da documentación. Polas referencias que se fan ao longo desta sesión, nunha crítica tanto dos coruñesistas como dos que non, é que ese estudo lles foi entregado na véspera, cando sería máis útil dispoñer del dende o primeiro momento en que se publicou o proxecto.

<sup>273</sup> DSPG, nº11, 23-VI-1982, pp. 427-515.

Vázquez. En tódolos casos, uns e outros interviñan nas quendas a favor para apoiaren as teses coruñesistas.

Iglesias Corral afirmou que a Autonomía “con un desprecio de entrada para una ciudad se torna yugo”. Fala de que fora ponente no Estatuto do ano 1932 e que “vengo viviendo este problema casi desde que el mundo es mundo (...). Hube de examinar ese tema en la hospitalaria ciudad de Santiago (...) y conservo un recuerdo amable, no obstante haber defendido la posición que me incumbía como alcalde de La Coruña”. E finalizan acusando o conxunto do Parlamento, incluídos os do seu partido: “lo triste es que los votos de La Coruña son los que mueven el rodillo, porque, sin los votos de La Coruña no estarían ahí”.

García Agudín advirte de que “estades, estamos, a punto de cometer un erro de incalculables consecuencias”, e aínda que o “vello contencioso” se resolverse por un número de votos as pegadas habíanse sentir durante moito tempo. Pregúntase “como poido explicar eu ós electors da cidade da Coruña que non tedes, señoras e señores Deputados, sensibilidade política? Polo menos 300.000 galegos pensan que se está producindo un aldraxe á cidade da Coruña”. E remata dicindo: “como extrañarse que moitos que estiveron en contra da Autonomía hoxe estean a favor? Como non darse de conta de que moitos que estabamos a favor da Autonomía sempre hoxe esteamos en contra?”. En posteriores intervencións sostén non discutir “certo simbolismo na cidade de Santiago (...) nós decimos que o tema administrativo é reflexionar sobre o poder Executivo”. Fala de non crear unha cidade administrativa de nova planta ao Brasilia, unha “Santiaguilia”. Desenvólveo remitíndose unha función concreta que cumpre a urbe, a súa Universidade: “A cidade de Santiago é unha cidade monumental que todos queremos, que todos respetamos, onde todos pasámo-los mellores anos da nosa vida, pero ten unha vocación, un estilo”.

O último emendante dos coruñesistas de UCD foi González Mariñas. Do conxunto foi o que se amosou menos duro na súa oratoria e discurso, se ben non conseguiu mover ningunha das posicións que xa estaban fixadas: “Cualquier solución que plantee dilemáticamente esta opción (...) dejará siempre en el alma de los gallegos (...) una dolorosa oquedad por haber renunciado a lo otro. (...) Estoy clamando, señores Diputados, por una solución de concordia”.

En AP, Eirís aparece nun segundo plano, introducindo como novidade a respecto do resto o exemplo da falta de Universidades nunhas cidades do tamaño de Vigo e A Coruña,

“caso único do Estado”. Mais quen sostén o peso do ataque é González Dopeso, quen carga contra a prisa e celeridade do texto transaccional, que iría alén do proxecto da Xunta -non hai que esquecer que el forma parte dela- porque este abría a posibilidade de conservar, se non todas, algunha das consellerías na Coruña. Expón que a transaccional asínaa todo o espectro político da Cámara, o que demostra “la injusticia (...) que han cometido contra el Gobierno de Alianza Popular”. En definitiva, preténdese rebaixar por un lado a imaxe de división interna do partido e, pola outra e ao mesmo tempo, mostrar a polémica da Lei como unha cuestión non consubstancial ao goberno de AP, senón transversal e que vén de lonxe: “Desde la restauración de la monarquía y la democracia La Coruña ha sido olvidada, menospreciada y herida en sus sentimientos (...) entre otros están los de haber sido con absoluta legitimidad capital fáctica de Galicia”. E interpela directamente ao ex presidente Quiroga Suárez, pola súa “nefasta actuación al frente de la Preautonomía (...), no meta a la Xunta, cargue usted con su responsabilidad”.

No PSOE, e na posición coruñesista, o protagonismo carréao Francisco Vázquez, quen xa viña adoptando unha liña de ataque moi provocativa. Porén, á hora de defender as súas emendas, non recorreu a teses emocionais ou populistas; centrouse nunha exposición moi extensa e detallada -afirmou que ía aproveitar todo o tempo do mundo do que dispuxese aínda que tivese que repetir o mesmo- dos aspectos económicos de cada institución e infraestrutura da Autonomía e da cidade da Coruña. Se ben isto foi o que prevaleceu nesas longas horas, tamén acaprou os momentos que máis transcenderon na opinión pública e mesmo se fai constar na acta que varios deputados abandonaban a sala cando el interviña. Por exemplo, ao referirse á súa experiencia no proceso anterior, alude a Iglesias Corral: “usted mismo podría explicar a la Cámara con claridad las consecuencias funestas que la ausencia del diálogo o la ausencia del concierto trajo para este país. Y parece que hoy la voluntad de los Partidos y de muchos políticos es volver a repetir la historia”. O intre de maior tensión foi cando interrompeu a sesión logo de que un funcionario do Parlamento lle entregase un anónimo co seu nome e a mensaxe: “cúidate fascista asqueroso, y los niños”, que o presidente da Cámara remitiu á policía, sen que en ningures constase un desenvolvemento posterior da autoría.

As intervencións en contra das emendas coruñesistas foron moito máis breves e directas. Diéguez Vázquez acusou os parlamentarios coruñeses “de convertir o día de hoxe tamén nunha supertribuna mediática”. Propóñelles que fagan unha manifestación a prol da capitalidade coruñesa en Vigo ou Santiago, non só na Coruña, “non vaia ser que tamén haxa intereses persoais pola alcaldía da Coruña”. Tilda a súa actitude de “irresponsabilidade tremenda”, cargando contra a manifestación masiva que se celebrara dúas semanas antes: “tanto nós coma

os outros partidos podíamos saltar e facer unha manifestación monstro do resto de Galicia aquí en Santiago, en contra da Coruña. E, entón, a que nos levaría iso?”.

Camilo Nogueira afonda nesa liña de división dos galegos. Centra a súa crítica no localismo, sinónimo de “desgaleguización e a españolización, no sentido que ten esa palabra hoxe en día, de castelanización de Galicia”. Recórdalle a Iglesias Corral que “tódolos galeguistas sen excepción (...) de tódalas cidades de Galicia consideraron sempre a Santiago de Compostela como símbolo”.

Anxo Guerreiro sostén que o movemento coruñesista está “encabezado por sectores reaccionarios da cidade (...)”. Di falar como “veciño da Coruña e galego da Coruña” cando sostén que defender A Coruña “non é só lícito, senón que é unha obriga”, e que algúns Deputados que cren que o fan conseguen o contrario, pois, “gústelles ou non lles guste, hoxe a síntese maioritaria nacional do pobo galego é Santiago de Compostela”. Introduce un argumento non moi utilizado, e é que, segundo el, “Vigo e A Coruña están dispostas a renunciar a unha serie de cuestións porque saben que Santiago non vai privilexiar”. É dicir, que as dúas maiores cidades, xa dinámicas, non van estar ameazadas en ningún momento por Santiago, mesmo afirmando que “se non existise Santiago, a división, a segregación sería moito maior da que temos neste momento”. Remata coa súa caricaturización da postura coruñesista no novo sistema: “Eu non quero facer aquí discursos emocionais, porque non é o meu estilo, porque eu si quero unha autonomía do século XXI e non se fai iso nin en castelán nin con discursos do século XIX.”

Nos partidos dos emendantes tamén houbo intervencións en contra, aínda que máis veladas. Miras Portugal -de UCD-, ante a teimosía que impera na sesión, pídelles aos defensores da capitalidade da Coruña “que reconsideren a súa actitude; o máis importante é, dunha vez pra sempre, non ter unha patria itinerante; iso foi o que nos destragou sempre”. Ceferino Díaz, logo da votación, explica: “Acabamos de vota-la lei que fixa a sede das institucións políticas, autonómicas, e non acabamos de vota-la lei da capitalidade.

Porque, a votación final<sup>274</sup> sobre o proxecto deixou 60 votos a favor e oito en contra, que, por outra parte, viña sendo o mesmo número que se viñera dando ao longo desa sesión ao decidir sobre cada emenda. Os votos coruñesistas mantiveron sempre o seu mesmo sentido na elección, independentemente da forza política en que se inscribisen: Manuel Eirís Cabeza (AP),

---

<sup>274</sup> DSPG, nº11, 23-VI-1982, pp. 530-539.

Fernando García Agudín (UCD), Manuel Iglesias Corral (UCD), Manuel Morán Morán (AP), Antonio Olives Quintas (UCD), Francisco José Vázquez Vázquez (PSOE), José González Dopeso (AP) e Pablo González Mariñas (UCD).

O que imperou foron intervencións longas pero moi efectistas, pois se era consciente de que estaba presente moita prensa e que se estaba a retransmitir en directo, dada a expectación mediática que o preito xeraba. Deste xeito, os coruñesistas, aínda que xa daban o tema autonómico por perdido, intentáronse amosar coma os que loitaban até o derradeiro intre, sen que se lles puidese recriminar nada. Estiveran tan implicados no tema da capitalidade que non se podía entender calquera tipo de concesión ou retraemento. Ademais, non en poucos casos, as liortas cos seus compañeiros de partidos e a propia transcendencia que adquiriran pola súa posición facía difícil calquera alta aspiración política na nova Autonomía, polo que lles ficaba perfilarse no local, e por iso as interpelacións non se facían aos galegos no seu conxunto senón ao público de interese. Foi a esquerda nacionalista a que, como xa se viña dando, adoptou un papel máis crítico e incisivo, o que é lóxico se se ten en conta que foron os únicos partidos que non se viron afectados no seu seo, xa que neste tema existía unanimidade. Non tiñan, polo tanto, votos que perder, a diferenza do que sucedía cos tres partidos maioritarios que, chegados a ese punto, fixesen o que fixesen e dixesen o que dixesen ían perder apoios dun lado ou doutro. Por iso relegaron indirectamente a defensa da lei no nacionalismo e mantiveron un perfil baixo en todo o debate.

Así, o derradeiro discurso dáo Ramón Piñeiro que, se ben na candidatura socialista, facíao como galeguista independente e resume boa parte de toda a cuestión simbólica que sobrevoaba o conflito da capitalidade. Constata que a tradición galeguista “sempre identificou como centro de Galicia a Santiago de Compostela”, que para el é a cidade máis galega, xa non só porque se fale máis galego senón porque “non é dos habitantes de Santiago senón de tódolos galegos”, porque se une a tradición universitaria, onde cadran “milleiros de rapaces de Galicia, xeración tras xeración”, co vencello do campo: “Aquí pódese ir escoitar unha conferencia dun profesor da Sorbona, a Jacques Le Goff, por exemplo, e pódese ir á feira ve-los paisanos vendendo cabaliños de Barbanza”. Mais en esencia, dende a súa perspectiva, malia existiren uns elementos que condicionaron o ser nacional de Galicia, durante séculos padeceran “unha total desintegración, unha total desvertebración” porque carecía dunha política de seu o que daría lugar á “marxinación histórica, á súa atonía social, á súa desventura como destino colectivo”. A elección da capital -aínda que o que se discutía era a sede-, viña, para el, pór lle fin a este transcurso histórico para dar paso á reconstrución dese ser nacional a partir dun centro

e símbolo claro, pois “Galicia nunca tivo, elixida por ela, unha capital, política, porque non tivo política propia”.

### **6.3. Reacción coruñesista**

O ocorrido na Coruña en 1982 representou o cénit do preito da capitalidade. A mobilización sen precedentes -anteriores nin posteriores- sumou, agora xa si, a maioría da veciñanza da cidade, que non vía xa, como na etapa anterior, o tema como unha cuestión de política municipal para atacar un determinado partido. A experiencia vivida ese ano froito da publicación do proxecto de Lei de Sedes e, posteriormente, a súa aprobación, viría marcar durante décadas o panorama político da cidade e a propia relación e consideración desta co novo réxime autonómico galego.

#### **6.3.1. Actuación municipal**

O alcalde dende marzo de 1981 era o ucedista Joaquín López Menéndez. Víñase dun silencio oficial sobre o tema que duraba dous anos e rachouse en febreiro de 1982. Nun pleno sobre a aprobación do Plan Xeral Urbano<sup>275</sup>, César Pintos -BNPG- acusa AP e UCD de non contradicirse co seu coruñesismo ao propor un plan que daba pé á especulación. Daquela, preguntoulle a Quesada -CD- se era ao final AP a forza que ía acabar co equilibrio da cidade levando a capital a Santiago, ao que o aludido respondeu que no Parlamento AP non tiña maioría, nin moito menos dos terzos, pero que “nuestro partido no nos exige un vergonzoso silencio, y como concejales vamos a defender los intereses de La Coruña”. Ante a noticia de que a Xunta estaba preparando unha lei sobre a fixación das sés autonómicas, o alcalde convoca un pleno extraordinario o 2 de marzo<sup>276</sup> para determinar a estratexia a seguir, posto que o escenario era distinto ao de 1979; xa non se trataba dun proxecto, senón de algo inminente.

López Menéndez iníciou colocando o escudo da cidade coa Torre de Hércules ao lado, “una torre para dar luz, una torre para guiar a la navegación (..) un símbolo de lo que ha querido ser y es para Galicia”. Lese a moción municipal aprobada en maio de 1979 e remata o seu discurso cunha frase moi indicativa de cales eran os ánimos do momento: “Así pues, comiencen el Pleno y recuerden que todo por Galicia; pero, ante todo, coruñeses”.

---

<sup>275</sup> Acta 9-II-1982. AMC, C-3806, fol. 110.

<sup>276</sup> Acta 2-III-1982. AMC, C-3806, fols. 172-211.

César Pintos, do Bloque, pregúntalle a UCD e AP por que non aproban no Parlamento o acord de 1979, dado que suman a maioría necesaria. Subliña a “incoherencia dos dous partidos, que en Santiago, Vigo e Ourense din que a capitalidade é Santiago”. Ataca tamén a Dopeso, conselleiro de Xustiza, porque “xogou coa demagogia coruñesista, fue un consumado franquista y antigallega (...) y ahora, cómo no, se declara autonomista y *gallego como tú*”. Diríxese tamén ao PSOE e ás divisións no seu executivo; e ao PC e a UG por entraren no seu momento “al juego”, mentres se seguen a desatender os problemas realmente importantes. Remata reiterando que Santiago debe ser a sé porque é a opción que “en las circunstancias presentes, más puede fortalecer la conciencia nacional del pueblo gallego y servir de combate eficaz contra el localismo disgregador”.

Gonzálo Vázquez -de Esquerda Galega (logo da disolución de UG)- argumenta que o que moitos defenden é unha simple capitalidade administrativa “de pergamino, no ninguna que supongo, aquí o en otro sitio de Galicia, una que contribuya a crar las condiciones políticas que lleven a Galicia a ser realmente una nación soberana y solidaria con el resto del Estado español”. Afirmo que a cuestión da capitalidade é secundaria, que A Coruña seguiría sendo a primeira cidade de Galicia coma ocorre con Nova York nos Estados Unidos, e ratificouse no acordado en 1979

Para Antonio Remeseiro Rodríguez -PCG-, o pleno erixíase como “acto exculpatorio” do que puidese decidir no seu momento o Parlamento, e instaba UCD, AP e PSOE, que eran os que tiñan capacidade de facelo, de pór fin a “estériles y polémicas localistas”. E propón que as directivas galegas dos partidos manifesten a súa posición a respecto da sé das institucións e que, pola súa parte, o PCG defendería o mantemento das institucións e servizos xa existentes na cidade para “beneficio del pueblo gallego”.

O ex-alcalde Merino Mejuto -do PSG- defendeu o seu mandato, asegurando que el ofrecera locais para as consellerías pero que o partido da UCD non cumprira coa súa palabra. Amosouse pesimista que nada sairía do pleno porque estaban todos condicionados polos partidos políticos que -en referencia ao ocorrido en 1979- “juegan con los sentimientos de los coruñeses, y que en aquel momento dirigieron al pueblo contra el alcalde”.

Por AP, Quesada Zato quixo lembrar que o partido non tiña a maioría necesaria e defendeu o comportamento de González Dopeso, que sempre apoiara as mobilizacións coruñesistas, acusando ao antigo alcalde de non facelo. Por iso, aseguraba que o partido

mantiña a mesma liña co primeiro día “porque son coruñeses, y concejales del Ayuntamiento para servir a La Coruña”.

Campos Romay exemplificou a mudanza na postura do PSOE respecto a tres anos antes adoptando un discurso moi duro: “La Coruña se niega, herida en su galleguidad, a asistir a la instalación de sus Ministerios, ver sus Consellerías en pisos de vecindad, a ver salir sus despachos oficiales”. Rematou dicindo que “la capitalidad es algo sustantivo, connatural (...) no una improvisación, ni se obtienen esos valores por decreto o depredación, ni se pierden por regueifas obtusas o calumniadoras”. Esta intervención foi a máis soada de todo o pleno, xa que se lle atribuíron as palabras de que a capital non podía estar en Santiago porque esta era unha cidade “con tufo a sacristía”<sup>277</sup>, que aparece nas crónicas xornalísticas mentres que non se recolle na acta.

Rey Pichel, pola UCD, anunciou un estudo en curso a Pedro Arias, profesor de economía, que adiantaba que a Xunta e o Parlamento non deberían estar dispersos e que A Coruña concentraba a metade da administración galega. E acusou a AP de ter unha política de “desmantelamiento” da cidade. Tras esta intervención, sen embargo, a UCD vota a moción de CD, que acordaba que o Parlamento ficase en Santiago e a Xunta na Coruña.

A sorpresa foi maiúscula cando se publica o proxecto da Lei de Sedes un mes despois. Os portavoces municipais reuníronse e López Menéndez saíu ao balcón de María Pita para baixar a bandeira galega a media asta e ameazou con convocar un referendun para rachar coa Autonomía<sup>278</sup>; ata o propio PCG declarou que se trataba “de un atentado de un gobierno antiautonomista y un vano intento de enfrentar a Galicia con La Coruña”. Ese mesmo día publicouse un comunicado conxunto -agás do BNPG-:

El artículo único del proyecto de ley sobre las sedes de las instituciones autonómicas, presentado hoy públicamente por la Xunta, es una afrenta para la ciudad de La Coruña y, de prosperar, va a suponer un grave perjuicio para toda Galicia. Quienes se han precipitado en la elaboración de semejante propuesta, a espaldas del mínimo rigor y de la elemental cortesía, no han medido el alcance de este acto de desgobierno ni parecen ser conscientes del irreversible daño que están causando a la Autonomía gallega.

En nuestra ciudad ha ondeado siempre con dignidad la bandera de las libertades y del autogobierno de Galicia. Por eso será respetada y acatada la decisión última que adopte el Parlamento gallego, órgano soberano de la Autonomía. Pero al tiempo que anunciamos este acatamiento, demandamos encarecidamente que se medite y argumente, con serenidad y sin premeditaciones sectarias, una decisión que va a ser baremo del grado de madurez política de nuestros representantes.<sup>279</sup>

---

<sup>277</sup> LVG, 3-II-1982.

<sup>278</sup> LVG, 22-IV-1982, p. 40

<sup>279</sup> LVG, 22-IV-1982, p. 39.

Ademais, a Corporación anuncia que vai propor unha convocatoria ás entidades “económicas, culturais y sociales” da cidade para que se pronuncien sobre o tema da capitalidade e as sés, que se desenvolve o día 28 de abril. Asistiron máis de 300 representacións e acordouse a seguinte resolución:

El Ayuntamiento de La Coruña va a elaborar con la máxima urgencia una carta-documento que será entregada por una comisión municipal al presidente de la Xunta, al Gobierno gallego, al del Parlamento y a todos los grupos parlamentarios. Igualmente, esta comisión municipal se desplazará al resto de Galicia para explicar las razones de La Coruña en este contencioso sobre la ubicación de las sedes de las instituciones autonómicas.<sup>280</sup>

Moi probable é que neste contexto se lle envíe á Xunta o estudo de Pedro Arias ao que se fixera referencia no pleno de marzo, e que figura na documentación parlamentaria da Lei de Sedes. Nese traballo, de máis de 250 páxinas, o propio alcalde escribe un prólogo e se aborda polo miúdo unha comparativa das equipacións administrativas e de infraestruturas das distintas cidades, concluíndo que “La Coruña es la ciudad que mejores y más amplias condiciones reúne. La opción de Santiago de Compostela para estos cometidos cuenta con los graves inconvenientes de que la ciudad compostelana no posee la suficiente infraestructura administrativa para desempeñarla”<sup>281</sup>. Engade, ademais, unha emenda ao proxecto de lei que fixa a sé do Parlamento en Santiago, e a Xunta e as consellerías na Coruña.

O Concello convoca unha manifestación para o día 8 de xuño, formándose un comité organizador integrado por UCD, CD e PSOE -os tres partidos que a apoiaban-<sup>282</sup>. Nela, o alcalde pronuncia un discurso ante máis de 100.000 persoas que tamén se remitiu ao Parlamento, acompañado de fotografías da praza de María Pita, e en que defende que “nadie podrá mentir para la historia. Aquí no estamos ni veinte ni treinta. Aquí está la ciudad de La Coruña. Tranquila y enérgica. Civilmente movilizada en defensa de sus derechos. Nadie podrá levantar viejos fantasmas, porque esta ciudad es la primera en levantar las banderas de la libertad y de la autonomía”<sup>283</sup>. Uns días despois, porén, tanto o alcalde da Coruña como Castro Guerra, de Santiago, protagonizaron o que se denominou “aperta de Raxoi” durante a visita do

---

<sup>280</sup> LVG, 29-IV-1982, p. 43.

<sup>281</sup> APG, C-s.c., doc. 44. “Informe sobre a fixación das sedes das institucións autonómicas remitido polo Concello de A Coruña”, p. 220.

<sup>282</sup> LVG, 2-VI-1982.

<sup>283</sup> APG, C-s.c., doc. 45. “Transcripción do discurso da manifestación celebrada na cidade de A Coruña, o 08-06-1982”.

primeiro a Compostela, acordando que non se trataba dun enfrontamento entre as dúas cidades<sup>284</sup>.

A realidade é que neses meses non foi só a política municipal coruñesa a que se viu afectada, senón todo o panorama galego. As repercusións dun tema concreto e puntual xeraron enormes tensións dentro dos partidos galegos. Por poñer só uns exemplos significativos, na UCD, López Menéndez dimite do Comité Político Rexional, aducindo que:

Esto no es una fisura para los partidos políticos, sino una sima, e insalvable. El que crea que esto va a curar rápidamente, está equivoado. Es posible que se olvide fuera de La Coruña, pero aquí no ocurrirá eso tan fácilmente. (...) La actitud de los representantes de nuestro grupo parlamentario (...) no se corresponde, en absoluto, con los acuerdos previos ni con el sentir de amplios sectores del partido.<sup>285</sup>

En AP, González Dopeso dimite do seu cargo de Conselleiro de Xustiza un día despois da aprobación da lei porque “creo que no se ha valorado mi trabajo y ahora es el momento de demostrar que mi única ambición era servir a La Coruña sirviendo a Galicia”<sup>286</sup>. No PSOE, dimitira en maio Francisco Vázquez como secretario xeral do partido días despois do Comité que decidira a posición do mesmo ante a Lei de Sedes<sup>287</sup>.

### 6.3.2. Opinión pública e mobilización cidadá

O escenario de mobilización reaparece en 1982, logo da constitución do Parlamento. Amigos de La Coruña e IDC envían cartas ao Concello pedindo que se adianten en vista do que poida ocorrer para asegurar a capitalidade coruñesa. Iniciáronse unhas conversas co alcalde para convocar un novo acto multitudinario no Pazo dos Deportes, que finalmente non se produciu, aínda que si se accedeu á petición de, entre outras, Amigos, IDC, Asociación de Vecinos Marinada [do Ensanche] ou a Peña Taurina para a celebración dun pleno extraordinario en marzo, cuxa resolución, para IDC, non é aceptable, servindo só “para salir del paso”<sup>288</sup>.

Esta decisión si que sorprendeu moitos que até entón se amosaban indiferentes. Coidábase que, aínda renunciando aos máximos, moitas das consellerías que se estableceran

---

<sup>284</sup> LVG, 13-VI-1982.

<sup>285</sup> LVG, 8-VI-1982

<sup>286</sup> LVG, 26-VI-1982.

<sup>287</sup> LVG, 28-V-1982.

<sup>288</sup> LVG, 10-III-1982.

na etapa preautonómica na Coruña, como continuación das antigas delegacións estatais, serían mantidas e o asentamento da Xunta na cidade era algo aceptado polo espectro político. O certo é que ninguén agardaba esa decisión, e o sentimento de “aldraxe” estoupou na cidade, mobilizando sectores que até entón se mantiveran á marxe.

As asociacións de veciños emiten un comunicado afirmando que “hemos sido engañados, humillados y ofendidos (...) por AP, PSOE y UCD, quienes han mantenido posiciones totalmente distintas en Santiago y La Coruña”<sup>289</sup> e convocan unha asemblea extraordinaria para a semana seguinte. Acordan remitir un comunicado ao alcalde onde demandan que o Concello convoque a cidadanía nunha manifestación popular polos Cantóns e María Pita<sup>290</sup>, e nas vésperas do acto -que finalmente ten lugar o 8 de xuño-, adhírense practicamente tódalas asociacións, mesmo aquelas que durante o mandato nacionalistas e puxeran de lado do alcalde<sup>291</sup>. Colaboran con Amas de Casa e Amigos de La Coruña para editar nos seus locais 20.000 trípticos e 10.000 carteis explicativos e 7.000 bandas para os comercios.

Na Asemblea de forzas vivas que ten lugar no Concello a finais de maio, acoden máis de 200 representacións que coincidiron en respaldar por completo a acción municipal<sup>292</sup>. Con todo seguían existindo reticencias por parte das centrais sindicais, como CC.OO. que aclarou que:

En definitiva —añade— podremos tener capitalidad o consellería, pero no tendremos donde trabajar, con la absorción de Fenosa, 200 intentos de despido en Emesa, 200 regulaciones en Sidegasa, 48 despedidos en «Silvar Coruña» y otros tantos en «La Artística», además de las crisis de Emán, Urbilar, puerto y el sector pesquero. Creemos que estos temas no preocupan a esos políticos tan comprometidos con la capitalidad, que ven unos miles de votos fáciles más en el alero y van a por ellos<sup>293</sup>.

Prodúcense algúns actos violentos ou máis inusuais como o ataque ao local de IDC ou o peche no Pazo de María Pita de representantes desta organización e de varias asociacións veciñais<sup>294</sup>. Mais o que primou foi maiormente unha cobertura mediática exhaustiva e continua

---

<sup>289</sup> LVG, 23-IV-1982.

<sup>290</sup> LVG, 18-V-1982.

<sup>291</sup> LVG, 6-VI-1982. Asinan, entre outras, a da Cidade Vella, Gaiteira-Os Castros, San Pedro de Visma, Marineda, Atochas-Monte Outo ou das Flores.

<sup>292</sup> Na crónica da sesión (LVG, 29-V-1982) recóllense: “Prácticamente todos los partidos políticos y centrales sindicales, Fenosa, Junta de Obras del Puerto, Banco de España y demás entidades bancarias, colegios profesionales, Aprocons, centros de enseñanza, Amigos de La Coruña, Minusválidos, Asociación de Amigos de la Ópera, Casino de La Coruña, Follas Novas, Cántigas da Terra y otras agrupaciones folklóricas, la práctica totalidad de asociaciones vecinales, clubs de fútbol, federaciones deportivas, Amas de Casa, Club del Mar, El Eco, Hostelería, Confederación de Empresarios, Mujeres Conservadoras, Academia de Bellas Artes, Mujeres Empresarias, Peña Taurina, trabajadores de Autotaxis, Ateneo, Instituto Social de la Mujer, Gran Área Comercial Obelisco, Museo Provincial de Bellas Artes y una larga lista de representaciones”.

<sup>293</sup> LVG, 4-VI-1982.

<sup>294</sup> LVG, 25-V-1982.

por parte de LVG, con reportaxes e artigos de opinión a diario nun ton moi crítico que chega a pór en cuestión a lexitimidade da Autonomía. Así mesmo, Amas de Casa organizou varios actos de conferencias, charlas e debates cada semana, aos que acudían políticos coruñeses - destacando Francisco Vázquez-. Estes tiñan lugar no Circo de Artesáns, na Cámara de Comercio, pero tamén en locais de asociacións veciñais como a do Barrio das Flores.<sup>295</sup>

A mobilización para a manifestación do 8 de xuño foi total. O Concello informou que os comercios pecharían esa tarde; os mariñeiros farían soar as súas sereas e, nesas semanas previas, hai unha abundante cantidade de publicidade dende multitude de asociacións veciñais e entidades culturais, alén das políticas, chamando á mobilización<sup>296</sup>. A manifestación desbordou tódalas previsións con 100-150.000 asistentes, sendo até o día de hoxe a maior concentración da historia da cidade, superando o récord que tiña o recibimento de Casares Quiroga en 1931. Esta circunstancia provocou unha guerra de cifras entre *La Voz de Galicia* e outros xornais coruñeses como *El Ideal Gallego*, con outros como *El Faro de Vigo* ou *El Correo Gallego*, que as rebaixaban ata 50.000.

Ademais de todos os xa mencionados, participaron asociacións veciñais de Carral, Sada, Muros, Ferrol, Cerceda, Culleredo, Miño, Cambre, Carballo e Paderne. Os discursos foron ocupados na súa totalidade, a diferenza de 1979, polos representantes políticos -quen volveron inzar a bandeira que permanecía a media asta-, así como tamén as consignas e berros da multitude, sendo as máis repetidas “Fraga, dimite, La Coruña no te admite”, “Albor, cada vez lo haces peor” e “Somos la capital y nunca quisimos la catedral”<sup>297</sup>. As sensacións recollidas foron moi boas e realmente se pensaba que constituíra un golpe de efecto á hora de orientar o resultado da sesión do Parlamento de Galicia. Como se viu, non foi así, mais o fenómeno de paixón localista desatado ía marcar e asentar unhas tendencias que ficarían no novo réxime autonómico.

---

<sup>295</sup> LVG, 4-V-1982; 15-V-1982; 29-V-1982; 7-VI-1982.

<sup>296</sup> Publicanse numerosos manifestos de apoios das AA. VV. como as da Cidade Vella, San Pedro de Visma, Centro, Atochas-Monte Alto ou a Gaiteira-Os castros (LVG, 6 e 8-VI-1982).

<sup>297</sup> LVG, 9-VI-1982.

## 7. Conclusións

Polo seu tipo de asentamento no territorio, Galicia desenvolveu un poboamento disperso e continuo que non concentrou os seus efectivos demográficos nunha única gran cidade. Aínda que A Coruña, e ao longo do século XX tamén Vigo, destacase sobre o resto, non chegaba ao tamaño dunha metrópole de referencia. Na Coruña desenvolvérase unha elite económica e política republicana que supuña un microcosmos respecto do resto do país, mais non era quen de exercer a súa influencia alén dos seus límites. Deste xeito, os discursos e marcos desenvolvidos comportaban unha alta identidade localista e urbana -acorde co republicanismo-, que xa se manifestara en episodios en defensa dos seus intereses dende finais do XIX.

Isto non ocorreu co galeguismo, que malia ter moitos actores concentrados na urbe, nunca construíu un relato ou síntese que tivese como eixo nin A Coruña nin o urbano, en xeral. Neste senso, os referentes históricos e simbólicos orientábanse máis cara Compostela ca cara outra cidade máis asociada á modernidade. Por outra parte, A Coruña viña sendo a capital de facto, mais non de Galicia, senón do Estado en Galicia. En suma, algo que se aprecia en todo este percorrido é como a complexa xerarquía urbana galega dificulta que xurda un núcleo irradiador dunha organización e identidade política galeguista, a diferenza do que ocorre nos casos catalán, vasco ou doutras nacións con Estado.

Cando se ten oportunidade de concibir unha realidade política autónoma, esta cuestión agroma; débese pensar o país e débese dotalo dun centro oficial. A iniciativa autonomista da República é impulsada inicialmente polos sectores nacionalistas e republicanos coruñeses -que non coruñesistas, no primeiro caso-. A cuestión da capitalidade non semella ser un punto prioritario, pois a súa ausencia na maior parte dos proxectos invita a pensar que os non coruñesistas estaban a outras cousas e os coruñesistas asumían a capitalidade como feito incontestable e non contemplaban nin sequera a posibilidade de definila. Sen embargo, a iniciativa pasa a Santiago pola propia desidia das autoridades coruñesas á hora de promover o Estatuto, o que dá conta dunha falta de verdadeiro convencemento autonomista. De feito, certos sectores, como os radicais ou os radicais socialistas -co apoio da prensa-, só se involucran no Estatuto empregando a cuestión da capitalidade non xa como reivindicación localista, senón como escusa para desbotar un proxecto en que realmente non crían. De aí vén a intransixencia e de aí o movemento da prensa e elites locais que vían, por outro lado, o seu status en perigo.

Na Transición o contexto é distinto. Hai un recordo da República e, dende o primeiro momento, na Coruña existe unha oferta de colaboración oficial para estar presentes no novo réxime autonómico. Porén, a diferenza dos anos 30, ante os primeiros sinais que facían Santiago a sé de facto, o preito agroma. Que provocou esta situación de facto? Non se pode afirmar con rotundidade, os argumentos empregados repiten aqueles do primeiro preito -centro xeográfico, referente universal, cidade sen ambicións de hexemonía...- mais existe unha cuestión de fondo. En efecto, Compostela representaba para o galeguismo, que o recoñecía abertamente, o seu símbolo, a súa síntese. A Coruña, se ben propiciara importantes fitos no galeguismo histórico -tanto na fase rexionalista como no nacionalismo de anteguerra-, acentuou a súa percepción como capital do Estado español en Galicia, mais non de calquera Estado, senón do franquismo, con todo o que conlevaba. Nas crónicas e declaracións transloce o tópico de ficar desposuída da súa galeguidade ou, máis ben, de ser unha cidade, se non máis española, si menos galega.

De novo, reproducense as estratexias de defensa da cidade por parte da súa elite e dos seus intereses, os mesmos argumentos -aínda que agora non se reivindica o carácter republicano-. E é que tamén convén resaltar que o movemento pola capitalidade coruñesa nunca tivo unha natureza popular, senón unha base elitista. Non obstante, que este fose o xerme do movemento non quere dicir que non tivera ecos populares, como se evidenciou no 79 e, sobre todo, no 82. Nun principio, cando a autonomía aínda se albiscaba lonxe, as intencións políticas agochadas ían encamiñadas máis ben a atacar o novo goberno municipal democrático e tiñan un claro nesgo político e de extracción social; mais, cando se foi facendo máis patente no horizonte, o movemento arrastrou unha maioría da veciñanza a esta causa. A diferenza evidente é que o preito adquire unhas maiores dimensións porque a autonomía pode implementarse e, a diferenza da República, a capitalidade debía resolverse. En ámbolos dous casos serviu de instrumento para fins non directamente relacionados coa capitalidade. Porén, ese mesmo recordo fai que xa o primeiro grupo de traballo queira deixar o tema zanzado, pero a reacción que axiña lle segue fai que as redaccións sucesivas volten a esa indefinición.

Outra constante nos dous procesos é a actitude de Santiago. Non hai unha elite local como a coruñesa, e boa parte desta non é compostelá como tal, senón que se vencellan a institucións como a Universidade. Non se ten constancia dunha mobilización “compostelanista” nin sequera na República, cando os concellos levaban a iniciativa. Aínda que se defendese Santiago nunca se fixo declaración expresa de ambicións neste sentido. No segundo proceso, malia ser a virulencia aínda maior, o silencio acentuouse: quer polo xa

comentado, quer pola percepción de que non debían facer nada máis que agardar por un escenario tácito que os beneficiaba, non houbo nin un só pleno que tratase esta tema, nin unha manifestación ou concentración en relación ao asunto.

Na Coruña ocorreu todo o contrario, e as consecuencias deixáronse sentir por moito tempo. Na eleccións municipais de 1983 o protagonista foi o coruñesismo, entendido como un localismo non necesariamente antiautonomista pero que si que centraba as críticas no prexudicial que resultaba o “centralismo compostelán”. A cidade obtivo o récord de listas presentadas: concorreron tres partidos estritamente localistas: IDC, Acción Coruñesa e La Coruña Unida -o único con representación, cinco escanos-. As baixas porcentaxes destas opcións non significaban que non fose algo popular, senón que ese discurso permeara, como se viu durante as actas dos plenos, nos partidos locais, que puxeron de cabezas de lista e nos postos altos aquelas personalidades que destacaran pola súa defensa coruñesista: Paco Vázquez, González Dopeso, López Menéndez ou Begoña Bonet. O consistorio que saíu foi completamente coruñesista, cun cuarto de século de mandato do que se coñeceu como *vazquismo*. Pola contra, o nacionalismo e a esquerda que se mantiveran firmes no preito foron castigados e durante dúas décadas non obtiveron representación na cidade.

No século actual, a capitalidade de Santiago é algo asumido pola cidadanía, alén de excepcións minoritarias e sen moita repercusión no público xeral. O específico en si xa non se discute e, de feito, cando en 2002 o Parlamento aprobou unha lei que recoñecía, xa si, Santiago, non coma sede, senón coma capital de Galicia, non se xerou ningún eco. Con todo, as condicións que puxeran as bases para o preito, mencionadas ao comezo, ao igual que as dinámicas que nel se deron, seguen presentes hoxe. Isto fica patente nos debates cíclicos que se tiñan daquela e se seguen a dar en 2025: os servizos, as Universidades, os aeroportos, as infraestruturas ou a radicación de novas institucións ou axencias. Os localismos urbanos seguen vixentes, do mesmo xeito que os tópicos sobre as cidades: A Coruña como urbe burguesa, hostil ao galeguismo; e Santiago como centro galeguista cun protagonismo da Xunta e a administración autonómica. O preito da capitalidade, en definitiva, foi a plasmación política e simbólica da ocupación de seu do territorio e o desenvolvemento urbano en Galicia nos últimos séculos, do percorrido complexo e multipolar do propio galeguismo. Co paso do tempo, dous dos seus protagonistas -Francisco Vázquez e Fernández Albor- facían memoria do sucedido de xeito distinto:

La ciudad estaba, por así decirlo, derrotada. Yo les generé ilusión a los coruñeses (...) con un proyecto propio. Eso unió a coruñeses de izquierda, derecha y centro, de todos los barrios. Fue un fenómeno importante hasta el punto de que hoy, que llevamos más de 40 años de democracia municipal, con once elecciones (...) no es que se haya alcanzado, es que ni siquiera se ha igualado el récord que yo mantengo, que son seis mayorías absolutas consecutivas.

Fue una afrenta histórica a la ciudad (...) y fue en base a una concepción teórica del nacionalismo gallego que identificaba Galicia con una serie de valores que representaba la ciudad de Santiago. (...) La manifestación fue espectacular, el ciudadano tomó conciencia de ello y en las siguientes elecciones triunfó lo que yo llamo el *coruñesismo*. Los demás partidos quedaron barridos. Y curiosamente el nacionalismo quedó barrido para muchos años y muchas convocatorias. La ciudad no lo perdonó.<sup>298</sup>

—

Así como D. Salvador de Madariaga soñaba cunha Europa “onde os ingleses digan: a miña Cracovia; os italianos: o meu Copenhague; os españois: o noso Chartes”. Eu espero escoitar os da Coruña: o meu Vigo; a un vigués: a miña Coruña; a un ourensán: o meu Lugo. Recordo a D. Ramón Otero Pedrayo cando dicía: “Santiago somos todos nós”.<sup>299</sup>

---

<sup>298</sup> Programa *Galegos*, episodio 63 (2024). Disponible en <https://www.agalega.gal/videos/detail/183832-galegos-francisco-vazquez>

<sup>299</sup> LVG, 10-IV-2001.

## Fontes bibliográficas e hemerográficas

- Alfeirán Rodríguez, X. e Romero Masiá, A. (2001): *Republicanism coruñés. Aproximación histórica e selección documental. 1868-1936*. A Coruña: Concello da Coruña.
- Ares Botana, Óscar (2001): “Santiago Casares Quiroga: Las claves del ascenso al poder local (1884-1829)”, en Grandío Seoane, E. e Rodero, J. (coords.): *Santiago Casares Quiroga: la forja de un líder*. Madrid: Eneida, pp. 27-70.
- Beramendi, J. e Núñez Seixas, X. M. (1995): *O Nacionalismo galego*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.
- Beramendi, J. (2001): “Republicanism coruñés e galeguismo” en Concello da Coruña: *El republicanism coruñés en la historia*. A Coruña: Concello da Coruña, pp. 185-190.
- Beramendi, J. (2007). *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Xerais.
- Blanco Valdés, R. (2021). “A construción política da autonomía galega” en Villares, Ramón: *Un balance da Galicia autonómica*. Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia.
- Bozzo, A. (1976): *Los partidos políticos y la autonomía en Galicia, 1931-1936*. Madrid: Akal.
- Cabo Villaverde, M. (2001): “Republicanism coruñés e agrarismo” en Concello da Coruña: *El republicanism coruñés en la historia*. A Coruña: Concello da Coruña.
- Castro, X. (1985): *O galeguismo na encrucillada republicana*. Ourense: Deputación Provincial.
- Concello da Coruña (2001): *El republicanism coruñés en la historia*. A Coruña: Concello da Coruña.
- Cores Trasmonte, B. (1981). *La sociedad incompleta: el drama de la capitalidad en Galicia*. Sada: Edicións do Castro.

- Cores Trasmonte, B. (1998). *O Estatuto de Autonomía de Galicia (1932-1936). Os documentos oficiais*. Santiago de Compostela: FOESGA
- Cores Trasmonte, B. (2001): *O Estatuto de Autonomía de Galicia. Documentación oficial (1977-1981)*. Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia.
- Díaz Díaz, C. (2007). *A esforzada conquista da autonomía, 1979-1981*. Vigo: Galaxia.
- Docampo, P.; Losada, A.; Ventureira, R. (2016): *50 años de historia. Asociación Provincial de Amas de Casa, Consumidores y Usuarios de A Coruña*. A Coruña: APACUCAC.
- Fernández-Miranda, J. (2010): *El Estado de las Autonomías y la consagración de la sede de las instituciones autonómicas. Significado y régimen jurídico*. Pamplona: Aranzadi.
- Fortes Bouzán, X. (coord.): 1936. *O Estatuto Esquecido*. Brión: Guiverny.
- Grandío Seoane, E. (2001): “O republicanismo coruñés na II República. O Poder local e urnas”, en Concello da Coruña: *El republicanismo coruñés en la historia*. A Coruña: Concello da Coruña.
- Grandío Seoane, E. (2011): “El casarismo: de la ORGA a Izquierda Republicana”, en Grandío Seoane, E. e Roderó, J. (coords.): *Santiago Casares Quiroga: la forja de un líder*. Madrid: Eneida, pp. 71-86.
- Meilán Gil, J. L. (1980): *El Estatuto gallego. Por fin unha terra nosa*. Madrid: Latina.
- Meilán, José L. (2002). *La construcción del Estado de las Autonomías. Un testimonio personal*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia.
- Museo do Pobo Galego (2000): *Proxecto de Constitución para o futuro Estado galego*. Santiago de Compostela: MPG.

Núñez Seixas, X. M. (2006): “Las paradojas de la cuestión gallega durante la Segunda República”, en Egido León, A. (coord.) *Memoria de la Segunda República: mito y realidad*. Madrid: CIERE, pp. 333-362.

Pereira Martínez, C. (1997): “A oposición ó Estatuto de Autonomía de Galicia na Coruña da Segunda República”, en *Anuario Brigantino*, nº 20, pp. 149-192.

Ucelay-Da Cal, E. (2001): “Llegar a capital: Rango urbano, rivalidades interurbanas y la imaginación nacionalista en la España del siglo XX”, en Morales Moya, A. (coord.): *Las claves de la España del siglo XX, vol. 4: Ideologías y movimientos políticos*. Madrid: España Nuevo Milenio, pp. 221-264.

Reimóndez Portela, M. (1979): *O Estatuto dos 16*. Vigo: Galaxia.

Vilas Nogueira, X. (1977): *O Estatuto galego*. A Coruña: Edicións do Ruedo.

Villares, R. (2021): *Os tempos son chegados. Un balance da Galicia autonómica*. Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia.

Viveiro Mogo, P. (2007): *O Estatuto galego durante a II República*. Sada: Edicións do Castro.

### **Fontes hemerográficas**

*A Nosa Terra* [Galiciana].

*El Recreo Compostelano* [Galiciana].

*La Patria Gallega* [Galiciana].

*La Voz de Galicia*

## Fontes de arquivo

### **Arquivo Histórico Universitario. Arquivo Municipal de Santiago.**

AHUS-AMS 2384, pp. 53-55. Acta 11-V-1931.

AHUS-AMS 2384, pp. 107-108. Acta 1-VI-1931.

AHUS-AMS 2384, pp. 110-111. Acta 8-VI-1931.

AHUS-AMS 2384, pp. 203-204. Acta 20-VII-1931.

AHUS-AMS 2384, pp. 257-259. Acta 19-VIII-1931.

AHUS-AMS 2384, pp. 286-287. Acta 26-VIII-1931.

AHUS-AMS 2385, fols. 40-41. Acta 27-IV-1932.

AHUS-AMS 2385, fol. 43. Acta 4-V-1932.

AHUS-AMS 2385, fols. 79-80. Acta 6-VII-1932.

AHUS-AMS 2385, fols. 141-142. Acta 26-X-1932.

AHUS-AMS 2385, fol. 151. Acta 23-XI-1932.

AHUS-AMS 2385, fols. 153-155. Acta 30-XI-1932

AHUS-AMS 2385, fols. 168-169. Acta 14-XII-1932.

AHUS-AMS 2385, fols. 170-171. Acta 21-XII-1932.

AHUS-AMS-2385, fol. 41. Acta 27-XII-1933.

AHUS-AMS 2387, pp. 308-309. Acta 23-IV-1936.

AHUS-AMS 2387, pp. 332-333. Acta 14-V-1936.

AHUS-AMS 2387, p. 364. Acta 25-VI-1936.

### **Arquivo Municipal da Coruña**

AMC, C-159, fol. 240. Acta 4-XI-1931.

AMC, C-158, fol. 341. Acta 10-VI-1931

AMC, C-159, fol. 220. Acta 28-X-1931.

AMC, C-160, fol. 312. Acta 8-VI-1932.

AMC, C-161, fols. 41-42. Acta 30-XI-1932.

AMC, C-161, fols. 57-58. Acta 14-XII-1932.

AMC, C-161, fols. 75-76. Acta 21-XII-1932.

AMC, C-161, fols. 119-122. Acta 18-I-1933.

AMC, C-161, fol. 132. Acta 25-I-1933.

AMC, C-161, fol. 347. Acta 12-VII-1933.

AMC, C-161, fol. 372. Acta 26-VII-1933.  
AMC, C-161, fol. 373. Acta 2-VIII-1933.  
AMC, C-166, fols. 53-55. Acta 22-IV-1936.  
AMC, C-166, fol. 59. Acta 29-IV-1936.  
AMC, C-166, fol. 152. Acta 24-VI-1936.  
AMC, C-3800, fol. 232. Acta 19-VII-1977.  
AMC, C-3800, fol. 30. Acta 15-XII-1977.  
AMC, C-3800, fol. 88. Acta 15-III-1978.  
AMC, C-3800, fols. 101-103. Acta 17-IV-1978.  
AMC, C-3800, fol. 219. Acta 15-IX-1978.  
AMC, C-3800, fol. 200. Acta 8-VIII-1978.  
AMC, C-3800, fol. 226. Acta 15-IX-1978.  
AMC, C-3801, fols. 73. Acta 8-I-1979.  
AMC, C-3801, fols. 140-146. Acta 19-IV-1979.  
AMC, C-3801, fols. 158-186. Acta 9-V-1979.  
AMC, C-3801, fols. 187. Acta 21-V-1979.  
AMC, AC-3801, fols. 141-167. Acta 22-X-1979.  
AMC, C-3801, fols. 193-208. Acta 22-XI-1979.  
AMC, C-3801, fols. 233-234. Acta 6-XII-1979.  
AMC, C-3806, fol. 110. Acta 9-II-1982.  
AMC, C-3806, fols. 172-211. Acta 2-III-1982.  
AMC, C-2618/2. Manifiesto “La Coruña, capital de Galicia”. (25-XI-1932).  
AMC, C-2618/38. Manifiesto “El escandaloso amaño de la Asamblea de Santiago”. (XII-1932).  
AMC, C-2618/77. Bando do alcalde a Galicia (7-VI-1936).  
AMC, Biblioteca Auxiliar 801 (R. 1301): *Estudio histórico sobre la Capitalidad de Galicia*.

### **Arquivo do Museo do Pobo Galego. Fondo Manuel Beiras.**

AMPG-FMB, C-24. “La Liga Compostelana Pro Estatuto al Pueblo de Santiago” (6-I-1933).

### **Arquivo do Parlamento de Galicia**

APG, C-01/PL-0001, doc. 2., Rexistro Xeral de Entrada da Lei de Sedes (RE) nº 279.

APG, s.c., doc. 1. “Acta Reunión de representantes de los Partidos extraparlamentarios, instituciones y estamentos que han enviado aportaciones para la elaboración del Anteproyecto de Estatuto de Autonomía de Galicia”. (26-XII-1978)

APG, C-s.c., doc. 2. “Actas do grupo de traballo para a redacción do Estatuto de Galicia”.

APG, C-s.c., doc.3. “Anteproxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia. 7 de abril do 1979. Elaborado pola Comisión dos Dezaseis”.

APG, C-s.c., doc. 4. “Actas Asamblea de Parlamentarios de Galicia”.

APG, C-s.c., doc.5. “Informe de modificacións efectuadas pola Ponencia da Asamblea de Parlamentarios ao anteproxecto de Estatuto de Autonomía elaborado pola Comisión dos Dezaseis”.

APG, C-s.c., doc. 9. “Estatuto de Galicia. Motivos de desacuerdo y consideraciones. Congreso de los Diputados.”

APG, C-s.c., doc. 11. “Diario de sesiones del Congreso de los Diputados. Comisión Consitucional (20 e 21-XI-1979)”.

APG, C-s.c., doc. 13, “Emenda Grupo Mixto. (RE 363)”.

APG, C-s.c., doc. 14, “Emenda Grupo Mixto. (RE 365)”.

APG, C-s.c., doc. 15, “Emenda Grupo Mixto. (RE 366)”.

APG, C-s.c., doc. 16, “Emenda Grupo Mixto. (RE 363)”.

APG, C-s.c., doc. 17, “Emenda Grupo Mixto. (RE 363)”.

APG, C-s.c., doc. 19, “Emenda Grupo dos Socialistas de Galicia. (RE 370)”.

APG, C-s.c., doc. 20, “Emenda Grupo dos Socialistas de Galicia. (RE 371)”.

APG, C-s.c., doc. 21, “Emenda Grupo dos Socialistas de Galicia. (RE 372)”.

APG, C-s.c., doc. 22, “Emenda Grupo Alianza Popular. (RE 369)”.

APG, C-s.c., doc. 23, “Emenda. Grupo Centrista de Galicia-UCD (RE 373)”.

APG, C-s.c., doc. 24, “Emenda. Grupo Centrista de Galicia-UCD (RE 374)”.

APG, C-s.c., doc. 25-26, “Emenda Grupo Centrista de Galicia-UCD (RE 375-376)”.

APG, C-s.c., doc. 27, “Emenda Grupo Centrista de Galicia-UCD (RE 378)”.

APG, C-s.c., doc. 28, “Emenda Grupo Centrista de Galicia-UCD (RE 379)”.

APG, C-s.c., doc. 29, “Emenda Grupo Centrista de Galicia-UCD (RE 380)”.

APG, C-s.c., doc. 36, “Notas manuscritas da reunión da Comisión. Cuestións abordadas”.

APG, C-s.c., doc. 37, “Acta de la sesión celebrada por la Comisión especial para dictaminar el Proyecto de Ley de fijación de la sede de las instituciones autonómica”.

APG, C-s.c., docs. 38, “Ditame emitido pola comisión”.

APG, C-s.c., docs. 38-39, “Remisión ao Presidente do Parlamento”.

APG, C-s.c., doc. 44. “Informe sobre a fixación das sedes das institucións autonómicas remitido polo Concello de A Coruña”.

APG, C-s.c., doc. 45. “Transcrición do discurso da manifestación celebrada na cidade de A Coruña, o 08-06-1982”.

### **Boletín Oficiais das Cortes Xerais**

BOCG, nº10-II. Ditame Comisión Constitucional (14-XII-1979).

### **Boletín Oficial do Parlamento de Galicia**

BOPG nº 8, 6-V-1982. Prazo para a presentación de emendas.

BOPG, nº13, 1-VI-1982, pp. 2-3. Representantes dos partidos na Comisión especial.

BOPG nº13, 1-VI-1982, p. 4. Emendas dos partidos ao proxecto de Lei de Sedes.

### **Boletín Oficial da Xunta de Galicia**

BOXG, nº0, nadal 1978, p. 3. Primeira reunión e Regramento da Asemblea de Parlamentarios de Galicia.

BOXG, nº0, nadal 1978, p. 8. Decreto-Lei de concesión da Preautonomía.

BOXG, nº0, nadal 1978, pp. 10-12. Acto de constitución da Xunta no Pazo de Xelmírez.

BOXG, nº1, xaneiro 1979, pp. 2-6. Regramento de Réxime Interno da Xunta.

BOXG, nº 1, xaneiro 1979, pp. 23-24. Chamamento da Xunta á aportación de bases para o Estatuto.

BOXG nº 3, marzal 1979, pp. 14-15. Traslado de achegas a eventual Comisión de traballo.

BOXG, nº 3, marzal 1979, p. 15. Custos do acondicionamento do Pazo de Raxoi.

BOXG, nº24, outubro 1981, Estatuto de Galicia.

BOXG, número extraordinario, xullo 1979. “Proxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia. Aprobado pola Asemblea de Parlamentarios de Galicia, en sesión celebrada o día 25 de xunio de 1979”

### **Diario de Sesións do Parlamento de Galicia**

DSPG, nº11, 23-VI-1982, pp. 418-539. Discusión e aprobación da Lei de Sedes.

**Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento. Fondo Estatuto.**

IEGPS-EST, C.1/8/5. Acta da reunión 31-VII-1932 da Comisión redactora.

IEGPS-EST, C-1/11. Notas das reunións da Comisión redactora.

IEGPS-EST, C-1/13. Acta da Asemblea preparatoria 3-VII-1932.

IEGPS-EST, C-1/19/88. Regulamento da Asemblea de Municipios. // Ditame da Comisión redactora.

IEGPS-EST, C-2/20/1. Emendas ao artigo 1.

IEGPS-EST, C-2/20/16. Emendas ao artigo 2.

IEGPS-EST, C-2/20/355. Emendas ao artigo 32.

IEGPS-EST, C-2/20/373. Emendas ao artigo 34.

IEGPS-EST, C-2/24/1. Borrador reunión da Comisión redactora.

IEGPS-EST, C-2/25/14. Carta de Iglesias Corral a López Pol (5-X-1932).

IEGPS-EST, C-3/29. Acta das sesións da Asemblea de Municipios (secretaría da Presidencia)

IEGPS-EST, C-6/45. Proxecto Labor Galega.

IEGPS-EST, C-8/50. Acta notarial das sesións da Asemblea de Municipios.

IEGPS-EST, C-8/50/49. Carta de chamamento dos alcaldes das principais cidades galegas ao resto de concellos para que acudan á Asemblea de Municipios de Galicia de decembro de 1932 (1-XI-1932).

IEGPS-EST, C-8/50/51. Carta de Eladio Rodríguez a Enrique Rajoy (15-XII-1932).

IEGPS-EST, C-8/50/64. Anteproxecto da Comisión redactora.

IEGPS-EST, C-8/50/98. Proyecto de Bases do Instituto de Estudios Gallegos.

IEGPS-EST, C-8/50/117. Listaxe de emendas ao Anteproxecto.

IEGPS-EST, C-8/51/1. Acta de Constitución da Comisión redactora.

IEGPS-EST, C-8/52/9. Bases para un proxecto de Estatuto gallego. Secretariado de Galicia en Madrid.

IEGPS-EST, C-8/53/22. carta de do Comité Central a A. Villar Ponte (29-I-1933).

IEGPS-EST, C-8/54/13. Carta de convocatoria da Comisión organizadora aos concellos.

EGPS-EST, C-8/54/34. Comunicado da convocatoria da Asemblea preparatoria, de Enrique Rajoy.

IEGPS-EST, C-8/55/10. Carta da librería Zincke Hermanos á Comisión organizadora (XII-1932).

IEGPS-EST, C-9/57/7. Comunicado do concello de Ortigueira.

IEGPS-EST, C-9/59/55. Comunicado do concello de Miño.